

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excm. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 21 de DECEMBRO de 2012**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que terá lugar o venres, 21 de decembro de 2012, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 11/12, do 23 de novembro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 18.901 á nº 20.400, de 2012.

Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade e Normalización Lingüística

3.-Aprobación da modificación e texto do convenio coa entidade Amigos de Galicia para financiar a dotación de persoal técnico para o Plan de cobertura de necesidades básicas de persoas sen recursos nos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia da Coruña.

4.-Aprobación da subvención e formalización de convenio coa entidade CAPACEE para a adaptación dun local no Concello de Cee para un servizo de elaboración e repartición de comida a persoas en situación de necesidade.

5.-Aprobación da subvención e formalización de convenio co Concello de Carballo para o financiamento da posta en marcha de novos proxectos de servizos sociais 2011/2012.

Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade

6.-Aprobación do convenio coa Asociación “Galicia Milenio. Foro de pensamento e opinión” para financiar a actividade “Ciclo 30 anos de autonomía”.

7.-Aprobación do convenio coa Fundación Alfredo Brañas para financiar o programa de Actividades *culturais* 2012.

8.-Aprobación do convenio co Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) para financiar o Programa de educación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural e cultural no ano 2012.

9.-Aprobación do convenio coa Universidade Internacional Menéndez Pelayo para financiar os cursos de verán na sede da Coruña, ano 2012.

10.-Aprobación do convenio coa Federación Galega de Bandas de Música Populares para financiar o IV Campus musical 2012.

11.-Aprobación do convenio co Concello de Santiago de Compostela para financiar o Programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural no ano 2012.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

12.-Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Fisterra para financiar as obras de mellora do pavimento e ampliación da sección do vial de Sardiñeiro de Abaixo a Suarriba.

13.-Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Dodro para financiar as obras de camiño interior Devesa-Camiño da Chisca e outros.

14.-Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Boqueixón para financiar as obras de camiño cruzamento Lareo-Loureiro-Igrexa (Pousada) e outros.

15.-Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Ribeira para financiar as obras de apertura dun tramo da rúa Cristobal Colón.

16.-Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello da Pobra do Caramiñal para financiar as obras de instalación de rede de sumidoiros na travesía Luís Seoane.

17.-Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Santa Comba para financiar as obras de abastecemento de auga a Frieiro, Estévez e Traba.

18.-Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello da Baña para financiar as obras de saneamento en Vesía.

19.-Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Cabanas para financiar as obras de mellora de estradas e seguridade viaria.

20.-Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Lousame para financiar as obras de campo de fútbol 11 de céspede artificial.

21.- Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Irixoa para financiar as obras de mellora do campo polideportivo de Ambroa.

22.- Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Negreira para financiar a subministración dun tractor agrícola con cortadora lateral.

23.- Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Touro para financiar un camión recolector-compactador de lixo para o servizo de residuos sólidos urbanos.

24.- Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Oza dos Ríos para financiar as obras de formación de beirarrúas en Cines, Concello de Oza dos Ríos.

25.- Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Oza dos Ríos para financiar as obras de formación de beirarrúas en Callobre, Concello de Oza dos Ríos.

26.- Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Malpica de Bergantiños para financiar o proxecto XXIX Mostra da Oleiría de Buño.

27.- Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello da Laracha para financiar as obras de ampliación de vestiarios e adecuación da bancada no campo de fútbol de Paiosaco.

28.- Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Ares para financiar a homenaxe aos veciños presos en Mauthausen (adquisición de monumento “Escaleira á Liberdade”).

29.- Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Ares para financiar a adquisición dos terreos necesarios para a ampliación do CPI Conde de Fenosa en Ares.

30.- Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Sada para financiar as obras de urbanización e acondicionamento na contorna da zona deportiva da Agra de Samoedo.

31.- Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Sada para financiar as obras de instalación de pluviais e substitución da tubaxe de distribución de auga no camiño de Fiunchedo.

32.- Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Miño para financiar as obras de acondicionamento da contorna do campo de fútbol de Gallamonde.

33.- Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Coirós para financiar as obras de mellora de praza pública, Coirós de Arriba.

34.- Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Fogar Galego para anciáns de Bos Aires para o financiamento dos gastos de funcionamento do seu Fogar de Acollida.

35.- Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e a Escola universitaria de turismo do Centro Español de Nuevas Profesiones para promover a realización de prácticas de estudo dos alumnos da devandita escola nas dependencias da Deputación Provincial da Coruña.

36.- Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e a Asociación de Familiares de enfermos de Alzheimer (AFACO) para a adquisición dun vehículo adaptado.

37.- Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e a Asociación socio-cultural minusválidos Ferrol (ASCM) para a adquisición dun vehículo adaptado.

Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo

38.-Aprobación da 5ª fase da anualidade 2012 do Programa de modernización dos mercados locais (Rois) dentro do Plan director de comercio para as Comarcas do Barbanza, Muros-Noia e O Sar (GDR 25)

39.-Aprobación do convenio da Asociación de Empresarios de Hostalería de Ferrol e Comarca para financiar o proxecto “Mantemento dunha oficina de xestión”.

40.-Aprobación da 6ª fase da anualidade 2012 do Programa de modernización dos mercados locais (Padrón e Noia) dentro do Plan director de comercio para as comarcas do Barbanza, Muros-Noia e O Sar (GDR 25).

41.-Aprobación do convenio entre a Deputación e a Asociación Profesional do Sector Turístico da Costa da Morte para financiar as actividades da Costa da Morte “Información, comercialización e difusión”.

42.-Aprobación do convenio entre a Deputación e a Asociación de Empresarios da comarca de Soneira para financiar a reforma da planta baixa e adecuación da planta primeira para centro da Asociación de Empresarios.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

43.-Aprobación da modificación das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013.

44.-Aprobación da 3ª fase da anualidade 2012 do Plan DTC 94: unha Deputación para todos os concellos.

Comisión de Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais

45.-Aprobación técnica dos proxectos que integrarán o Plan de vías provinciais que se detalla e solicitude á Xunta de Galicia da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras: Mellora de intersección na DP 3612 Aneiros a Cabana PK 1+150 (Ferrol).

46.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2012, 5ª fase, que se detalla: mellora de seguridade viaria DP 5812 Santa Cruz PK 3+000 a 4+500 (Sada e Oleiros); traballos de poda de arboredo na DP 1702 de Cambre á Rocha (Cambre); mellora da capa de rodaxe na DP 6121 Mera a Cariño do PK 0+000 a 2+380 (Ortigueira); mellora da sinalización vertical nas estradas do grupo 16: Arteixo, A Coruña e Culleredo; mellora da sinalización vertical nas estradas do grupo 17: Carballo, Cerceda e A Laracha; construción de muro de contención de noiro na DP 0201 Tapia a Pontemaceira por Lens (Ames); mellora da sinalización vertical nas estradas do grupo 21 e 22: Ames, A Baña, Negreira, Val do Dubra, Ordes, Santiago, Tordoia e Trazo.

47.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2012, 3ª fase, que se detalla: mellora da seguridade viaria, senda peonil na DP 3404 Serra de Outes a Dumbria PK 17+140 a 18+360 (Mazaricos); Mellora da seguridade viaria senda peonil na DP 2303 Os Muíños ao KM 91 da AC 552 PK 11+100 ao PK 11+540 (Cee); mellora de seguridade viaria DP 1704 Cambre a Carral PK 5+120 a 5+940 (Cambre).

48.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2012, 2ª fase, que se detalla: mellora da seguridade viaria senda peonil na DP 7702 Santa Catalina a Esmorde PK 0+000 a 1+030 (Santa Comba).

49.-Aprobación do proxecto reformado de senda peonil en Présaras na estrada 3205, Vilasantar. Código da obra 1111700001.0 (código do proxecto reformado 1111700001.1).

50.-Ratificación da Resolución de Presidencia nº 20460 do 30 de novembro de 2012 de aprobación da addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Axencia Galega de Infraestruturas (Xunta de Galicia) para levar a cabo de acondicionamento da conexión das estradas AC-552, A-551 e DP-0509 e aprobación da mutación demanial subxectiva de terreos propiedade da Deputación situados na vía provincial DP-0509, necesarios para a construción dunha glorieta no Polígono de Sabón para a súa cesión á Xunta de Galicia.

51.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2012, 6ª fase, que se detalla: Reparación e reforzo de estrada DP 0402 Ares Chanteiro (Ares).

Comisión de Persoal e Réxime Interior

52.-Desestimación das alegacións contra a relación de postos de traballo ano 2013 e aprobación definitiva do cadro de persoal e relación de postos de traballo para o 2013.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

53.-Aceptación da ampliación da delegación de competencias tributarias do Concello de Betanzos relacionadas coa xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial constituídos no solo, subsolo e voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral.

54.-Aceptación da ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Zas en materia de recadación voluntaria e executiva das sancións de tráfico.

55.-Aceptación da ampliación da delegación de competencias en materia tributaria do Concello de Cariño, xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM) ou imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro.

56.-Informe correspondente ao terceiro trimestre de 2012 do cumprimento pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) do artigo catro da Lei 15/2010 do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, de loita contra a morosidade das operacións comerciais.

57.-Informe final e resumo das actuacións na execución do Plan de control financeiro das subvencións pagadas no exercicio 2010 e proposta de Plan de control financeiro para as subvencións pagadas no exercicio 2011.

58.-Proposta de ratificación da Resolución da Presidencia nº 21.041 do 12.12.12 sobre a paga extraordinaria de decembro de 2012.

ACTUACION DE CONTROL

MOCIÓNS:

-Moción do Grupo provincial socialista sobre a comarcalización do Servizo de prevención e extinción de incendios e salvamento.

-Moción do Grupo provincial socialista sobre o Parador de Turismo de Ferrol.

-Moción do Grupo provincial do BNG sobre a posta en marcha dun parque comarcal de bombeiros para Ferrolterra.

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 21 DE DECEMBRO DE 2012

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 21 de decembro de 2012, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON DIEGO CALVO POUSO PP

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

DON SANTIAGO VICENTE AMOR BARREIRO	PP
DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
DON ANTONIO CAÑÁS VARELA	PP
DON JACOBO FERNÁNDEZ GARCÍA	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA	PP
DON MARIANO IGLESIAS CASTRO	PSOE
DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO	PSOE
DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
DON CÉSAR LONGO QUEIJO	PSOE
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SÁNCHEZ	BNG
DONA MARÍA PADÍN FERNÁNDEZ	PP
DON ANTONIO PEREIRO LIÑARES	PP
DON XOSÉ LOIS PIÑEIRO GARCÍA	BNG
DON XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
DON MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ	PP
DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO	PSOE
DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS	PP
DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DONA AMANCIA TRILLO LAGO	PSOE

DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE	PSOE
DON JOSÉ ALBINO VÁZQUEZ ALDREY	PP
DON PERFECTO VÁZQUEZ LEMA	PP

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 11/12, DO 23 DE NOVIEMBRE.

Apróbase a acta da sesión anterior, n º 11/12, do 23 de novembro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 18.901 Á Nº 20.400, DE 2012.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 18.901 á nº 20.400, de 2012.

3.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN E TEXTO DO CONVENIO COA ENTIDADE AMIGOS DE GALICIA PARA FINANCIAR A DOTACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO PARA O PLAN DE COBERTURA DE NECESIDADES BÁSICAS DE PERSOAS SEN RECURSOS NOS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES DA PROVINCIA DA CORUÑA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a modificación proposta para a formalización da subvención e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a entidade FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA CIF G-15859911 con sede en Santiago de Compostela, para financiamento da dotación de persoal técnico para o plan de cobertura de necesidades básicas das persoas sen recursos nos concellos de menos de vinte mil habitantes da provincia da Coruña en 2012, cunha achega da Deputación de 5.000,00 euros, que supón o 20,39% do orzamento do gasto que é de 25.525,63 euros, e que se aboará de conformidade coa cláusula VI e VII do texto do convenio, existindo crédito na aplicación presupostaria 0701/231G/481, do vixente orzamento.”

Número /2012

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE AMIGOS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DA DOTACIÓN DE PERSOAL TECNICO PARA O PLAN DE COBERTURA DE NECESIDADES BÁSICAS DAS PERSOAS SEN RECURSOS NOS CONCELLOS DE MENOS DE VINTE MIL HABITANTES DA PROVINCIA DA CORUÑA 2012.

A Coruña, de..... na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. presidente da ENTIDADE.....

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Que a Deputación Provincial da Coruña é competente para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, de conformidade coas previsións da Lei de bases de réxime local 7/85, a Lei de admón. local de Galicia 5/97 art. 109 e 119, tendo en conta que na Lei de servizos sociais para Galicia, art. 63 se menciona entre as súas competencias o apoio xurídico económico e técnico aos concellos, e que estes son competentes para a promoción da solidariedade entre a sociedade civil.

Que a Asociación Amigos de Galicia, ten entre os seus fins atender a persoas sen recursos, colaborar economicamente coas familias con poucos recursos e o fomento a rehabilitación e a inserción social das vítimas da pobreza e da exclusión social nos concellos de Galicia

Dado o interese coincidente da Deputación e da entidade Amigos de Galicia, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a FUNDACION AMIGOS DE GALICIA CIF G-15859911, e

domicilio social en Santiago de Compostela, para o financiamento do programa de dotación de persoal técnico adscrito ao programa de cobertura de necesidades básicas nos concellos da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes, que non manteñan convenio de colaboración coa fundación en 2012.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO		Nº UNIDADES	PREZO UNITARIO	IMPORTE
1. GASTOS DE PERSOAL	1.1.Soldos e salarios	Traballador/ra social	1	18.475,04
	1.2. Seguridade Social a cargo da entidade			6.050,59
2. GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	2.1. Arrendamentos			
	2.2. Reparacións e conservación			
	2.3. Subministracións			
	2.4. Servizos exteriores			
	2.5. Indemnizacións			
	TOTAL			

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

(Financiamento provincial)

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 5.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 20,39%. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 20.39% , da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0701/231G/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á ENTIDADE BENEFICIARIA que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

(Outro financiamento alleo)

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ENTIDADE BENEFICIARIA, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña especialmente na Memoria 2012.

2. Coa memoria de actuación e conta xustificativa do convenio, achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ENTIDADE BENEFICIARIA, acreditando que os concellos beneficiarios do programa recibiron comunicación dando conta desta colaboración da Deputación da Coruña en 2012, que figura o logo da Deputación no caso de ter trípticos informativos e de que figura o dito logo da Deputación no camión de reparto de alimentos.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

(Réxime xeral: subvencións pospagables).

A achega da Deputación seralle aboada á ENTIDADE BENEFICIARIA unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscripta polo representante legal da ENTIDADE BENEFICIARIA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas no programa cos concellos da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes, que non teñan asinado xa un convenio de colaboración coa entidade no 2012, e dos resultados obtidos
- Certificación da adscrición do persoal subvencionado durante o tempo de realización da actividade indicado no convenio, ao plan de cobertura de necesidades básicas para persoas sen recursos nos concellos da provincia da Coruña.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das NOMINAS e pagos da seguridade social, e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento pola entidade, das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, son as realizadas desde o 1 de xaneiro ao 31 decembro 2012, e deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do presente ano 2012, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de marzo de 2013.

2.Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 1 de febreiro, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día _____ de _____ de _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e

data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O PRESIDENTE DA ENTIDADE
PROVINCIAL DA CORUÑA”

4.-APROBACIÓN DA SUBVENCIÓN E FORMALIZACIÓN DE CONVENIO COA ENTIDADE CAPACEE PARA A ADAPTACIÓN DUN LOCAL NO CONCELLO DE CEE PARA UN SERVIZO DE ELABORACIÓN E REPARTICIÓN DE COMIDA A PERSOAS EN SITUACIÓN DE NECESIDADE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a concesión da subvención e a formalización do texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a entidade ASOCIACION ASISTENCIAL CAPACEE CIF – G- 15935471, con sede no concello de Cee, para financiamento da apertura e acondicionamento de local para unha actividade de preparación e reparto de comidas a persoas necesitadas, cunha achega da deputación de 18.581,26 euros, que supón o 80% do gasto a subvencionar, que é de 23.226,57 euros, e que se aboará de conformidade coa cláusula VI e VII do texto do convenio, para o que existe crédito na partida 0701/231G/781 documento contable RC núm. operación 220120038216 do 10/12/2012 núm. referencia 22012009099.

O convenio terá efectos retroactivos a data 1 marzo 2012 e estará vixente ata o 31 outubro 2013 ”.

Número /2012

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE ASOCIACION ASISTENCIAL CAPACEE PARA O

FINANCIAMENTO DA APAERTURA E ACONDICIONAMENTO DE LOCAL EN CEE PARA UN SERVIZO DE ELABORACIÓN E REPARTO DE COMIDAS A PERSOAS EN SITUACIÓN DE NECESIDADE.

A Coruña

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. presidente da ENTIDADE.....

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

A Deputación Provincial da Coruña, ten entre as súas competencias conforme a Lei 7/85 de bases de réxime local e a Lei 5/97 de admón. local de Galicia o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia e conforme a Lei 13/2008 o apoio aos concellos nos temas da súa competencia, e especialmente e conforme ao Decreto 99/2010, en materia de servizos sociais comunitarios entre os que se atopa o apoio á emerxencia social.

A entidade CAPACEE Asociación Asistencial, constitúese conforme ao art. 3 dos seus estatutos, coa finalidade de prestar asistencia social comunitaria, na que está comprendida a distribución de alimentos a persoas en situación de necesidade.

Dado o interese coincidente da Deputación e da entidade asistencial CAPACEE ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ENTIDADE ASOCIACIÓN ASISTENCIAL CAPACEE CIF G- 15935471, para o financiamento da obra e equipamento para apertura e acondicionamento dun local situado na rúa Magdalena núm. 39 de CEE, coa finalidade de prestar un servizo de preparación e reparto de comidas para persoas en situación de necesidade, tal como aparece definida no proxecto técnico redactado por

don Ramón María Leis Vidal, arquitecto técnico Colexiado/a Nº 643, obra que conta coa licenza municipal correspondente, e coas autorizacións sanitarias.

A obra e o equipamento están perfectamente definidos nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto. Está acreditada a dispoñibilidade dos locais polo tempo necesario e ten manifestación expresa de estar a obra realizada. A ENTIDADE BENEFICIARIA CAPACEE, comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P. E.M: _____	Fontanería :	3.222,80.
	Electricidade	1.463,27.
	Albanelaría	5.887,00.
	Equipamentos	6.613,55
	Total.....	17.186,62 €
GASTOS XERAIS _____	2.234,26 €
BENEFICIO INDUSTRIAL _____	1.031,20 €
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	4.294,94 €
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA		24.747,02 €

O orzamento que se ha subvencionar ascende a 23.226,57 €, segundo informe do técnico redactor de 19 novembro 2012, excluindo o 13% de gastos xerais e o 6% do beneficio industrial do concepto de equipamentos.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o importe de 23.226,57 euros do orzamento, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 18.581,26 €, o que representa unha porcentaxe do 80%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. No caso de que o gasto xustifico non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0701/231G/781 na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á ENTIDADE BENEFICIARIA de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando xunto con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel nun taboleiro colocado no interior do local, e que sexa ben visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. Coa presentación das xustificacións, deberase comunicar a Deputación o remate da obra, para que se así o estima, se coloque unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN

1. A achega da Deputación seralle aboada á ENTIDADE BENEFICIARIA a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados)
 - Certificación de obra subscripta polo técnico-director e polo contratista
 - Facturas expedidas polo contratista ou se é o caso polo subministrador dos equipamentos . No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsión deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
 - Certificación de aprobación desta polo órgano competente.
 - Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 - Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
2. Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase subministrar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso do cartel e copia dos folletos, así como da comunicación para colocación da placa se a Deputación o estima oportuno) e do acordo da entidade, dado de alta no inventario o equipamentos inventariables e no que se deixe constancia do compromiso da afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención polo menos por un prazo de DEZ anos.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DECIMO TERCEIRA..
2. Unha vez rematadas as obras, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES

antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de MARZO 2012, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á devandita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro 2013.

2.Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que

a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista moninativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DE CAPACEE

DIEGO CALVO POUZO”

5.-APROBACIÓN DA SUBVENCIÓN E FORMALIZACIÓN DE CONVENIO CO CONCELLO DE CARBALLO PARA O FINANCIAMENTO DA POSTA EN MARCHA DE NOVOS PROXECTOS DE SERVIZOS SOCIAIS 2011/2012.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Carballo, para financiamento da posta en marcha de novos proxectos de servizos sociais no 2011, no importe de 13.000 euros, para un gasto de 16.350 euros que supón o 80%% do total do gasto e. que será aboado conforme ao disposto nas

cláusulas VI e VIII do texto do convenio existindo crédito na partida 0701/232A/462.01, no documento contable RC nun operación 220120011191 do 07/05/2012 (núm. referencia 22012003926)

O convenio terá efectos desde a data o 1 de xullo 2011 e estará vixente ata o 31 outubro 2013.”

Número /2012

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARBALLO PARA O FINANCIAMENTO DA POSTA EN MARCHA DE NOVOS PROXECTOS DE SERVIZOS SOCIAIS NO 2011.

A Coruña, o..... de.....de..... na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. _____, alcalde presidente do Concello de CARBALLO.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Que a Deputación provincial é competente para proporcionar apoio técnico económico e xurídico aos concellos na execución das súas competencias en servizos sociais, de conformidade co establecido na Lei de bases de réxime local, 7/85, no art. 36 da Lei de admón. local de Galicia 5/97 arts. 109 a 119 así como na Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008 , art. 63.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de CARBALLO ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Carballo CIF P 1501900C, para o financiamento da posta en marcha de novos proxectos de servizos sociais, en concreto para a contratación da realización das tarefas de definición preparación e presentación dos proxectos “ Carballo en movemento: fomento da mobilidade no proceso de formación da xuventude local” e “ voluntariado europeo para maiores” dentro dos programas europeos “ Programa Lifelong Learning: Leonardo da Vinci e “ Programa PAP : Grundtvig”

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	Nº UNIDADES	PREZO	
		UNITARIO	IMPORTE
Contratación programa Lifelong Learnign: Leonardo da Vinci Mobilidade PLM	1	10.750,00 €	10.750,00 €
Contratación programa PAP: Grundtvig Proxectos voluntariado europeo para maiores.	1	5,600,00 €	5.600,00 €
TOTAL.....		16.350,00 €	

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 13.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 79,51% . No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,51%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0701/232A/462.01 na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizado a correspondente retención de crédito

Para a anualidade 2012 existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de Carballo de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel exista dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao Concello de Carballo o outorgamento dos contratos de subministracións, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Carballo axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o Concello de Carballo tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Carballo.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1 - Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao pagamento a prol do Concello de Carballo, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o

importe subvencionable, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da CONCELLO DE CARBALLO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O CONCELLO DE CARBALLO estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola CONCELLO DE CARBALLO na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a CONCELLO DE CARBALLO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. A actividade que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizada a actividade o Concello de Carballo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA , DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recíbese xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Carballo para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional

non eximirá ao Concello de Carballo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Carballo na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Carballo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE CARBALLO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE CARBALLO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, O CONCELLO DE CARBALLO poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención

pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, O CONCELLO DE CARBALLO queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Carballo serán remitidas á Intervención Xeral do Estado,

para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención o Concello de Carballo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de XULLO 2011, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do 2013

2.Para o caso de que o Concello de Carballo non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada , co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Carballo perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do concello de Carballo respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE
CARBALLO

Diego Calvo Pouso”

6.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA ASOCIACIÓN “GALICIA MILENIO. FORO DE PENSAMENTO E OPINIÓN” PARA FINANCIAR A ACTIVIDADE “CICLO 30 ANOS DE AUTONOMÍA”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Conceder á Asociación “Galicia Milenio. Foro de pensamento e opinión” unha subvención nominativa por importe de 4.800 €, para financiar a actividade *Ciclo 30 anos de autonomía*, cun orzamento de 6.000 €.

2.- Aprobar o convenio correspondente á dita subvención, de acordo co texto que se transcribe ao final do presente acordo.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2013, autorice o correspondente orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación “Galicia Milenio. Foro de pensamento e opinión” para financiar a actividade *Ciclo 30 anos de autonomía*.

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Marcelino Agís Villaverde, presidente da Asociación “Galicia Milenio. Foro de pensamento e opinión”.

Ambas as dúas partes no nome e a representación que teñen e coa capacidade legal para este acto

MANIFESTAN

1.- A Asociación “Galicia Milenio. Foro de pensamento e opinión” é unha entidade cultural sen ánimo de lucro, constituída en Santiago de Compostela no mes de xuño de 2007, cuxos fins, de acordo co artigo 5º dos seus estatutos son:

a.- Promover a reflexión e o debate sobre temas de interese para a sociedade galega dende unha perspectiva liberal e humanista.

b.- Fomentar o intercambio de ideas para o desenvolvemento dunha sociedade libre, democrática e xusta.

c.- Crear un espazo para a participación responsable da sociedade civil arredor dos valores da persoa.

2.- Para levar a cabo os seus fins, a asociación organiza conferencias, mesas redondas, seminarios, e realiza publicacións.

3.- Con motivo dos 30 anos de autonomía galega, a Asociación “Galicia Milenio. Foro de pensamento e opinión” organiza un ciclo de conferencias no que participarán protagonistas e testemuñas deste tempo, que conforman a historia recente de Galicia e expertos do mundo universitario.

4.- Tendo en conta o interese do tema e, de acordo cos art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, que lles atribúen ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, subscríbese o presente convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación “Galicia Milenio. Foro de pensamento e opinión”, no que se fixan as condicións da colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación “Galicia Milenio. Foro de

pensamento e opinión” (CIF: G70122536) para financiar a actividade *Ciclo 30 anos de autonomía*.

As conferencias e mesas redondas terán lugar entre os meses de setembro e novembro de 2012 no salón de actos da Facultade de Filosofía da USC e, coas conferencias e relatorios dos participantes no ciclo publicarase un libro.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola Asociación “Galicia Milenio. Foro de pensamento e opinión”

A Asociación “Galicia Milenio. Foro de pensamento e opinión” desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior consonte ao seguinte orzamento:

Publicidade e material de imprenta	1.500.-
Agasallos aos conferenciantes	1.000.-
Publicación libro de actas	3.500.-
Total	6.000 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 4.800 €, o que representa unha porcentaxe do 80 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación “Galicia Milenio. Foro de pensamento e opinión” obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da

subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación “Galicia Milenio. Foro de pensamento e opinión”.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación “Galicia Milenio. Foro de pensamento e opinión”, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación “Galicia Milenio. Foro de pensamento e opinión” deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

Así mesmo incluírase o logotipo da Deputación na contraportada do libro.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación “Galicia Milenio. Foro de pensamento e opinión”.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación “Galicia Milenio. Foro de pensamento e opinión”, unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2012.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas, polo menos, tres meses antes do fin do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación “Galicia Milenio. Foro de pensamento e opinión” deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso dous meses antes do fin do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación “Galicia Milenio. Foro de pensamento e opinión” para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación “Galicia Milenio. Foro de pensamento e opinión” da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación “Galicia Milenio. Foro de pensamento e opinión” na documentación aportada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Asociación “Galicia Milenio. Foro de pensamento e opinión” terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Asociación “Galicia Milenio. Foro de pensamento e opinión” deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Asociación “Galicia Milenio. Foro de pensamento e opinión” destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación “Galicia Milenio. Foro de pensamento e opinión” deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación “Galicia Milenio. Foro de pensamento e opinión” poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación “Galicia Milenio. Foro de pensamento e opinión” queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación “Galicia Milenio. Foro de pensamento e opinión” serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación “Galicia Milenio. Foro de pensamento e opinión” será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de outubro de 2013, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2012.

2.- Por acordo expreso de ambas as dúas partes, o convenio poderá ser obxecto de modificación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle á Presidencia da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA FUNDACIÓN ALFREDO BRAÑAS PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES *CULTURALS* 2012.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Conceder á Fundación Alfredo Brañas unha subvención nominativa por importe de 5.000 €, para financiar o programa de *Actividades culturais 2012*, cun orzamento de 7.470 €.

2.- Aprobar o convenio correspondente á dita subvención, de acordo co texto que se transcribe ao final do presente acordo.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2013, autorice o correspondente orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Alfredo Brañas para financiar o programa de *Actividades culturais 2012*.

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Antonio Erias Rey, en representación da Fundación Alfredo Brañas.

Ambas as dúas partes en nome e a representación que teñen e coa capacidade legal para este acto

MANIFESTAN

1.- A Fundación Alfredo Brañas é unha institución con carácter de fundación cultural privada, constituída en Santiago de Compostela no ano 1983, ao abeiro do artigo 34.1

da Constitución Española; e con sometemento ao Regulamento de fundacións culturais privadas (Decreto 2930/72) e á Lei do Parlamento Galego sobre fundacións de interese galego e disposicións complementarias.

2.- Consonte co capítulo II dos seus estatutos, o fin da Fundación é a promoción, desenvolvemento, protección e fomento de toda clase de estudos e investigacións sobre temas sociais; en especial a formación nos valores e obxectivos inspirados no Humanismo Europeo e Occidental, e de xeito moi singular todo o que en tales materiais faga relación a Galicia e á influencia que os seus fillos e as súas institucións tiveran ou teñan, directa ou indirectamente, noutros pobos e culturas.

Para o cumprimento deste fin, a Fundación desenvolverá, na medida na que os seus medios económicos o permitan e de acordo cos programas concretos que en cada caso aprobe a súa Xunta de Padroado, as seguintes actividades, todas destinadas ao seu fin fundacional:

- a) Concesión de axudas de estudos e investigacións.
- b) Organización de cursos, seminarios, conferencias e outros actos.
- c) Realización de exposicións ou exhibicións monográficas sobre temas que fomenten a cultura.
- d) Preparación de edición de libros, revistas, folletos e follas soltas para a difusión das ideas que constitúan o seu fin.
- e) Calquera outra actividade que a Xunta de Padroado considere conveniente para cumprir o fin fundacional.

3.- De acordo co anterior, a Fundación Alfredo Brañas, desenvolve ao longo do ano 2012 o seguinte programa de actividades:

* Mesas debate sobre benestar social, novas tecnoloxías, mobilidade, infraestruturas e outros temas de importancia social.

* Cursos superiores da Universidade Internacional do Atlántico:

A cultura do mar: dos séculos de evolución ou atraso.

Responsabilidade social corporativa.

Enerxía.

A auga.

Desafíos xeopolíticos do século XXI.

4.- Tendo en conta o interese do programa e, de acordo cos art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, que lles atribúen ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, subscríbese o presente convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a

Fundación Alfredo Brañas, no que se fixan as condicións da colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Alfredo Brañas (CIF: G15078009) para financiar o programa de *Actividades culturais 2012*, de acordo co seguinte:

* Mesas debate sobre benestar social, novas tecnoloxías, mobilidade, infraestruturas e outros temas de importancia social.

* Cursos superiores da Universidade Internacional do Atlántico:

A cultura do mar: dos séculos de evolución ou atraso.

Responsabilidade social corporativa.

Enerxía.

A auga.

Desafíos xeopolíticos do século XXI.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola Fundación Alfredo Brañas

A Fundación Alfredo Brañas desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior consonte co seguinte orzamento:

Gastos xerais de xestión e administración	800.-
Aluguer de equipos e materiais	1.500.-
Persoal administrativo, técnico e de seguimento	1.900.-
Difusión: envíos e materiais	670.-
Relatores	2.600.-
Total	7.470 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 5.000 €, o que representa unha porcentaxe do 66,93 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a Fundación Alfredo Brañas que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 66,93 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Alfredo Brañas obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Alfredo Brañas.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Alfredo Brañas, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Alfredo Brañas deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

Así mesmo incluírase o logotipo da Deputación na contraportada do libro.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Alfredo Brañas.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Alfredo Brañas, unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscripta polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2012.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas, polo menos, tres meses antes do fin do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Alfredo Brañas deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso dous meses antes do fin do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Alfredo Brañas para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Alfredo Brañas da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55^a.6^a das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Alfredo Brañas na documentación aportada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Fundación Alfredo Brañas terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Fundación Alfredo Brañas deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Fundación Alfredo Brañas destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmete mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe

constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Alfredo Brañas deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Alfredo Brañas poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Alfredo Brañas queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55^a.6^a das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención

outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Alfredo Brañas serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Alfredo Brañas será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de outubro de 2013, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2012.

2.- Por acordo expreso de ambas as dúas partes, o convenio poderá ser obxecto de modificación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de

subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle á Presidencia da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

8.-APROBACIÓN DO CONVENIO CO CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA) PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL PARA A DEFENSA E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL NO ANO 2012.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Conceder ao Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) unha subvención nominativa por importe de 40.000 €, para financiar o Programa de educación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural e cultural no ano 2012, cun orzamento de 50.338,74 €.

2.- Aprobar o convenio correspondente á dita subvención, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2013, autorice o correspondente orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) para financiar o *Programa de educación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural e cultural no ano 2012.*

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña

D. Carlos Vales Vázquez, director-xerente do CEIDA

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) foi creado mediante un convenio de colaboración suscrito o 5 de decembro de 1997 pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros.

O 22 de setembro de 2000 as administracións citadas asinaron un novo convenio coa finalidade de establecer o réxime de funcionamento, a provisión de prazas e o regulamento interno e, en xeral, mellorar a xestión do Centro.

Que as fins do CEIDA son a información, formación e educación ambiental e a extensión universitaria, para o que desenvolve as seguintes actividades:

- * Establecer un sistema de recollida de información ambiental co fin de crear un fondo documental e un banco de datos ambientais que permita difundir todo tipo de información.
- * Fomentar a formación ambiental a todos os niveis, tanto a especialistas, técnicos e profesionais de diversos colectivos, como público en xeral.
- * Complementar as actividades desenvoltas pola Consellería de Medio Ambiente, polo Concello de Oleiros e pola Universidade da Coruña nas materias sinaladas.

Que a Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias o fomento da actividade cultural, a posta en valor dos espazos naturais, recoñece a importancia do labor que o CEIDA desenvolve.

Que o CEIDA ten entre os seus proxectos o *Programa de educación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural e cultural no ano 2012* que, a través da Deputación de Coruña, pode chegar a un maior número de colectivos da provincia.

Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CEIDA (NIF: V15653298) para financiar o *Programa de educación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural e cultural no ano 2012*, no que se integran as seguintes actividades:

a.- Actividades guiadas.

- 1.- O mar e a costa, recursos valiosos para todos.
- 2.- A illa de Santa Cruz, un rico patrimonio natural e histórico.

b.- VI Congreso de Educación Ambiental dos centros de ensino da Coruña.

c.- Exposicións itinerantes

- 1.- Coidando o noso mar.
- 2.- O noso futuro, o noso mundo, a nosa opción.
- 3.- Áreas mariñas protexidas.
- 4.- O patrimonio marítimo de Galicia.
- 5.- *Prestige*, crónica negra dun modelo enerxético insostible.

d.- Préstamo de fondos bibliográficos e asesoramento do Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria

O CEIDA desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Director do programa	15.657,78.-
2 educadores ambientais	17.294,76.-
Documentalista	5.937,50.-
Administrativa	5.448,70.-
Seguro de accidentes e R.C.	650,00.-
Materiais e servizos do Congreso	3.000,00.-
Gastos diversos (teléfono, envíos, fotocopias)	2.350,00.-
<i>Total gastos</i>	<i>50.338,74 €</i>

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 40.000 €, o que representa unha porcentaxe do 79,46 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,46 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/172A/46701, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CEIDA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle ao CEIDA.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao CEIDA, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o CEIDA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos

provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CEIDA.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada ao CEIDA unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2012.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas polo menos tres meses antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o CEIDA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CEIDA para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CEIDA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CEIDA na documentación subministrada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CEIDA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O CEIDA deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- O CEIDA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CEIDA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CEIDA poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CEIDA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CEIDA serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CEIDA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de outubro de 2013, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2012.

2.- Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e

Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

9.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA UNIVERSIDADE INTERNACIONAL MENÉNDEZ PELAYO PARA FINANCIAR OS CURSOS DE VERÁN NA SEDE DA CORUÑA, ANO 2012.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o convenio coa Universidade Internacional Menéndez Pelayo correspondente á subvención nominativa, por importe de 100.000 €, concedida para financiar os “*Cursos de verán do 2012*”, cun orzamento subvencionado de 175.838 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2013, autorice o correspondente orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo para financiar os *Cursos de Verán na sede da Coruña, ano 2012.*

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude da facultades representativas que lle atribúe o art. 34. 1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

D. **Salvador Ordóñez Delgado**, reitor magnífico da Universidade Internacional Menéndez Pelayo, no seu nome e representación

EXPOÑEN

Que, segundo o disposto no convenio de cooperación suscrito o 10 de xullo de 1982, a Deputación da Coruña vén colaborando económica e institucionalmente coas actividades docentes e culturais que a Universidade Internacional Menéndez Pelayo desenvolve cada ano na Coruña.

Que, como parte da súa política de fomento en materia de educación e, de acordo co disposto no art. 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, o Pleno da Deputación, aprobou incluír no orzamento do ano 2011 unha subvención nominativa para o financiamento dos cursos na sede da Coruña.

Para tal efecto e dado o interese coincidente de ambas as dúas partes, a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo (CIF: Q2818022B) para financiar os *Cursos de Verán na sede da Coruña, ano 2012* de acordo co seguinte programa:

Envejecimiento: responsabilidad, sostenibilidad, oportunidad

Manuel Gandoy Crego - José Luis Caamaño Ponte

A Coruña, 8, 15 e 22 de maio

Arte gallego contemporáneo en la natureza

Pedro Bueno Salto

Pazo de Mariñán, do 30 de maio ao 1 de xuño

La mediación como alternativa para la resolución de conflictos diversos

Jaime Ferri Durá

A Coruña, do 4 ao 6 de xullo

La depresión: qué es y cómo tratarla

Gualberto Buena-Casal

Riveira, do 4 ao 6 de xullo

La gaita en el folclore tradicional gallego

Juan Barcón Peña

Ortigueira, do 9 ao 11 de xullo

Calidad de aguas continentales: muestreo, problemática y tratamiento de datos

Ricardo Juncosa Rivera - Ana M^a Vázquez González

A Coruña, do 9 ao 13 de xullo

Los mecanismos del derecho civil ante la crisis económica

Domingo Bello Janeiro

A Coruña, do 16 ao 18 de xullo

El triunfo del saber o saber para triunfar

Jorge Mira

Pazo de Mariñán, do 30 de xullo ao 3 de agosto

Drácula. Cien años sin Bram Stoker

Jesús Egido Salazar

A Coruña, do 26 ao 27 de xullo

Patrimonio industrial y turismo

Natalia Barros Sánchez

Ferrol, do 18 ao 20 de xullo

Cambio y planificación estratégica en diputaciones provinciales

José Manuel Álvarez Campana - Aurelio García González-Llanos

A Coruña, do 5 ao 7 de setembro

Carlos Casares, escritor e intelectual en su tiempo

Dolores Vilavedra Fernández

Santiago de Compostela, do 5 ao 7 de setembro

Movilidad en tiempos de crisis

Miguel Rodríguez Bugarín

Santiago de Compostela, do 12 ao 14 de setembro

Cádiz 1812-2012. Memoria de la primera Constitución Española

Roberto Luis Blanco Valdés

A Coruña, do 19 ao 20 de setembro

Los retos de la neurociencia. La ciencia de mañana cambiando nuestro presente

José Ramón Amor Pan - Luis Echarte

A Coruña, do 20 ao 22 de setembro

El despertar árabe visto desde Europa: ¿sueño o realidad?

Jesús A. Núñez Villaverde

Santiago de Compostela, do 3 ao 5 de outubro

II.- Orzamento da actividade a realizar pola entidade beneficiaria

As actividades realizáronse de acordo co seguinte orzamento:

Gastos:

Honorarios de profesores	79.060.-
Aloxamento e manutención	20.425.-
Viaxes de profesores	25.585.-
Publicidade e difusión	7.567.-
Reprografía e material	2.618.-
Comunicación	1.700.-
Gabinete de prensa	10.183.-
Outros gastos	3.000.-
Limpeza	4.500.-
Persoal actividades	21.200.-
<i>Total gastos</i>	<i>175.838.-</i>

Ingresos:

Concello da Coruña	9.901.-
Universidade de Navarra	2.602.-
Concello de Ortigueira	3.000.-
Grupo GEAMA	1.500.-
Hidralia Energía	800.-
A.E.P.C.	2.000.-
Consellería de Educación	19.500.-
Ingresos previstos por matrículas	12.500.-
<i>Total ingresos</i>	<i>51.803.-</i>

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 100.000 €, o que representa unha porcentaxe do 56,87 %.

No caso de que o gasto xustificando non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 56,87 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/323A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Universidade Internacional Menéndez Pelayo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Universidade Internacional Menéndez Pelayo, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Universidade Internacional Menéndez Pelayo unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita pola persoa responsable da sede da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2012.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán realizarse durante o ano 2012.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da sinatura do convenio.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á

Universidade Internacional Menéndez Pelayo para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidade Internacional Menéndez Pelayo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo na documentación subministrada; e se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Universidade Internacional Menéndez Pelayo deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Universidade Internacional Menéndez Pelayo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización presentación da documentación xustificativa implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidade Internacional Menéndez Pelayo serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Universidade Internacional Menéndez Pelayo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de outubro de 2013, e terá efectos retroactivos, xa que as actividades contempladas nel realizáronse entre os meses de maio e outubro de 2012.

2.- Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

10.- APROBACIÓN DO CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES PARA FINANCIAR O IV CAMPUS MUSICAL 2012.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Conceder á Federación Galega de Bandas de Música Populares unha subvención nominativa por importe de 18.000 €, para financiar o *IV Campus musical 2012*, cun orzamento de 24.635,96 €.

2.- Aprobar o convenio correspondente á dita subvención, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2013, autorice o correspondente orzamento.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega de Bandas de Música Populares para financiar o “*IV Campus musical 2012*”

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Rubén Souto Santos, presidente da Federación Galega de Bandas de Música Populares.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- A Federación Galega de Bandas de Música Populares é unha entidade privada sen ánimo de lucro constituída no ano 1985, na que se integran 83 bandas e máis de 5.000 músicos.

2.- Esta entidade busca fomentar a cultura musical da sociedade, achegando a música das bandas a todo o público e poñendo en valor a promoción e a difusión da música popular galega.

3.- Neste contexto, a Federación Galega de Bandas de Música Populares desenvolveu o IV Campus musical 2012, na cidade de Santiago de Compostela.

4.- Logo de ver os resultados do Campus Musical que tivo lugar o pasado ano coa colaboración da Deputación Provincial da Coruña, as dúas entidades coinciden no seu común interese de realizar este proxectos cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega de Bandas de Música Populares (NIF: V15110893) para financiar o “*IV Campus musical 2012*”, que tivo lugar en Santiago de Compostela do 9 ao 13 de xullo pasado co seguinte contido:

* Actividades de formación dirixidas a 135 alumnos coas seguintes especialidades: frauta, óboe, fagot, clarinete, Contrabaixo, saxofón, trompeta, trombón, tuba, percusión, trompa, violoncello, dirección, grupos de cámara e acompañamento con piano.

* Conferencias e mesas redondas.

* Concertos ofrecidos por alumnos e profesores.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria

As actividades programadas foron desenvolvidas pola Federación Galega de Bandas de Música Populares producíndose os seguintes gastos:

* Profesorado	17.798,40.-
*Coordinación e materiais	1.597,58.-
* Manutención e aloxamentos	5.239,98.-

Total 24.635,96 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 18.000 €, o que representa unha porcentaxe do 73,06 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 73,06 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/335A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Federación Galega de Bandas de Música Populares obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade correspóndelle á Federación Galega de Bandas de Música Populares.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Federación Galega de Bandas de Música Populares, nin con calquera outra na que

concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Federación Galega de Bandas de Música Populares deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Federación Galega de Bandas de Música Populares.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Federación Galega de Bandas de Música Populares unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Federación Galega de Bandas de Música Populares, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2012.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, desenvolvéronse nas datas sinaladas.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Federación Galega de Bandas de Música Populares deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da sinatura do convenio.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Federación Galega de Bandas de Música Populares para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Federación Galega de Bandas de Música Populares da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Federación Galega de Bandas de Música Populares na documentación subministrada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Federación Galega de Bandas de Música Populares terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Federación Galega de Bandas de Música Populares deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa

Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Federación Galega de Bandas de Música Populares destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Federación Galega de Bandas de Música Populares deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Federación Galega de Bandas de Música Populares poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Federación Galega de Bandas de Música Populares queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos

recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Federación Galega de Bandas de Música Populares serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Federación Galega de Bandas de Música Populares será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicatoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de outubro de 2013, e terá efectos retroactivos, xa que as actividades contempladas nel realizáronse no pasado mes de xullo.

2.- Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

11.-APROBACIÓN DO CONVENIO CO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES DOS CENTROS SOCIOCULTURALS DO ÁMBITO RURAL NO ANO 2012.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Conceder ao Concello de Santiago de Compostela unha subvención nominativa por importe de 140.000 €, para financiar o *Programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural no ano 2012*, cun orzamento de 175.000 €.

2.- Aprobar o convenio correspondente á dita subvención, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2013, autorice o correspondente orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o Programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural no ano 2012.

A Coruña,

REÚNENSE

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Ángel Currás Fernández, alcalde do Concello de Santiago de Compostela.

Ambas partes recoñécense mutuamente na calidade que interveñen con capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1.- No ano 2000 a Deputación iniciou o Plan de apoio veciñal, no que se incluía o “Programa de construción ou adquisición e equipamento de locais para asociacións de veciños de concellos de máis de 50.000 habitantes”.

Neste programa incluíronse os locais das seguintes asociacións de veciños do Concello de Santiago: AVV “Nosa Señora de Belén”, de Santa Cristina de Fecha, AVV “A Unión de Santa María de Villestro”, AVV de A Rocha “Serafin Zas” e AVV “Ruta Xacobeas”.

2.- O 5 de agosto de 2004, mediante Decreto da Alcaldía, o Concello de Santiago de Compostela solicitou á Deputación a cesión dos locais sinalados coa finalidade de integralos na rede de centros socioculturais do concello para, deste xeito, poder atender as necesidades dos veciños das devanditas zonas, á vez que facer posible unha mellor coordinación de cara a unha xestión integral e non discriminatoria que propicie a mellor utilización dos recursos.

3.- Atendendo á citada petición, o Pleno da Deputación, en sesión extraordinaria celebrada o 25 de novembro de 2004, aprobou definitivamente o expediente de cesión do uso de locais ao Concello de Santiago de Compostela coa finalidade de os incorporar á Rede Municipal de Centros e Locais Socioculturais, que foi asinada o 29 de decembro de 2004.

4.- Co obxectivo de dinamizar estes centros e locais socioculturais do rural, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve un programa de accións que promovan a

creación de afeccións lúdicas e formativas en coñecementos e destrezas básicas de distintas disciplinas, que fomenten a interrelación social, a participación cidadá e o encontro interxeracional ao longo de todo o ano.

5.- Tendo en conta que a Deputación considera de interese financiar esta actividades, no E.M.C. 4/2012, aprobado polo Pleno, foi incluído o crédito destinado para o seu financiamento, polo que a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela (CF:P1507900G) para financiar o *Programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural no ano 2012*.

As acción incluídas nesta programación son as seguintes:

* *Programa de novas tecnoloxías da información e da comunicación.-* Aulas informáticas.

* *Programa de educación e formación permanente.-* Obradoiros e cursos.

* *Programa de saúde e calidade de vida.-* “Imos de excursión” e “Imos de baile”

* *Programa de animación á lectura: “Ler, contar e gozar coas letras”.-* Espazos de lectura nos centros socioculturais.

* *Programa de participación cidadá e dinamización sociocultural.-* Actividades conmemorativas e semanas culturais.

* *Programa de tempo libre.-* Entroido, verán, Nadal, o xogo na rede.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Concello de Santiago de Compostela

O Concello de Santiago de Compostela desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Programa de novas tecnoloxías	27.500.-
Programa de educación e formación permanente	21.000.-
Programa de saúde e calidade de vida	6.000.-
Programa de animación á lectura	20.000.-
Programa de participación cidadá	36.500.-

Programa de tempo libre

64.000.-

Total

175.000 €

Estes orzamentos correspóndense a gastos correntes: aluguer de infraestrutura técnica, contratación administrativa de servizos técnicos para a impartición e guía de actividades (monitoraxe, profesorado, artistas...) montaxes, transportes, materias funxibles, edición e distribución de material informativos.

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 140.000 €, o que representa unha porcentaxe do 80 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando o Concello de Santiago de Compostela que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente ao concello.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/46201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución

1.- Corresponderalle ao Concello de Santiago de Compostela o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Santiago de Compostela axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Santiago de Compostela.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1.- Coa posibilidade establecida no disposto na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2012, ata o 50 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Santiago de Compostela pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

* Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2.- Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Santiago de Compostela, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago.

Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2012.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

3.- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado como primeiro pago prepagable

4.- Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Santiago de Compostela terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas polo menos tres meses antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao

Concello de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1.- O Concello de Santiago de Compostela deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarao de oficio esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- O Concello de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade

para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na Base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª 6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de outubro de 2013, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2012.

2.- Por acordo expreso de ambas as dúas partes, o convenio poderá ser obxecto de modificación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Santiago de Compostela.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da Presidencia nº

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

12.-APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE FISTERRA PARA FINANCIAR AS OBRAS DE MELLORA DO PAVIMENTO E AMPLIACIÓN DA SECCIÓN DO VIAL DE SARDIÑEIRO DE ABAIXO A SUARRIBA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“A)Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Fisterra para financiar as obras incluídas no proxecto de MELLORA DO PAVIMENTO E AMPLIACIÓN DA SECCIÓN DO VIAL DE SARDIÑEIRO DE ABAIXO A SUARRIBA cunha achega de 200.000 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 83,33%) sobre un orzamento subvencionable de 240.000 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/454A/76201, e cuxo texto figura como anexo.

B)Todo iso condicionado á aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos 5/2012 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 26 de outubro de 2012.

ANEXO:

Número /2012

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FISTERRA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA MELLORA DE PAVIMENTO E AMPLIACIÓN DA SECCIÓN DO VIAL DE SARDIÑEIRO DE ABAIXO A SUARRIBA

Na Coruña, o na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr Alcalde Presidente do Concello de Fisterra, D. José Manuel Traba Fernández

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Fisterra ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Fisterra con CIF P1503800C , para o financiamento da obra de MELLORA DE PAVIMENTO E AMPLIACIÓN DA SECCIÓN DO VIAL DE SARDIÑEIRO DE ABAIXO A SUARRIBA, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polos Servizos Técnicos Municipais

2- O Concello de Fisterra na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. *Xa que logo*, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de Fisterra, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

P. E.M:	166.678,24 euros
Gastos xerais 13,00%	21.668,17 euros
Beneficio industrial 6,00 %	10.000,70 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	41.652,89 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	240.000,00 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **200.000 euros** o que representa unha porcentaxe de 83,33%.

2. No caso de que o gasto xustifico non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 83,33 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0202/454A/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de Fisterra de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Fisterra o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Fisterra axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de Fisterra tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Fisterra estará obrigado a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2012, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Fisterra pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de comprobación de replanteo da obra**, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens do Concello de Fisterra, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Concello de Fisterra** na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o **Concello de Fisterra** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de FISTERRA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de FISTERRA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Fistera da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello de Fistera deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de Fistera destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, O Concello de Fistera poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, ao Concello de Fisterra queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do receptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, O Concello de SANTA COMBA poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a

efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, ao Concello de SANTA COMBA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o **atraso na realización das obras** ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso **non excede de tres meses**. Se o **atraso na realización das obras actividade excede de tres meses**, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E **se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes**, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. **Se excede dun mes e non chegase a tres**, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E **se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses**, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. **Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros** que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a súa identificación serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de

Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de SANTA COMBA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día **11 de novembro de 2013, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2013**

2. Para o caso de que o Concello de SANTA COMBA non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro** de 2013, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de SANTA COMBA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada en dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de SANTA COMBA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ con data do

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE SANTA COMBA

Asdo.: DIEGO CALVO POUSO

Asdo.:”

18.-APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DA BAÑA PARA FINANCIAR AS OBRAS DE SANEAMENTO EN VESÍA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“A) Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello da Baña para financiar as obras incluídas no proxecto de SANEAMENTO EN VESÍA cunha achega de 71.737 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 80 %) sobre un orzamento subvencionable de 89.671,27 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/161A/76201, e cuxo texto figura como anexo.

B) Todo iso condicionado á aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos 5/2012 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 26 de outubro de 2012.”

Número /2012

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA BAÑA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE SANAMENTO EN VESIA

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr Alcalde Presidente do Concello da Baña, D.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello da Baña ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da BAÑA con CIF P1500700H para o financiamento da obra de SANEAMENTO EN VESIA, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por JUAN CARLOS CARBALLEIRA GRIFON

2- O Concello da BAÑA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos servizos técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello da BAÑA, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P. E.M:	62.276,04 euros
Gastos xerais 13,00%	8.095,89 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	3.736,56 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	15.562,78 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	89.671,27 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 71.737 euros o que representa unha porcentaxe do 80%.

2. No caso de que a gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de

proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/161A/762.01, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese ao Concello da BAÑA de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que existe nel a dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustifico.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello da BAÑA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello da BAÑA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello da BAÑA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello da BAÑA estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2012, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se expedirá un primeiro pagamento a prol do Concello da BAÑA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello da BAÑA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención, polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da BAÑA na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello da BAÑA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas, polo menos, TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello da BAÑA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se reciba xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello da BAÑA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da BAÑA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello da BAÑA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello da BAÑA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello da BAÑA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello da BAÑA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción dispоста na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación desta serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello da BAÑA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 11 de novembro de 2013, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario 2013

2. Para o caso de que o Concello da BAÑA non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 11 de setembro de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello da BAÑA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello da BAÑA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____do

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DA BAÑA

DIEGO CALVO POUSO

19.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE CABANAS PARA FINANCIAR AS OBRAS DE MELLORA DE ESTRADAS E SEGURIDADE VIARIA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Cabanas para financiar as obras incluídas no proxecto de MELLORA DE ESTRADAS E SEGURIDADE VIAL cunha achega de 102.108,26 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 100 %) sobre un orzamento subvencionable de 102.108,26 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/453D/76201, e cuxo texto figura como anexo.

ANEXO:

Número /2012

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CABANAS PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA MELLORA DE ESTRADAS E SEGURIDADE VIAL

Na Coruña, o na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr Alcalde Presidente do Concello de Cabanas, D. Germán Castrillón Permyu

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Cabanas ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cabanas con CIF P1501500A, para o financiamento da obra de MELLORA DE ESTRADAS E SEGURIDADE VIAL, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro, D. Miguel Nieto Matamoros

2- O Concello de Cabanas na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. *Xa que logo*, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de Cabanas, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

P. E.M:	70.913,43 euros
Gastos xerais 13,00%	9.218,75 euros
Beneficio industrial 6,00 %	4.254,81 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	17.721,27 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	102.108,26 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **102.108,26 euros** o que representa unha porcentaxe de 100%.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por

cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0202/453D/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de Cabanas de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Cabanas o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Cabanas axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de Cabanas tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Cabanas estará obrigado a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2012, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Cabanas pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de comprobación de replanteo da obra**, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens do Concello de Cabanas, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Concello de Cabanas** na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o **Concello de Cabanas** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Cabanas deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Cabanas para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Cabanas da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello de Cabanas deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de Cabanas destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de

Galicia, O Concello de Cabanas poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, ao Concello de Cabanas queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o **atraso na realización das obras** ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso **non excede de tres meses**. Se o **atraso na realización das obras actividade excede de tres meses**, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E **se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes**, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. **Se excede dun mes e non chegase a tres**, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E **se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses**, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. **Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros** que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a súa identificación serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Cabanas será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día **11 de novembro de 2013, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2013**

2. Para o caso de que o Concello de Cabanas non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro** de 2013, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de Cabanas perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada en dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Cabanas, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ con data do _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE CABANAS

Asdo.: DIEGO CALVO POUSO

Asdo.: . Germán Castrillón Permuy Mera”

20.-APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE LOUSAME PARA FINANCIAR AS OBRAS DE CAMPO DE FÚTBOL 11 DE CÉSPEDE ARTIFICIAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“A) Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Lousame para financiar as obras incluídas no proxecto de CAMPO DE FÚTBOL 11 DE CÉSPEDE ARTIFICIAL cunha achega de 141.801,35 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 80%) sobre un orzamento subvencionable de 177.251,69 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/342A/76201, e cuxo texto figura como anexo.

ANEXO:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE LOUSAME PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE CAMPO DE FÚTBOL 11 DE CÉSPEDE ARTIFICIAL

Na Coruña, o _____ na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr Alcalde Presidente do Concello de Lousame, D.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Lousame ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Lousame con CIF P1504300C, para o financiamento da obra de CAMPO DE FÚTBOL 11 DE CÉSPEDE ARTIFICIAL , tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por la Empresa SINGLA INGENIERÍA, S.L..

2- O Concello de Lousame, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. *Xa que logo*, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de Lousame, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

P.E.M:	_____	123.100,00 euros
Gastos xerais 13,00%	_____	16.003,00 euros
Beneficio industrial 6,00 %	_____	7.386,00 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	_____	30.762,69 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	_____	177.251,69 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **141.801,35 euros** o que representa unha porcentaxe de 80%.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0202/342A/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de Lousame de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Lousame o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Lousame axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de Lousame tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Lousame estará obrigado a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2012, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Lousame pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de comprobación de replanteo da obra**, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obra**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens do Concello de Lousame, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Concello de Lousame** na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o **Concello de Lousame** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Lousame deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Lousame para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional motivará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Lousame da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello de Lousame deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio .

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de Lousame destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, O Concello de Lousame poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Lousame queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o **atraso na realización das obras** motivará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso **non excede de tres meses**. Se o **atraso na realización das obras actividade excede de tres meses**, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E **se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes**, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. **Se excede dun mes e non chegase a tres**, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E **se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses**, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. **Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros** que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a súa identificación serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Lousame será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día **11 de novembro de 2013, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2013**

2. Para o caso de que o Concello de Lousame non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro** de 2013, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de Lousame perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Lousame, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ con data do _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE LOUSAME

Asdo.: DIEGO CALVO POUSO

Asdo.:”

21.- APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE IRIXOA PARA FINANCIAR AS OBRAS DE MELLORA DO CAMPO POLIDEPORTIVO DE AMBROA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“A) Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Irixoa para financiar as obras incluídas no proxecto de MELLORA DO CAMPO POLIDEPORTIVO DE AMBROA cunha achega de 72.000 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 80%) sobre un orzamento subvencionable de 90.000,02 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/342A/76201, e cuxo texto figura como anexo.

ANEXO:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE IRIXOA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA MELLORA DO CAMPO POLIDEPORTIVO DE AMBROA

Na Coruña, o na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr Alcalde Presidente do Concello de Irixoa, D.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Irixoa ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Irixoa con CIF P1500400I, para o financiamento da obra de MELLORA DO CAMPO POLIDEPORTIVO DE AMBROA, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por ANTONIO LÓPEZ PANETE.

2- O Concello de Irixoa, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. *Xa que logo*, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de Irixoa, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

P. E.M:	62.504,35 euros
Gastos xerais 13,00%	8.125,57 euros
Beneficio industrial 6,00 %	3.750,26 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (21%)	15.619,84 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	90.000,02 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **72.000 euros** o que representa unha porcentaxe de 80%.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0202/342A/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de Irixoa de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Irixoa o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Irixoa axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de Irixoa tramite e aprrobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Irixoa estará obrigado a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2012, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Irixoa pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de comprobación de replanteo da obra**, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación

- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA
 - **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 - **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
 - **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
 - Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
 - **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 - Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
 - **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens do Concello de Irixoa, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
 - Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**
3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Concello de Irixoa** na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o **Concello de Irixoa** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.
4. Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA
2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Irixoa deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Irixoa para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional motivará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Irixoa da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello de Irixoa deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio .

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de Irixoa destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, O Concello de Irixoa poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Irixoa queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o **atraso na realización das obras** motivará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso **non excede de tres meses**. Se o **atraso na realización das obras actividade excede de tres meses**, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E **se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes**, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. **Se excede dun mes e non chegase a tres**, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E **se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses**, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. **Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros** que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a súa identificación serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Irixoa será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día **11 de novembro de 2013, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2013**

2. Para o caso de que o Concello de Irixoa non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro** de 2013, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de Irixoa perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDIÇÃO COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Irixoa, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ con data do _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE IRIXOA

Asdo.: DIEGO CALVO POUSO

Asdo.:”

22.- APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE NEGREIRA PARA FINANCIAR A SUBMINISTRACIÓN DUN TRACTOR AGRÍCOLA CON CORTADORA LATERAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“A) Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Negreira para financiar a SUBMINISTRACIÓN DUN TRACTOR AGRÍCOLA CON CORTADORA LATERAL, achega de 80.647,43 euros, con cargo á partida 0202/454A/76201 (o que representa unha porcentaxe total de financiamento de 80%), sobre un orzamento subvencionable de 100.809,41 euros que poderán aboarse con cago á aplicación 0202/454A/76201, e cuxo texto figura como anexo.

ANEXO:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE NEGREIRA PARA O FINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DE TRACTOR AGRÍCOLA CON CORTADORA

Na Coruña, o _____ de _____ na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. _____, Alcalde Presidente do Concello de Negreira

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de _____ ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Negreira, CIF: P-1505700-C, para o financiamento da adquisición dun tractor agrícola con cortadora lateral.

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.

Segundo o informe de valoración que achegou o **CONCELLO DE NEGREIRA**, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 100.809,41 EUROS.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

(Financiamento provincial)

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 80.647,43, o que representa unha porcentaxe de 80%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando o CONCELLO DE NEGREIRA que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade..
2. No caso de que o gasto xustificadado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración e instalación do ben moble.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/454A/762.01_, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE NEGREIRA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificadado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificadado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de adquirente, corresponderalle ó **CONCELLO DE NEGREIRA** o outorgamento do correspondente contrato de subministracións.
2. No procedemento de contratación, o **CONCELLO DE NEGREIRA** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición do ben moble, farase constar o importe do financiamento provincial
2. Adquirido o ben, o **CONCELLO DE NEGREIRA** deberá rotular o ben en lugar visible de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

Coa posibilidade prevista na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2012, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do **CONCELLO DE NEGREIRA** pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación do contrato de subministracións, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de subministracións, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos:
 - persoa adxudicataria,
 - importe do contrato
 - e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O **CONCELLO DE NEGREIRA** estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V.-2 de publicidade.

Formalizado en documento público o contrato, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificación acreditativa do pago do ben.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do **CONCELLO DE NEGREIRA**, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
- Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **CONCELLO DE NEGREIRA** na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o **CONCELLO DE NEGREIRA** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizada a adquisición, o **CONCELLO DE NEGREIRA** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da formalización do contrato e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ó **CONCELLO DE NEGREIRA** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional motivará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ó **CONCELLO DE NEGREIRA** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O **CONCELLO DE NEGREIRA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio .

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O **CONCELLO DE NEGREIRA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **CONCELLO DE NEGREIRA** poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **CONCELLO DE NEGREIRA** queda sometido aos procedementos de fiscalización

que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do moble motivará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

-  Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
-  Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
-  Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
-  Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
-  Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- ☞ Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- ☞ Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- ☞ Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- ☞ Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- ☞ Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- ☞ Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do CONCELLO DE OZA DOS RÍOS, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- ☞ Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE OZA DOS RÍOS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE OZA DOS RÍOS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o CONCELLO DE OZA DOS RÍOS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Oza dos Ríos para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional motivará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á CONCELLO DE OZA DOS RÍOS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O CONCELLO DE OZA DOS RÍOS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio .

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DE OZA DOS RÍOS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE OZA DOS RÍOS poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE OZA DOS RÍOS queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras motivará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE OZA DOS RÍOS serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONCELLO DE OZA DOS RÍOS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día **11 de novembro de 2013, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2013**

2. Para o caso de que o Concello de Oza dos Ríos non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro** de 2013, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo

director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de Padrón perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE OZA DOS RÍOS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario con data do

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE OZA DOS RÍOS

Asdo.: DIEGO CALVO POUSO

Asdo.: PABLO GONZÁLEZ CACHEIRO”

26.- APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS PARA FINANCIAR O PROXECTO XXIX MOSTRA DA OLERÍA DE BUÑO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“A) Aprobar a formalización e o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A Excm. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, con CIF: P1504400A, PARA FINANCIAR A FEIRA OLERÍA DE BUÑO 2012, cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 50.000,00 euros (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 80% con respecto a un orzamento de 62.500,00 euros) que serán aboados con cargo á aplicación orzamentaria 0305/334G/462.01, e cuxo texto figura como anexo.

ANEXO:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS PARA PROMOVER A XXIX FEIRA OLERÍA DE BUÑO 2012

Na Coruña, o 13 de decembro de dous mil doce

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D.Diego Calvo Pouso, como Presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte Señor D. Eduardo José Parga Veiga, en representación do Concello de Malpica de Bergantiños.

EXPOÑEN:

1.- Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños consideran de gran interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados coa promoción económica na provincia da Coruña.

2.- Que a Deputación da Coruña é receptiva a todo aquilo que signifique estudo información e mellora da promoción económica dos axentes económicos e sociais da provincia.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños, as dúas partes acordan subscribir un convenio con conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de MALPICA DE BERGANTIÑOS, CIF: P -1504400A para o financiamento da **XXIX MOSTRA DA OLERÍA DE BUÑO 2012..**

ACORDAN

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA.

O Concello de MALPICA DE BERGANTIÑOS levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CAPÍTULO	IMPORTE
INFRAESTRUTURAS E ESPAZOS EXPOSITIVOS	25.000 €
ALUGUER CARPA CENTRAL..... 11.500 euros	
SEGURIDADE ESPAZOS EXPOSITIVOS... 2.500 euros	
INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS CARPA..... 2.000 euros	
INSTALACIÓNS STANDS, MATERIAIS E DECORACIÓN	9.000 euros
PERSOAL (azafatas/monitores)	10.000 €
PUBLICIDADE (Anuncios prensa, cuñas radio, lonas...)	20.000 €

ACTIVIDADES PARALELAS (Actuacións, eventos..)	5.500 €
OUTROS GASTOS (Día do neno na Mostra, papelería, consumibles...)	2.000 €
TOTAL	62.500 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 50.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/334G/462.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

A contía restante, hasta alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou allos acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable a entidade

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Concello de Malpica de Bergantiños obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

.1. Corresponderalle o Concello de MALPICA DE BERGANTIÑOS o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o Concello de MALPICA DE BERGANTIÑOS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de MALPICA DE BERGANTIÑOS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade establecida no disposto na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2012, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- 1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
 - 2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
 - 3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 - 4.- O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.
2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):
- 1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
 - 2.-Certificación clasificada dos gastos realizados entre o 1 de xaneiro ao 31 de outubro de 2012, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
 - 3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
 - 4.-Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
 - 5.-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
 - 6.-Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
 - 7.-Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Deberá acreditar o pagamento efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable

Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 50% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, ao CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do 1 de

xullo de 2013. As datas dos xustificantes estarán comprendidas entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de outubro de 2012.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional motivará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de MALPICA DE BERGANTIÑOS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de MALPICA DE BERGANTIÑOS terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello de MALPICA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio .

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de MALPICA DE BERGANTIÑOS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de MALPICA DE BERGANTIÑOS poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de MALPICA DE BERGANTIÑOS queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades motivará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de MALPICA DE BERGANTIÑOS serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención o Concello de MALPICA DE BERGANTIÑOS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro do presente ano a 31 de outubro do 2012, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día 1 de xullo de 2013, sempre e cando exista crédito para tal fin no exercicio 2013.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do** 1 de xullo de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de MALPICA DE BERGANTIÑOS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

“E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento”.

“

Faise constar que este convenio foi aprobado por acordo plenario de data

O presidente da Deputación da Coruña

o Alcalde do Concello de Malpica de Bergantiños

Diego Calvo Pouso

Eduardo José Parga Veiga”

27.- APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DA LARACHA PARA FINANCIAR AS OBRAS DE AMPLIACIÓN DE VESTIARIOS E ADECUACIÓN DA BANCADA NO CAMPO DE FÚTBOL DE PAIOSACO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“A) Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello da Laracha para financiar as obras incluídas no proxecto de AMPLIACIÓN DE VESTIARIOS E ADECUACIÓN DA BANCADA NO CAMPO DE FÚTBOL DE PAIOSACO, cunha achega de 40.317,20 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 80%) sobre un orzamento subvencionable de 50.396,50 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/342A/76201, e cuxo texto figura como anexo.

ANEXO:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA LARACHA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE AMPLIACIÓN DE VESTIARIOS E ADECUACIÓN DA BANCADA NO CAMPO DE FÚTBOL DE PAIOSACO

Na Coruña, o na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr Alcalde Presidente do Concello da Laracha, D.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello da Laracha ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Laracha con CIF P1504200E, para o financiamento da obra de AMPLIACIÓN DE VESTIARIOS E ADECUACIÓN DA BANCADA NO CAMPO DE FÚTBOL DE PAIOSACO , tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por la Empresa NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P.

2- O Concello da Laracha, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de

obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. *Xa que logo*, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello da Laracha, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

P. E.M:	35.000,00 euros
Gastos xerais 13,00%	4.550,00 euros
Beneficio industrial 6,00 %	2.100,00 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	8.746,50 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	50.396,50 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **40.317,20 euros** o que representa unha porcentaxe de 80%.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0202/342A/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello da Laracha de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello da Laracha o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello da Laracha axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello da Laracha tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello da Laracha estará obrigado a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2012, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello da Laracha pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de comprobación de replanteo da obra**, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens do Concello da Laracha, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Concello da Laracha** na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o **Concello da Laracha** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello da Laracha deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello da Laracha para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional motivará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da Laracha da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello da Laracha deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio .

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello da Laracha destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, O Concello da Laracha poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello da Laracha queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o **atraso na realización das obras** motivará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso **non excede de tres meses**. Se o **atraso na**

realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E **se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes**, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. **Se excede dun mes e non chegase a tres**, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E **se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses**, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a súa identificación serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello da Laracha será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día **11 de novembro de 2013, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2013**

2. Para o caso de que o Concello da Laracha non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro** de 2013, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello da Laracha perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da

Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello da Laracha, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ con data do _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DA LARACHA

Asdo.: DIEGO CALVO POUSO

Asdo.:”

28.- APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE ARES PARA FINANCIAR A HOMENAXE AOS VECIÑOS PRESOS EN MAUTHAUSEN (ADQUISICIÓN DE MONUMENTO “ESCALEIRA Á LIBERDADE”).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“A) Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Ares para a Homenaxe aos veciños presos en Mauthausen (adquisición de monumento “Escaleira á liberdade”) cunha achega de 15.000,00 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 77,26%), sobre un orzamento subvencionable do 19.415,60 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/334A/76201, e cuxo texto figura como anexo.

ANEXO:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARES PARA O FINANCIAMENTO DA HOMENAXE AOS VECIÑOS PRESOS EN MAUTHAUSEN (ADQUISICIÓN DO MONUMENTO “ESCALEIRA Á LIBERDADE”

Na Coruña, o de _____ de _____ na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Julio Ignacio Iglesias Redondo, Alcalde Presidente do Concello de Ares

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ares, CIF: P 1500400 E para o financiamento da homenaxe aos veciños presos en Mauthausen.

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.

Segundo o informe de valoración que achegou o Concello de Ares, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 19.415,60 EUROS.

CONCEPTO	IMPORTE
Óleo/ taboleiro	550,00
Placa conmemorativa	377,60
Enmarcación láminas	47,00
10 esculturas en miniatura	1236,00
Monumento escaleira da liberdade	17.205,00
TOTAL	19.415,60

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 15.000,00 euros, o que representa unha porcentaxe de **77,26%**. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade..

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **77,26%**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento

previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración e instalación do ben moble.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/334A/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de adquirente, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do correspondente contrato de subministracións.

2. No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición do ben moble, farase constar o importe do financiamento provincial

2. Adquirido o ben, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá rotular o ben en lugar visible de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

Coa posibilidade prevista na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2012, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación do contrato de subministracións, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de subministracións, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos:
 - persoa adxudicataria,
 - importe do contrato
 - e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

A ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V.-2 de publicidade.

- Formalizado en documento público o contrato, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):
- Certificación acreditativa do pago do ben.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos

- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
 - Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.
3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez realizada a adquisición, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da formalización do contrato e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional motivará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio .

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do moble motivará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día 11 de novembro de 2013

2. Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter adquirido o ben e presentada a xustificación antes do día 10 de agosto deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 11 de novembro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE ARES

Asdo.: Diego Calvo Pouso

Asdo.: Julio Ignacio Iglesias Redondo”

29.- APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE ARES PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DOS TERREOS NECESARIOS PARA A AMPLIACIÓN DO CPI CONDE DE FENOSA EN ARES.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun Convenio de Colaboración co Concello de Ares para **ADQUISICIÓN DOS TERREOS NECESARIOS PARA A AMPLIACIÓN DO CPI CONDE DE FENOSA EN ARES** cunha achega de de 20.000,00 euros con cargo á partida 0202/322C/76201 (o que representa unha porcentaxe total de financiamento de 59,51%), sobre un orzamento subvencionable de 33.610,40 euros, e cuxo texto figura como anexo.

ANEXO:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARES PARA O FINANCIAMENTO DA **ADQUISICIÓN DOS TERREOS NECESARIOS PARA A AMPLIACIÓN DO CPI CONDE DE FENOSA EN ARES.**

Na Coruña a ___ de _____ de do dous mil _____

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte o Sr. Julio Ignacio Iglesias Redondo., Alcalde-Presidente do Concello de Ares

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Ares ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ares, CIF: P-1500400E para o financiamento da adquisición dos terreos necesarios para **AMPLIACIÓN DO CPI CONDE DE FENOSA** que se describe de seguido:

DENOMINACIÓN DA DO PREDIO: _	CL CELSO EMILIO FERREIRO
SITUACIÓN E LINDEIROS	CL CELSO EMILIO FERREIRO 15624 ARES
REFERENCIA CATASTRAL:	099 1009 NJ 6019 S 0001IY
TITULAR:	Mª ANGELES SANCHEZ MARTÍNEZ

DENOMINACIÓN DA DO PREDIO:	CL CELSO EMILIO FERREIRO
SITUACIÓN E LINDEIROS (só para terreos rústicos)	CL CELSO EMILIO FERREIRO 15624 ARES
REFERENCIA CATASTRAL:	0991002NJ6009S0001FW
TITULAR:	MARÍA LÓPEZ RIVERA

DENOMINACIÓN DA DO PREDIO:	LAGARES_ ARES POLÍG 18 PARCELA 322
SITUACIÓN E LINDEIROS	LAGARES_ ARES POLÍG 18 PARCELA 322
REFERENCIA CATASTRAL:	15004A018003220000YD
TITULARES:	FRANCISCO DE LUBRE MARTÍNEZ PEREIRA MANUEL ANTONIO MARTÍNEZ PRIETO

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.

Segundo o informe de valoración que se achegou pola ENTIDADE BENEFICIARIA, o orzamento máximo para a adquisición ascende a **33.610,40 EUROS**.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **20.000,00 €** o que representa unha porcentaxe de **59,51%**. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **59,51%** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben inmovible e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrals.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0202/322C/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na súa condición de adquirente, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar dita adquisición con persoas o entidades vinculadas á ENTIDADE BENEFICIARIA, nin con calquera outra na que concorran algunhas das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións

2. Se o importe da adquisición supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos propietarios. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na escritura de compravenda que se outorgue para a adquisición do ben inmovible, farase constar o importe do financiamento provincial

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista no disposto na Base 56º das de execución do Orzamento para o ano 2012, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía

resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionábel unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben inmovible, expedida polo órgano competente, acompañada da seguinte documentación:
 - A) Descrición física e xurídica do ben.
 - B) Identificación do titular o titulares coa cuota que lles corresponda a cada un deles
 - C) Valoración pericial.
 - D) Aceptación dos propietarios do valor que se lles asigne
 - E) Determinación da data para a elevación á escritura pública.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

2.- Adquirido o ben, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Copia da escritura pública de adquisición.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de dez anos.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade. Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación Provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- Deberá cumprir a cláusula V.-2 relativa á publicidade, mediante a presentación de fotografía dilixenciada no reverso.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable (40%).
- Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizada a adquisición, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional motivará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a

presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio .

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de

novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do inmovible motivará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00^{DEL} se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na adquisición excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00^{DEL}.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00^{DEL}. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00^{DEL}. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00^{DEL}.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de outubro de 2013**

2.Para o caso de que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter **ADQUIRIDO O INMOBLE** e presentada a xustificación **antes do día 1 de setembro de 2013**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia numero _____ de data _____ de _____ do dous mil _____

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE- PRESIDENTE
DO CONCELLO DE ARES

Asdo.: DIEGO CALVO POUSO

Asdo.: Julio Ignacio Iglesias Redondo”

30.- APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE SADA PARA FINANCIAR AS OBRAS DE URBANIZACIÓN E ACONDICIONAMENTO NA CONTORNA DA ZONA DEPORTIVA DA AGRA DE SAMOEDO.

Por unanimidade, apróbbase o seguinte ditame da Comisión:

“A) Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Sada para financiar as obras incluídas no proxecto de **URBANIZACIÓN E ACONDICIONAMENTO NA CONTORNA DA ZONA DEPORTIVA DA AGRA DE SAMOEDO** cunha achega de 80.000 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 85,819 %) sobre un orzamento subvencionable de 93.219,56 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/151B/76201, e cuxo texto figura como anexo.

ANEXO:
CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SADA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA URBANIZACIÓN E ACONDICIONAMENTO NO ENTORNO DA ZONA DEPORTIVA DA AGRA DE SAMOEDO

Na Coruña, o na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr Alcalde Presidente do Concello de Sada, D.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de SADA ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de SADA con CIF P1507600C , para o financiamento da obra de **URBANIZACIÓN E ACONDICIONAMENTO NO ENTORNO DA ZONA DEPORTIVA DA AGRA DE SAMOEDO** tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por Valetín Medina Prieto.

2- O Concello de SADA, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. *Xa que logo*, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de SADA, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

P. E.M:	_____	64.740,30 euros
Gastos xerais 13,00%	_____	8.416,24 euros
Beneficio industrial 6,00 %	_____	3.884,42 euros

IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (21%) _____ 16.178,60 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA _____ 93.219,56 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **80.000 euros** o que representa unha porcentaxe de **85,819%**.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **85,819%** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0202/151B/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de SADA de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de SADA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de SADA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de SADA tramite e aprrobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un

exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de SADA estará obrigado a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista na base 56^a das de execución do orzamento para o ano 2012, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de SADA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adjudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do **acordo de adjudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de comprobación de replanteo da obra**, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens do Concello de SADA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á

finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Concello de SADA** na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o **Concello de SADA** terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Sada deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de SADA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional motivará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de SADA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello de SADA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio .

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de SADA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, O Concello de SADA poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de SADA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 55^a das de execución do orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o **atraso na realización das obras** motivará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso **non excede de tres meses**. Se o **atraso na realización das obras actividade excede de tres meses**, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E **se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes**, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. **Se excede dun mes e non chegase a tres**, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E **se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses**, a sanción

imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a súa identificación serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de SADA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día **11 de novembro de 2013, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2013**

2. Para o caso de que o Concello de SADA non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro** de 2013, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de SADA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de

novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de SADA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ con data do _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE SADA

Asdo.: DIEGO CALVO POUSO

Asdo.:”

31.- APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE SADA PARA FINANCIAR AS OBRAS DE INSTALACIÓN DE PLUVIAIS E SUBSTITUCIÓN DA TUBAXE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA NO CAMIÑO DE FIUNCHEDO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“A) Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Sada para financiar as obras incluídas no proxecto de **INSTALACIÓN DE PLUVIAIS E SUBSTITUCIÓN DA TUBAXE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, NO CAMIÑO DE FIUNCHEDO** cunha achega de 70.000 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do **73,344%** sobre un orzamento subvencionable de 95.440,57 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/453D/76201, e cuxo texto figura como anexo.

ANEXO:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SADA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA INSTALACIÓN DE PLUVIAIS E SUBSTITUCIÓN DA TUBAXE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, NO CAMIÑO DE FIUNCHEDO

Na Coruña, o _____ na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr Alcalde Presidente do Concello de Sada, D.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de SADA ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de SADA con CIF P1507600C , para o financiamento da obra de **INSTALACIÓN DE PLUVIAIS E SUBSTITUCIÓN DA TUBAXE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, NO CAMIÑO DE FIUNCHEDO** tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por Valetín Medina Prieto.

2- O Concello de SADA, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. *Xa que logo*, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de SADA, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

P. E.M:	66.282,78 euros
Gastos xerais 13,00%	8.616,76 euros
Beneficio industrial 6,00 %	3.976,96 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (21%)	16.564,07 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	95.440,57 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **70.000 euros** o que representa unha porcentaxe de 73,344%.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 73,344% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0202/453D/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de SADA de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de SADA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de SADA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de SADA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de SADA estará obrigado a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2012, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de SADA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de comprobación de replanteo da obra**, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens do Concello de SADA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Concello de SADA** na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o **Concello de SADA** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Sada deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de SADA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional motivará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de SADA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello de SADA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio .

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de SADA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, O Concello de SADA poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de SADA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o **atraso na realización das obras** motivará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso **non excede de tres meses**. Se o **atraso na realización das obras actividade excede de tres meses**, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E **se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes**, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. **Se excede dun mes e non chegase a tres**, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E **se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses**, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso prodúcese no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a súa identificación serán

remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de SADA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día **11 de novembro de 2013, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2013**

2. Para o caso de que o Concello de SADA non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro** de 2013, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de SADA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de SADA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ con data do _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE
DO CONCELLO DE SADA

Asdo.: DIEGO CALVO POUSO

Asdo.:”

32.- APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE MIÑO PARA FINANCIAR AS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DO CAMPO DE FÚTBOL DE GALLAMONDE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“A) Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Miño para financiar as obras incluídas no proxecto de ACONDICIONAMENTO DA **CONTORNA DO CAMPO DE FÚTBOL DE GALLAMONDE** cunha achega de 78.268 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 80%) sobre un orzamento subvencionable de 97.834,88 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/151B/76201, e cuxo texto figura como anexo.

ANEXO:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MIÑO PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DO CAMPO DE FÚTBOL DE GALLAMONDE

Na Coruña, o _____ na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr Alcalde Presidente do Concello de Miño, D.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de MIÑO ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de MIÑO con CIF P1507600C , para o financiamento da obra de **ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DO CAMPO DE FÚTBOL DE GALLAMONDE** tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por Ignacio Pedrosa Pérez.

2- O Concello de MIÑO, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. *Xa que logo*, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de MIÑO, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

P. E.M:	_____	67.945,60 euros
Gastos xerais 13,00%	_____	8.832,93 euros
Beneficio industrial 6,00 %	_____	4.076,74 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (21%)	_____	16.979,61 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	_____	97.834,88 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **78.268 euros** o que representa unha porcentaxe de 80%.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0202/151B/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de MIÑO de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de MIÑO o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de MIÑO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de MIÑO tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de MIÑO estará obrigado a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2012, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de MIÑO pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de comprobación de replanteo da obra**, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación

- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA
 - **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 - **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
 - **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
 - Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
 - **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 - Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
 - **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens do Concello de MIÑO, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
 - Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**
3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Concello de MIÑO** na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o **Concello de MIÑO** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.
4. Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA
2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de MIÑO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de MIÑO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional motivará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de MIÑO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello de MIÑO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio .

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de MIÑO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, O Concello de MIÑO poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de MIÑO queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o **atraso na realización das obras** motivará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso **non excede de tres meses**. Se o **atraso na realización das obras actividade excede de tres meses**, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E **se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes**, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. **Se excede dun mes e non chegase a tres**, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E **se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses**, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a súa identificación serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de MIÑO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día **11 de novembro de 2013, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2013**

2. Para o caso de que o Concello de MIÑO non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro** de 2013, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de MIÑO perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de MIÑO, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ con data do _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE MIÑO

Asdo.: DIEGO CALVO POUSO

Asdo.:?”

33.- APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE COIRÓS PARA FINANCIAR AS OBRAS DE MELLORA DE PRAZA PÚBLICA, COIRÓS DE ARRIBA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“A) Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Coirós para financiar as obras incluídas no proxecto de **MELLORAS DE PRAZA PÚBLICA, COIRÓS DE ARRIBA** cunha achega de 39.996,17 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 100%) sobre un orzamento subvencionable de 39.996,17 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/151B/76201, e cuxo texto figura como anexo.

ANEXO:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE COIRÓS PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA MELLORAS PRAZA PÚBLICA, COIRÓS DE ARRIBA

Na Coruña, o na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr Alcalde Presidente do Concello de Coirós, D.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de COIRÓS ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de COIRÓS con CIF P1502700F, para o financiamento da obra de **MELLORAS PRAZA PÚBLICA, COIRÓS DE ARRIBA** tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por Juan Carlos Llamazares Díaz.

2- O Concello de COIRÓS, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei

de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. *Xa que logo*, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de COIRÓS, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

P. E.M: _____	27.777,05 euros
Gastos xerais 13,00% _____	3.611,02 euros
Beneficio industrial 6,00 % _____	1.666,62 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (21%) _____	6.941,48 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA _____	39.996,17 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **39.996,17 euros** o que representa unha porcentaxe de 100%.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0202/151B/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de COIRÓS de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de COIRÓS o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, o Concello de COIRÓS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
- 3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
- 4.- No caso de que o Concello de COIRÓS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de COIRÓS estará obrigado a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista na base 56^a das de execución do orzamento para o ano 2012, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de COIRÓS pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de comprobación de replanteo da obra**, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta

- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens do Concello de COIRÓS, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Concello de COIRÓS** na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o **Concello de COIRÓS** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Coirós deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de COIRÓS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional motivará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de COIRÓS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello de COIRÓS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa

Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio .

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de COIRÓS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, O Concello de COIRÓS poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, ao Concello de COIRÓS queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de

subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o **atraso na realización das obras** motivará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso **non excede de tres meses**. Se o **atraso na realización das obras actividade excede de tres meses**, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E **se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes**, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. **Se excede dun mes e non chegase a tres**, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E **se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses**, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adjudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a súa identificación serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de COIRÓS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día **11 de novembro de 2013, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2013**

2. Para o caso de que o Concello de COIRÓS non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro** de 2013, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitud un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. Con esta data, o

convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de COIRÓS perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de COIRÓS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ con data do _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE COIRÓS

Asdo.: DIEGO CALVO POUSO

Asdo.:”

34.- APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O FOGAR GALEGO PARA ANCIÁNS DE BOS AIRES PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO SEU FOGAR DE ACOLLIDA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio atendendo ao obxecto e finalidade da actividade que se ha realizar procede:

*INCLUIR NA BASE 49 DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DO FOGAR GALEGO PARA ANCIÁNS DE BOS AIRES CON CIF:T-000000028, PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO SEU FOGAR DE ACOLLIDA CUNHA ACHEGA PROVINCIAL DE 40.000,00 **EUROS**, QUE REPRESENTA UN COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO DO 79,02% SOBRE UN ORZAMENTO DE 50.621,45 € QUE SERÁN ABOADOS CON CARGO Á APLICACIÓN ORZAMENTARIA 0103/232C/481, e cuxo texto figura como anexo.*

ANEXO:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O FOGAR GALEGO PARA ANCIÁNS DE BOS AIRES PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO SEU FOGAR DE ACOLLIDA

En a de de 2012

REUNIDOS

Dunha parte, D. DIEGO CALVO POUSO, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte, D. RAFAEL GIL MALVIDO, Presidente do *FOGAR GALEGO PARA ANCIÁNS DE BOS AIRES* – Arxentina , BOS AIRES (a beneficiaria, en adiante)

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas

MANIFESTAN

A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias se atopan afastados da súa terra, organizados a través de asociacións de comunidades galegas que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen á salvagarda da súa identidade cultural.

A problemática situación económica e social pola que están atravesando a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitas das entidades sociais constituídas polos cidadáns e cidadás galegos/as estén vivindo unha insostible situación de precariedade económica e asistencial.

A *Sociedade FOGAR GALEGO Para ANCIÁNS* é unha asociación civil, sen ánimo de lucro, de carácter benéfico, constituída no ano 1943, ao amparo da lexislación da República Arxentina, con sede social na rúa Moreno 1270 – 2º, de Bos Aires (Arxentina) que, segundo os seus estatutos, ten como finalidade a protección e socorro mutuo entre os seus asociados, e en xeral a realización dun labor asistencial e de previsión e axuda para as persoas maiores, a través da súa Residencia Domselaar, sita no Municipio de San Vicente.

A Deputación da Coruña é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, entre cuxas competencias está a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos, e estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior,

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o FOGAR GALEGO PARA ANCIÁNS DE BOS AIRES (a beneficiaria, en adiante) para o financiamento dos gastos de funcionamento do seu fogar de acollida, sito na Residencia Domselaar, durante o período comprendido entre o 1.08.2012 e o 31.12.2012.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

O orzamento dos gastos aludidos no apartado anterior ascende a 50.621,45 €, ou o seu equivalente en pesos argentinos, e o seu detalle é o seguinte:

CONCEPTO	IMPORTE
Honorarios profesionais	12.695,00 €
Subministración luz, gas, impostos e taxas	3.173,76 €
Alimentación	27.929,10 €
Persoal de mantemento (incluídos material e útiles de limpeza)	2.539,01 €
Farmacia e cueiros xeriátricos (bens consumibles)	2.380,32 €
Servizo de vixilancia	1.904,26 €
TOTAL	50.621,45 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña colabora no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 40.000,00 €, que equivale ao 79,02 % de coeficiente de financiamento. No caso de que os gastos xustificadas non acadasen os importes totais previstos na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe do coeficiente de financiamento (79,02 %) das cantidades efectivamente xustificadas. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se as cantidades xustificadas resultan inferiores ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0103/232C/481, do orzamento xeral para o 2012, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A achega provincial é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obtéña para a mesma finalidade, sempre que a suma destas non exceda do importe dos gastos xustificadas.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da beneficiaria.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. A achega da Deputación seralle aboada á beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria da actuación, subscripta polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula V, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta os métodos contables xeralmente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, deberán estar realizadas entre o 1.08.2012 e o 31.12.2012.

2. Unha vez rematadas as actividades, a beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional motivará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poda corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio .

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da

actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades motivará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dcoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de agosto de 2012, sen que en ningún

caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30 de xuño de 2013.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación antes do día 30 de abril de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2013. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo o día _____ de dous mil doce.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA
*SOCIEDADE FOGAR GALEGO PARA
ANCIÁNS DE BOS AIRES*

Asdo.: DIEGO CALVO POUSO

Asdo.: RAFAEL GIL MALVIDO"

35.- APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E A ESCOLA UNIVERSITARIA DE TURISMO DO CENTRO ESPAÑOL DE NOVAS PROFESIÓN PARA PROMOVER A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ESTUDO DOS ALUMNOS DA DEVANDITA ESCOLA NAS DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“APROBAR a formalización e o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A Excma. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E UNIVERSIDADE DA CORUÑA con CIF:Q-655005-J PARA FINANCIAR AS PRÁCTICAS DO MÁSTER EN DIRECCIÓN E PLANIFICACIÓN DO TURISMO EJERCICIO 2012 cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 10.000,00 € (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 76,92% con respecto a un orzamento de 13.000,00 €) que serán aboados con cargo á aplicación orzamentaria 0305/432A/481, e cuxo texto figura como anexo.

ANEXO:

CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA (ESCOLA UNIVERSITARIA DE TURISMO DEL CENTRO ESPAÑOL DE NOVAS PROFESIÓN) PARA PROMOVER A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DO MÁSTER EN TURISMO

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte D. O Excmo. Señor D. Xosé Luis Armesto Barbieto, como Reitor Magnífico da Universidade da Coruña.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

EXPOÑEN:

1.- Que a Universidade da Coruña, con CIF Q6550005J, é unha institución destinada ao servizo público da educación superior dotada de personalidade xurídica propia e cuxos estatutos contemplan, entre as súas funcións, a preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para creación artística.

2.- Que a Universidade da Coruña, de acordo coas súas posibilidades, trata de lle dar resposta, a través dos seus centros, departamentos e institutos, á crecente necesidade de formación de posgrao e de especialización profesional que demanda a nosa sociedade. É por iso que ten entre os seus obxectivos impartir as ensinanzas necesarias co fin de formar o estudantado e preparalo para o exercicio de actividades profesionais e dedícalle unha especial atención ao desenvolvemento de programas específicos de docencia establecidos a partir de necesidades concretas.

3.- Que o Real Decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os estudos universitarios oficias de posgrao, recoñece xa na súa exposición de motivos, que é aconsellable dotar os estudos de posgrao da maior flexibilidade para que, no ámbito da súa autonomía, as universidades definan e desenvolvan as súas estratexias e a organización de formación especializada e investigadora.

No artigo 9.3 do citado Real decreto dispón que a Universidade, por pedimento do órgano responsable do desenvolvemento do programa formativo, poderá establecer acordos de colaboración con outras institucións e organismos públicos e privados, así como as empresas ou industrias. Todas estas colaboracións deberán contar coa autorización previa da Universidade, por proposta do órgano responsable de desenvolver o programa.

4.- Que a Deputación da Coruña está interesada en contribuír á formación de alumnos da Universidade da Coruña na área de Turismo e así conseguir profesionais debidamente capacitados e preparamos para a súa futura incorporación ao mercado laboral. Por todo isto, acordan subscribir o presente acordo de colaboración, de conformidade coas seguintes.

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO DO CONVENIO

1.O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Universidade da Coruña para o financiamento de DOUS alumnos matriculados no Master Oficial en Dirección e Planificación do Turismo da Universidade da Coruña para que realicen prácticas formativas na Deputación da Coruña durante TRES meses.

2. Características das prácticas

A Deputación da Coruña recibirá aos estudantes da Universidade da Coruña durante un período de tempo de 300 horas e responsabilizarase da súa formación durante esta estancia. O estudantado que participe nestas prácticas levará a cabo tarefas relacionadas **coa planificación e coa xestión do Turismo** e outras que lle poidan ser encomendadas en relación co turismo.

3. Tutores

Por parte da Universidade da Coruña, actuará como titor académico D. Antón Álvarez Sousa, catedrático do Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración da Facultade de Socioloxía, ao cal están adscritas as prácticas e a quen lle corresponderá:

Establecer o programa de actividades que desenvolverá cada estudante.

Seguir o programa formativo desenvolto polo estudante para verificar o seu aproveitamento correcto.

Cualificar as prácticas formativas.

Por parte da Deputación Provincial da Coruña **Don Rafael Díaz-Aguado Jalón** actuará como titor do estudante durante a realización das prácticas e estaranlle encomendadas, durante este período, as tarefas de **dirección, asesoramento e coordinación** co titor da Universidade da Coruña.

4. Obriga dos estudantes

Os estudantes seleccionados para participaren nos programas de prácticas formativas externas, quedarán sometidos ao réxime establecido en cada programa, así como a cumpriren as seguintes obrigas:

Iniciar a práctica na data e coas condicións acordadas.

Realizar con dilixencia e aproveitamento a actividade en que consista a práctica, de acordo co programa e coas condicións específicas aprobadas.

Gardar con absoluto rigor o segredo profesional e non utilizar en ningún caso as informacións recollidas na Deputación da Coruña co obxecto de lle dar publicidade ou de comunicarllo a terceiros.

Non explotar aqueles traballos realizados na práctica sen autorización expresa da Deputación da Coruña nin durante o período que dure a práctica nin unha vez finalizada sen autorización expresa da Deputación da Coruña.

Presentar ante o titor da Universidade da Coruña, no prazo de 30 días, que contarán a partir da finalización destas, unha **memoria** que reflecta a actividade realizada ao longo do período de prácticas formativas.

Comunicarlle ao seu profesor titor as incidencias que afecten ao desenvolvemento da práctica formativa.

Outras que poidan establecerse de común acordo entre as partes.

Os estudantes serán informados das obrigas e asinarán a súa conformidade con elas antes de comezaren as prácticas.

5. Xestión

Correspóndelle á Universidade da Coruña, baixo a dirección do reitor ou da persoa en quen delegue, xestionar as prácticas formativas externas dos estudantes da Universidade da Coruña.

6. Certificados.

Ao finalizar o período de prácticas, a Deputación da Coruña expedirá un certificado a favor do estudante en que conste expresamente a especialidade a que estivo orientada a súa formación, as actividades realizadas, a duración do período de prácticas realizado e o seu rendemento.

Á súa vez, a Universidade da Coruña expedirá a favor do titor que designe a Deputación da Coruña un certificado da súa colaboración durante o período da práctica.

Así mesmo, a Universidade da Coruña expedirá unha acreditación a nome da entidade pola súa colaboración.

7. Natureza da relación entre o estudante e o centro de prácticas

O obxecto deste convenio é posibilitarlles aos estudantes a realización de diversas actividades fóra das dependencias universitarias coa finalidade de completar a súa formación. Dado este carácter formativo, a súa realización non establece relación contractual ningunha entre o estudante e a institución onde se leven a cabo, nin implica por parte da institución ningún compromiso canto á posterior incorporación dos estudantes a esta.

Así mesmo, en ningún caso e baixo ningún concepto, durante o período establecido de duración destas prácticas formativas a Deputación da Coruña poderá cubrir un posto de traballo cos estudantes que se acollan ao presente convenio.

8. Seguros

A eventualidade de accidentes que lle puidesen afectar ao estudante será cuberta polo seu seguro escolar nos casos en que o dito seguro proceda e por unha póliza de seguro adicional de accidentes e responsabilidade civil que ten subscrita a Universidade da Coruña para eses efectos.

9. Interrupción do período de prácticas

Calquera das partes poderá interromper as prácticas por motivo xustificado. Deberalle comunicarse esta circunstancia por escrito á outra parte no prazo máximo de 10 días, que contarán dende a súa interrupción.

En todo caso, habilitaranse todas aquelas medidas necesarias para evitar que resulten prexudicados os alumnos que se encontren realizando prácticas ao abeiro do presente convenio.

10. Comisión Mixta de Seguimento do Convenio

A partir da sinatura do presente convenio, ambas as partes, de común acordo, constituirán unha Comisión Mixta de Seguimento con representantes designados por elas en réxime de paridade. A dita comisión responsabilizarase da planificación, do seguimento e da avaliación das accións derivadas do convenio.

A Comisión Mixta de Seguimento reunirse sempre que o solicite unha das partes e remitiralles informes e propostas aos órganos reitores de cada unha delas.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A Universidade da Coruña levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
----------	---------

Pago a 2 alumnos/as durante 3 meses percibindo 750,00 € mensuais	4.500,00 €
Pago de promoción do mestrado	1.500,00 €
Xestión de contidos en liña	4.000,00 €
Utilización de locais, teléfonos, material funxible	3.000,00 €
TOTAL PARA XUSTIFICAR	13.000,00€

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 4.500 € (presuposto de dúas bolsaes), o que representa unha porcentaxe do 100 %, e cunha achega máxima de 5.500,00 € (presuposto da Universidade da Coruña en concepto de gasto) o que representa unha porcentaxe do 64,71%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 64,71 %, da cantidade efectivamente xustificada (segundo o presuposto da UDC en concepto de gasto). A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria que se indican no seguinte cadro:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
2012	0305/432A/481	10.000,00

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Universidade da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Corresponderalle Á UNIVERSIDADE DA CORUÑA o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas UNIVERSIDADE DA CORUÑA, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a UNIVERSIDADE DA CORUÑA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con

criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.No caso de que a Universidade da Coruña tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Universidade da Coruña.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

A achega da Deputación farase do seguinte xeito:

- A Deputación aboará a cantidade de 750,00 € cada mes (tres mensualidades) a cada un dos bolsellos o que supón un total de 4.500,00 euros (dous bolsellos por tres meses).

-A achega da Deputación seralle abonada á UNIVERSIDADE DA CORUÑA, unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscripta polo representante legal da UNIVERSIDADE DA CORUÑA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultado obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores con seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEXTA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Acreditación do cumprimento das obrigadas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

* A cantidade que a Deputación vai a pagar á Seguridade Social será descontada de los pagos a realizar aos bolsellos de acordo co R.D. 1493/2011, DE 24 de outubro a dita cantidade será imputada á aplicación 0203/211B/16000.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente CONVENIO establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a UNIVERSIDADE DA CORUÑA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do CONVENIO establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á UNIVERSIDADE DA CORUÑA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional motivará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste CONVENIO DE COLABORACIÓN e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a entidade da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidade da Coruña. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, á UNIVERSIDADE DA CORUÑA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A Universidade da Coruña deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A Universidade da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a UNIVERSIDADE DA CORUÑA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a UNIVERSIDADE DA CORUÑA, poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente CONVENIO de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a UNIVERSIDADE DA CORUÑA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente CONVENIO de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades motivará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización

das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade UNIVERSIDADE DA CORUÑA, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a entidade UNIVERSIDADE DA CORUÑA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste CONVENIO DE COLABORACIÓN, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de CONVENIOS que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación de gastos e abranguerá os devengados desde o 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30 de xuño do ano 2013 sempre e cando exista crédito para tal fin, no exercicio 2013.

2. Para o caso de que a UNIVERSIDADE DA CORUÑA non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación antes do 30 de abril de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2013. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a UNIVERSIDADE DA CORUÑA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informe da Unidade Xestora, so Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o

convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente CONVENIO ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeado polo presidente da Deputación e o da UNIVERSIDADE DA CORUÑA respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente CONVENIO.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ con data do _____ de _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DA
CORUÑA

Asdo: Xosé Luis Armesto Barbeito”

Asdo: Diego Calvo Pouso

36.- APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E A ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER (AFACO) PARA A ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO ADAPTADO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización e o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA e a **Asociación de familiares de enfermos de ALZHEIMER da Coruña (AFACO)** con CIF G15538838 para financiar a adquisición e posterior cesión dun vehículo adaptado, cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 69.620,00 euros (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 100%) con cargo á aplicación orzamentaria 0202/231E/62401, e cuxo texto figura como anexo.

ANEXO:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER DA CORUÑA (AFACO) PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO ADAPTADO QUE SERÁ DOADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA Á CITADA ASOCIACIÓN.

Na Coruña, o _____, na sede da Excma. Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Ilmo. Sr. D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña e,

Doutra parte, Dna. María del Carmen Martínez Pulleiro, Presidenta da Asociación de familiares de enfermos de ALZHEIMER da Coruña, con CIF: G-15.538.838.

Ambas as partes se recoñécense mutuamente a competencia e capacidade necesarias para asinar o presente convenio, e para o efecto

MANIFESTAN

O Pleno da Corporación en sesión celebrada o 25 de maio de 2012 aprobou o expediente de modificación de créditos 3/2012 suplemento a partida 0202/231E/624.01 coa finalidade de financiar a adquisición dun vehículo adaptado para destinalo á ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER DA Coruña (AFACO), cunha achega provincial de 69.620,00 euros (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 100,00%)

Por todo o exposto consideran necesario formalizar un convenio de colaboración conforme as seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de familiares de enfermos de ALZHEIMER da Coruña para a adquisición dun vehículo adaptado, que será doado pola Deputación Provincial da Coruña á citada Asociación.

SEGUNDA.- A Deputación adquirirá conforme os trámites previstos na normativa reguladora da contratación das corporacións locais, un vehículo de transporte adaptado con destino á Asociación de familiares de enfermos de ALZHEIMER da Coruña

TERCEIRA.- O importe máximo para a dita adquisición non excederá de 69.620,00 euros que serán achegados na súa totalidade pola Excma. Deputación Provincial da Coruña con cargo á aplicación orzamentaria 0202/231E/62401

CUARTA.- A Deputación doará gratuitamente un vehículo de transporte adaptado á Asociación de familiares de enfermos de ALZHEIMER da Coruña para prestar servizos de transporte adaptado ás persoas con diversidade funcional da comarca na que desenvolve a súa actividade a Asociación

QUINTA.- A Asociación de familiares de enfermos de ALZHEIMER da Coruña correrá cos gastos de uso, mantemento, reparacións, impostos.

SEXTA.- O vehículo destinarase exclusivamente a fins propios de transporte adaptado ás persoas con diversidade funcional. En caso contrario reverterán automaticamente á Deputación.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o

Así o din, asinan e outorgan en exemplar cuadruplicado no lugar e data fixados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE
FAMILIARES DE ENFERMOS DE
ALZHEIMER DA CORUÑA (AFACO)

Diego Calvo Pouso”

37.- APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E A ASOCIACIÓN SOCIO-CULTURAL MINUSVÁLIDOS FERROL (ASCM) PARA A ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO ADAPTADO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización e o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A Excm. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA e a **Asociación sociocultural de minusválidos (ASCM)** con CIF G15161573 para financiar a adquisición e posterior cesión dun vehículo adaptado, cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 35.150,00 euros (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 100%) con cargo á aplicación orzamentaria 0202/231E/62401, e cuxo texto figura como anexo.

ANEXO:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL DE MINUSVÁLIDOS PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO ADAPTADO QUE SERÁ DOADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA Á CITADA ASOCIACIÓN.

Na Coruña, o _____, na sede da Excm. Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Ilmo. Sr. D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña e,

Doutra parte, D. Ángel Gárate Roca, Presidente da ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL DE MINUSVÁLIDOS.

Ambas as partes recoñécense mutuamente a competencia e capacidade necesarias para asinar o presente convenio, e para o efecto

MANIFESTAN

O Pleno da Corporación en sesión celebrada o 25 de maio de 2012 aprobou o expediente de modificación de créditos 3/2012 suplemento a partida 0202/231E/624.01 coa finalidade de financiar a adquisición dun vehículo adaptado para destinalo a dar servizo de transporte adaptado ás persoas con diversidade funcional da comarca onde desenvolve a súa actividade a ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL DE MINUSVÁLIDOS FERROL, CIF: G-15.161.573, cunha achega provincial de 35.150,00 euros (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 100,00%)

Por todo o exposto consideran necesario formalizar un convenio de colaboración conforme as seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL DE MINUSVÁLIDOS para a adquisición dun vehículo adaptado, que será doado pola Deputación Provincial da Coruña á citada Asociación.

SEGUNDA.- A Deputación adquirirá conforme os trámites previstos na normativa reguladora da contratación das Corporacións Locais, un vehículo de transporte adaptado con destino á ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL DE MINUSVÁLIDOS

TERCEIRA.- O importe máximo para a dita adquisición non excederá de 35.150,00 euros que serán achegados na súa totalidade pola Excma. Deputación Provincial da Coruña con cargo á aplicación orzamentaria 0202/231E/62401

CUARTA.- A Deputación doará gratuitamente un vehículo de transporte adaptado á ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL DE MINUSVÁLIDOS para prestar servizos de transporte adaptado ás persoas con diversidade funcional da comarca na que desenvolve a súa actividade a Asociación

QUINTA.- A ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL DE MINUSVÁLIDOS correrá cos gastos de uso, mantemento, reparacións, impostos.

SEXTA.- O vehículo destinarase exclusivamente a fins propios de transporte adaptado ás persoas con diversidade funcional. En caso contrario reverterán automaticamente á Deputación.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o

Así o din, asinan e outorgan en exemplar cuadruplicado no lugar e data fixados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN
SOCIOCULTURAL DE MINUSVÁLIDOS

Diego Calvo Pouso”

38.-APROBACIÓN DA 5ª FASE DA ANUALIDADE 2012 DO PROGRAMA DE MODERNIZACIÓN DOS MERCADOS LOCAIS (ROIS) DENTRO DO PLAN DIRECTOR DE COMERCIO PARA AS COMARCAS DO BARBANZA, MUROS-NOIA E O SAR (GDR 25)

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os proxectos e demais documentación presentados polos concellos destinatarios do Programa de modernización dos mercados locais dirixido aos concellos das comarcas do Barbanza, Muros-Noia e o Sar cuxas bases reguladoras e a súa modificación foron aprobadas mediante o acordo plenario do 26 de marzo do 2010 e 24 de setembro de 2010 respectivamente,

1º- Aprobar a 5ª fase da anualidade 2012 do Programa de modernización dos mercados locais dirixido aos concellos das comarcas do Barbanza, Muros-Noia e o Sar cuxas cifras globais de financiamento se indican a continuación:

Financiamentos 5ª fase anualidade 2012	TOTAL 5ª fase anualidade 2012
Achega municipal	3% incremento tipo de gravame IVE (do 18% ao 21%)
Achega Deputación	36,249,02 €
Total	36,249,02 €

*Os concellos deberán asumir a diferenza do 3% do incremento no tipo de gravame do IVE, posto que o financiamento máximo por parte da Deputación para o exercicio 2012 é de 36.250,00 € no “Programa de modernización dos mercados locais dirixido aos concello das comarcas do Barbanza, Muros-Noia e O Sar” co obxecto de non superar a cantidade establecida nas bases para cada anualidade.

2º.- Aprobar a relación de actuacións de investimento que a continuación se relacionan:

CONCELLO	DESCRICIÓN DO PROXECTO	Presuposto	Achega municipal	Achega provincial	Presuposto total 2012
Rois	“Modernización do mercado local no Concello de Rois”. Obras na rúa Urdilde para ganar en seguridade vial e aparcadoiro e reordenar a entrada aos establecementos.	36.249,02	-	36.249,02	36.249,02€
TOTAL	36.249,02				

3º.- A achega provincial da presente proposta, por importe de 36.249,02 poderase imputar aos seguintes datos contables:

P. presupostaria	Anualidade	Fase	Importe	Nº operación
0305/431B/76201	2010	A	36.249,02	220120013756
TOTAL			36.249,02	

A achega da Deputación para a 5ª fase da anualidade 2012 ascende a 36.249,02 €

4º.- A contratación e execución das obras (anualidade 2012) segundo o aprobado polo acordo plenario do 27/04/2012 establece que os prazos para xustificar a contratación

das obras será de seis meses contados desde a aprobación polo Pleno da Deputación da incorporación da obra ao programa. O prazo para xustificar a execución do investimento será dun ano contado desde a adxudicación da obra.

5ª.- O presente acordo queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no presuposto da Corporación para o 2013.

6º.- Dispoñer a exposición pública da 5ª fase da anualidade 2012 do Programa mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presente ningunha alegación.

7º.- Facultar á Presidencia para canto proceda en orde á xestión do presente acordo".

39.- APROBACIÓN DO CONVENIO DA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DE FERROL E COMARCA PARA FINANCIAR O PROXECTO “MANTEMENTO DUNHA OFICINA DE XESTIÓN”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o texto do convenio que se vai subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA DE FERROL E COMARCA, CIF G15092513, para financiar o *“Mantemento dunha oficina de xestión da hostalería e turismo e sensibilización dos axentes sociais do destino Eume-Ferrol-Ortegal”*”.

2.- A achega provincial disposta no convenio ascende a un total de 20.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00%.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/432A/481.

3.-O presente acordo queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no presuposto da Corporación para o 2013.

4.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA FERROL E COMARCA

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. _____, con DNI núm. _____, en representación da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA FERROL E COMARCA

1. Que a Deputación provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA FERROL E COMARCA consideran de gran interese para a provincia impulsar a actividade empresarial, especialmente dedicada ao pequeno comercio.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA FERROL E COMARCA, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

EXPOÑEN

Que o sector turístico supón un factor de gran potencialidade no desenvolvemento do territorio Eume-Ferrol-Ortegal e por extensión da provincia da Coruña e que a promoción turística e da hostalería do territorio e da formación e sensibilización do empresariado e do resto dos axentes sociais do territorio responde a unha demanda social, así como do seu tecido asociativo cada vez máis solicitado.

Que a implicación do conxunto do tecido económico e social no mantemento e a posta en valor dos recursos patrimoniais do Eume-Ferrol e Ortegal vai garantir o seu mantemento futuro e a conseguir que o turismo sexa un dos motores económicos do territorio.

Que a área de turismo da Deputación da Coruña pretende contribuír ao incremento da actividade turística na provincia a través da proxección cara ao futuro da formación para garantir a continuidade, apoiando procesos sostibles no tempo e implicando na xestión do patrimonio a todos os actores das comarcas para facer unha oferta de calidade.

Para contribuír a isto, a Deputación da Coruña impulsará a promoción dos recursos turísticos do territorio e contribuír á formación e sensibilización dos axentes sociais na colaboración e promoción conxunta para lograr o fortalecemento do sector turístico e da hostalería do territorio Eume-Ferrol-Ortegal, co fin de lograr un posicionamento do “destino” deste territorio no mercado turístico.

A posta en marcha dunha oficina de Xestión da Hostalería e Turismo e Sensibilización dos Axentes Sociais do Destino Eume-Ferrol-Ortegal pon en valor o sector turístico no territorio da provincia e proxecta unha imaxe coherente e conxunta de todo o territorio.

Por todo o exposto e dado o interese coincidente de ambas as dúas entidades consideran necesario formalizar un convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA FERROL E COMARCA, CIF G15092513, para o financiamento do “*Mantemento dunha oficina de xestión da hostalería e turismo e sensibilización dos axentes sociais do territorio Eume-Ferrol-Ortegal*”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA FERROL E COMARCA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
GASTOS DE PERSOAL: Salarios da coordinadora e o persoal técnico, axudas de custe	20.000,00 €
GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS: Material de oficina e funxible Gastos de comunicación (Teléfono, internet) Promoción	5.000,00 €
TOTAL	25.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 20.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/432A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA FERROL E COMARCA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA FERROL E COMARCA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA FERROL E COMARCA, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA FERROL E COMARCA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA FERROL E COMARCA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA FERROL E COMARCA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA FERROL E COMARCA, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA FERROL E COMARCA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, (comprendidos entre o 1 de xaneiro a o 31 de decembro de 2012) no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA FERROL E COMARCA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

Non será posible expedir un pago anticipado se a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA FERROL E COMARCA ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras

finalidades e, tendo finalizado o prazo previsto, non se presentase a xustificación correspondente.

Para a recepción dos fondos anticipados, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA FERROL E COMARCA deberá ter unha conta bancaria co título “Fondos para atender á actividade...”. Con cargo á dita conta bancaria deberán efectuarse todos os cobros e pagamentos que correspondan á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA FERROL E COMARCA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA FERROL E COMARCA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA FERROL E COMARCA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA FERROL E COMARCA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA FERROL E COMARCA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA FERROL E COMARCA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA FERROL E COMARCA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA FERROL E COMARCA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA FERROL E COMARCA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a

efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA FERROL E COMARCA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA FERROL E COMARCA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA FERROL E COMARCA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de marzo do ano 2013, sempre e cando exista crédito para tal fin, no exercicio 2013.

2. Para o caso de que a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA FERROL E COMARCA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 31 de xaneiro de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA FERROL E COMARCA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O REPRESENTANTE DA ASOCIACIÓN DE
EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA
FERROL E COMARCA

DON DIEGO CALVO POUSO

JULIO MARTÍNEZ MARTÍNEZ”

40.-APROBACIÓN DA 6ª FASE DA ANUALIDADE 2012 DO PROGRAMA DE MODERNIZACIÓN DOS MERCADOS LOCAIS (PADRÓN E NOIA) DENTRO DO PLAN DIRECTOR DE COMERCIO PARA AS COMARCAS DO BARBANZA, MUROS-NOIA E O SAR (GDR 25).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os proxectos e demais documentación presentados polos concellos destinatarios do Programa de modernización dos mercados locais dirixido aos concellos das comarcas do Barbanza, Muros-Noia e o Sar cuxas bases reguladoras e a súa modificación foron aprobadas mediante acordo plenario do 26 de marzo do 2010 e 24 de setembro de 2010 respectivamente,

1º- Aprobar a 6ª fase da anualidade 2012 do Programa de modernización dos mercados locais dirixido aos concellos das comarcas do Barbanza, Muros-Noia e o Sar cuxas cifras globais de financiamento se indican a continuación:

Financiamentos 6ª fase anualidade 2012	TOTAL 6ª fase anualidade 2012
Achega municipal	3% incremento tipo de gravame IVE (do 18% ao 21%)
Achega Deputación	71.810,52 €
Total	71.810,52 €

*Os concellos deberán asumir a diferenza do 3% do incremento no tipo de gravame do IVE, posto que o financiamento máximo por parte da Deputación para o exercicio 2012 é de 36.250,00 € no “Programa de modernización dos mercados locais dirixido aos concello das comarcas do Barbanza, Muros-Noia e O Sar” co obxecto de non superar a cantidade establecida nas bases para cada anualidade.

*Condiciónase a aprobación, execución e pago da obra correspondente ao Concello de Padrón a que o dito concello presente a preceptiva autorización da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico Galego da Coruña

2º.- Aprobar a relación de actuacións de investimento que a continuación se relacionan:

CONCELLO	DESCRICIÓN DO PROXECTO	Presuposto	Achega municipal	Achega provincial	Presuposto total 2012
Padrón	“Reforma da Praza de Abastos Municipal. Campo do Souto Padrón”.	36.250,00€	3% incremento tipo de gravame IVE (do 18% ao 21%)	36.250,00 €	36.250,00€
Noia	“Arranxo das tubaxes de saneamento e outras melloras na Praza de Abastos de Noia	35.560,52 €	3% incremento tipo de gravame IVE (do 18% ao 21%)-	35.560,52 €	35.560,52 €
TOTAL	71.810,52 €				

3º.- A achega provincial da presente proposta, por importe de 71.810,52 € poderase imputar aos seguintes datos contables:

Concello	P. presupostaria	Anualidade	Fase	Importe	Nº operación
Padrón	0305/431B/76201	2011	A	36.250,00 €	220120013756
Noia		2010		2.778,30 €	220120013756
		2010		4.000,00 €	220120013735
		2011		17.170,92 €	220109001141
		2012		11.611,60 €	220119000914
TOTAL			71.810,52 €		

4º En relación á imputación dos gastos ao Concello de Noia e debido á distinta procedencia dos créditos unha vez aprobada a presente fase polo órgano competente,

deberá contabilizarse os documentos contables D, do Concello de Noia como se indica:

Concello	Documento contable D	Documento contable A	Anualidade	Importe
NOIA	D con cargo aos documentos contables	220120013756	2010	2.778,30
		220120013735		4.000,00
		220119000914	2012	11.611,60
	D con cargo ao documento contable	220109001141	2011	17.170,92
TOTAL				35.560,82

A achega da Deputación para á e 6ª fase da anualidade 2012 ascende a 71.810,52 €

4º.- A contratación e execución das obras (anualidade 2012) segundo o aprobado polo acordo plenario do 27/04/2012 establece que os prazos para xustificar a contratación das obras será de seis meses contados desde a aprobación polo Pleno da Deputación da incorporación da obra ao programa. O prazo para xustificar a execución do investimento será dun ano contado desde a adxudicación da obra.

5ª.- O presente acordo queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no presuposto da Corporación para o 2013.

6º.- Dispoñer á exposición pública a 6ª fase da anualidade 2012 do Programa mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presente ningunha alegación.

7º.- Facultar ao Presidente para canto proceda en orde á xestión do presente acordo".

41.- APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN E A ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES DA COSTA DA MORTE “INFORMACIÓN, COMERCIALIZACIÓN E DIFUSIÓN”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE, CIF G15870025, para financiar as actividades da “Costa da Morte: Información, Comercialización e Difusión”.

2.- A achega provincial prevista no convenio ascende a un total de 45.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/432B/481.

3. Facultar ao presidente para a sinatura do convenio

4.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. _____, con DNI núm. _____, en representación da ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE

1. Que a Deputación provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE consideran de grande interese para a provincia impulsar o sector turístico que ten un efecto multiplicador sobre outros sectores produtivos.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE, CIF G15870025, para o financiamento das actividades da “Costa da Morte: Información, Comercialización e Difusión”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
----------	---------

GASTOS DE PERSOAL: Persoal para o proxecto..... 16.510,00 €	16.510,00 €
GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS: Acción de información, comercialización e difusión 38.200,00 € Materiais de oficina e gastos correntes 1.540,00 €	39.740,00 €
TOTAL	56.250,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 45.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00%. No caso de que o gasto xustificando non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/432B/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificando.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificando, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias

debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE

da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e

pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de marzo do ano 2013, sempre e cando exista crédito para tal fin, no exercicio 2013.

2. Para o caso de que a ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 31 de xaneiro de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a

Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante da ASOCIACIÓN
PROFESIONAL DO SECTOR
TURÍSTICO DA COSTA DA
MORTE

DON DIEGO CALVO POUSO

MANUEL L. PAN COLLAZO”

42.-APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DA COMARCA DE SONEIRA PARA FINANCIAR A REFORMA DA PLANTA BAIXA E ADECUACIÓN DA PLANTA PRIMEIRA PARA CENTRO DA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMARCA SONEIRA, CIF G15390172, para financiar a *“Reforma da planta baixa e adecuación da planta primeira para Centro da Asociación de Empresarios”*.

2.- A achega provincial disposta no convenio ascende a un total de 35.056,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 78,14 %.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/414B/781.

3.- Facultar ao presidente para a sinatura do convenio

4.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMARCA SONEIRA

A Coruña, a

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. _____, con DNI núm. _____, en representación da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMARCA SONEIRA

1. Que a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMARCA SONEIRA consideran de grande interese para a provincia impulsar a actividade empresarial da zona de influencia da Costa da Morte e este labor require que a Asociación dispoña tanto dos medios técnicos como dunhas instalacións acordes cos servizos ofrecidos, xa que neste intre non resulta doado pola dificultade de acceso ao local da Asociación.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMARCA SONEIRA, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMARCA SONEIRA, CIF G15390172, para o financiamento da “*Reforma da planta baixa e adecuación da planta primeira para o Centro da Asociación de Empresarios*”, tal como aparece definida esta no proxecto básico e de execución, redactado por don Francisco Javier Fernández Echeverría, arquitecto Colexiado núm. 1.969, que foi visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, con data do 05/10/2012.

2. A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMARCA SONEIRA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos servizos técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMARCA SONEIRA, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P.E.M. _____	31.157,00 €
GASTOS XERAIS _____	4.050,41 €
BENEFICIO INDUSTRIAL _____	1.869,42 €
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO _____	7.786,13 €
<i>PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA</i> _____	<i>44.862,96 €</i>

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 35.056,00 €, o que representa unha porcentaxe de 78,14%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 78,14%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/414B/781, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMARCA SONEIRA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMARCA SONEIRA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. Con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMARCA SONEIRA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

No procedemento de contratación deberá participar un funcionario provincial, designado polo presidente da Corporación, que formará parte da Comisión técnica que avalíe as ofertas dos licitadores.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMARCA SONEIRA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMARCA SONEIRA a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMARCA SONEIRA deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Certificación de obra subscrita polo técnico-director e polo contratista.
- Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
- Certificación de aprobación desta polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase subministrar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso) e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención polo menos por un prazo de DEZ anos.

A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMARCA SONEIRA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

Non será posible expedir un pago anticipado se a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMARCA SONEIRA ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, tendo finalizado o prazo previsto, non se presentase a xustificación correspondente.

Para a recepción dos fondos anticipados, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMARCA SONEIRA deberá ter unha conta bancaria co título “Fondos para atender á actividade...”. Con cargo á dita conta bancaria deberán efectuarse todos os cobros e pagamentos que correspondan á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMARCA SONEIRA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMARCA SONEIRA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMARCA SONEIRA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMARCA SONEIRA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e

correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMARCA SONEIRA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMARCA SONEIRA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMARCA SONEIRA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMARCA SONEIRA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMARCA SONEIRA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun

control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMARCA SONEIRA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na Base 55^a das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMARCA SONEIRA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMARCA SONEIRA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do ano 2013, sempre e cando exista crédito para tal fin, no exercicio 2013.

2. Para o caso de que a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMARCA SONEIRA non poida ter rematadas as OBRAS e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS COMARCA SONEIRA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante da ASOCIACIÓN
DE EMPRESARIOS COMARCA
SONEIRA

DON DIEGO CALVO POUSO

MANUEL MOURELLE AMADO”

43.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2013.

INTERVENCIONES

Sr. Ruiz Rivas

Simplemente para incidir unha vez máis que esta Corporación provincial tenta, desde esta nova lexislatura, tenta axudar os concellos e á súa autonomía en todo o que pode e en todo o que é a súa competencia. Froito diso, nestes dous anos de nova lexislatura déuselles a posibilidade a todos os concellos de incrementar esa autonomía podendo destinar un maior incremento a gastos correntes, un 60%, cando antes viña sendo menos e iso, digamos que fixo que o Plan de obras e servizos, tal como viña entendendo ata agora, non tivese un carácter tan finalista como ata esa aprobación.

Agora damos un paso máis desde o momento en que é a propia Deputación a única que financia este Plan de obras e servizos, considerabamos importante modificar as bases nun dobre sentido, por unha banda non facendo obrigatorio, ou quitando a obrigatoriedade que tiñan os concellos ata agora de financiar o 5%, e por outra banda que, en caso de producirse baixas, que esas baixas vaian en primeiro lugar a esa achega dos concellos. Con iso, que conseguimos?, pois por unha banda, evidentemente, que o concello non teña que, dentro do que son os seus orzamentos, destinar ese 5% ao Plan de obras e servizos e, por outra banda, sobre todo en anos posteriores, posto que este ano tívose que ampliar o prazo, vainos permitir que adxudiquemos esas obras moito antes, canto ao non ter que achegar fondos propios, moitos concellos que non teñen aprobados os orzamentos, sen dúbida van poder facer ese Plan de obras e servizos con maior celeridade, o cal tamén vai en definitiva mellorar o servizo da propia Deputación en canto ao control e xestión deses fondos. Esas son as finalidades e creo que coa aprobación na Comisión por unanimidade damos un paso importante a favor desa autonomía que os concellos deben ter. Grazas, Sr. presidente.

Sr. Regueira Varela

Bos días, efectivamente, eu creo que se dá un paso adiante, nós imos apoiar este punto, pero queremos facerlle un rogo.

Nós cremos que esta modificación do POS, polo propio respecto institucional que debemos ter entre os grupos que compomos esta Cámara, en ocasións próximas, cando haxa unha modificación, non estaría de máis que ao mesmo tempo que se lle informa ás alcaldías, tamén se lles informe aos deputados e ás deputadas, porque antes de que este punto fora á Comisión pertinente, algún deputado que non ten funcións de goberno no seu concello informouse polas Alcaldías de que ía existir esa modificación. Por tanto, en próximas ocasións non estaría de máis que se nos comunicase.

Sr. Presidente

De acordo, era simplemente unha comunicación informal de cara a que se estaban a preparar neses momentos nos concellos a documentación, pois que contasen xa con esta modificación que iamos presumiblemente traer a Pleno, con independencia do resultado, pero non se preocupe, que así se fará.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vista a proposta de modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013, subscrita polo

deputado provincial e presidente da Comisión de Cooperación e Asistencia a Concellos, relativa a *modificar as bases reguladoras do POS 2013 no sentido de que a achega municipal para o financiamento das súas obras sexa totalmente voluntaria, e que se existiran baixas de licitación na adxudicación das obras, que se apliquen a minorar en primeiro lugar a achega municipal se existise, ata a súa anulación, e ademais, coa finalidade de que os concellos poidan realizar as súas propostas de obras adaptadas a esta modificación das bases, que o prazo para presentar a documentación se podería ampliar ata o 18 de xaneiro de 2013*

1.- Modificar as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013, aprobadas polo Pleno da Deputación en sesión realizada o día 26 de outubro de 2012 e publicadas no Boletín Oficial da Provincial nº 207 do 30 de outubro de 2012, no sentido de establecer que a achega municipal para o financiamento das obras sexa voluntaria e suprimindo o 5% de achega municipal establecida inicialmente, e de ampliar ata o 18 de xaneiro de 2013 o prazo para presentar a documentación requirida nas bases.

As bases afectadas por esta proposta serían as número 4 e 5 que quedarían redactadas como se indica a continuación.

Base 4

Na base 4 mantense a redacción dos 4 primeiros parágrafos e modifícanse os parágrafos 5 e seguintes que deben quedar coa seguinte redacción:

“ 4.- FINANCIAMENTO

.../...

Para a realización de obras da base 2.A), a esta cantidade sumárase, no seu caso, o importe correspondente á achega que voluntariamente o concello desexa realizar.

Para cada obra solicitada deberá indicarse individualizadamente a que se financia con cargo á Deputación e, no seu caso, a parte que voluntariamente achega o concello.

Terase en conta que, de conformidade co criterio de aplicación das baixas de licitación aprobado polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 25-09-1998, no caso de que haxa unha baixa de licitación na obra, o concello beneficiarase da máxima baixa posible. Isto quere dicir que se o concello realiza voluntariamente algunha achega, no caso de que houberse baixa de licitación, esta aplicarase en primeiro lugar a minorar a dita achega ata anulala, mantendo no posible a achega da Deputación.”

Base 5

Na base 5 modifícase o primeiro parágrafo relativo ao prazo de presentación das solicitudes, e o parágrafo que deseguido se indica, que fai referencia ao financiamento da achega municipal, e mantense o resto dos parágrafos:

5.- DOCUMENTACIÓN QUE SE HA DE REMITIR

Os concellos que desexen participar neste plan, deberán presentar no Rexistro Xeral da deputación, ou nas formas dispostas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ata o 18 de xaneiro de 2013, a seguinte documentación:

.../...

O concello deberá adoptar o compromiso firme de incluír no orzamento municipal crédito de abondo para o financiamento da achega municipal ás obras se voluntariamente existe achega do concello.”

2.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presente ningunha alegación.

3.- Remitir o expediente para o coñecemento e informe á Xunta de Galicia e a Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 122 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións una vez transcorrido o dito prazo sen que se emita ningún informe.”

44.- APROBACIÓN DA 3ª FASE DA ANUALIDADE 2012 DO PLAN DTC 94: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Logo de ver as Bases reguladoras do Plan “DTC 94: Unha deputación para todos os concellos”, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión realizada o día 27 de xullo de 2012 e cuxo texto íntegro se publicou no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 145 do 1 de agosto de 2012.

Despois de ver as solicitudes que están correctas e completas presentadas polos concellos que máis adiante se detallan.

1.- Aprobar a 3ª fase da anualidade 2012 do Plan “DTC 94: Unha deputación para todos os concellos”, cuxo resumo de cifras globais dos distintos apartados establecidos na base 2 nos que se estrutura é o que se indica a continuación, e cuxa relación de actuacións figura nos anexos I e II a este acordo: anexo I para os apartados A-B-C, e anexo II para o apartado D.

Aprobar os proxectos técnicos das obras e pregos das subministracións incluídas nesta fase do plan.

A solicitude do Concello de Culleredo debe quedar condicionada a que o concello presente a certificación da ratificación polo Pleno municipal do acordo de participación no plan, de acordo co establecido no último parágrafo da base 5.1.

O resumo dos datos desta 3ª fase é o seguinte:

3ª FASE ANUALIDADE 2012 con 8 concellos PLAN DTC-94 "Unha deputación para todos os concellos"				
APARTADO	PARTIDA	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL
A) OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS	0501/459G/76201	1.342.926,04	0,00	1.342.926,04
B) HONORARIOS DE REDACCIÓN DE PROXECTOS	0501/459G/76201	0,00	0,00	0,00
C) ACHEGAS MUNICIPAIS	0501/459G/76201	0,00	0,00	0,00
D) GASTO CORRENTE	0501/459G/46201	1.071.628,84	0,00	1.071.628,84
TOTAL 3ª FASE DTC 94		2.414.554,88	0,00	2.414.554,88

A solicitude do Concello de Ferrol inclúese nesta 3ª fase na súa totalidade no apartado de investimento, e parcialmente no apartado de gasto corrente, porque a cantidade de 80.463,98 € do apartado de gasto corrente queda pendente para a súa inclusión na 4ª fase do plan, xunto co concello que queda pendente de corrixir a súa documentación, o que se realizará no vindeiro exercicio cando exista crédito adecuado e suficiente.

A aprobación definitiva do apartado D) de gasto corrente desta fase debe quedar condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 6/2012, no que se inclúe crédito suficiente na partida 0501/459G/46201 para o seu financiamento.

2.- A contratación das obras e subministracións incluídas no apartado A realizarana os respectivos concellos de acordo co disposto na base 7, pero establécese como prazo para presentar a documentación indicada na citada base ata o 30 de xuño de 2013.

3.- A execución do plan e pago da achega provincial realizarase de acordo co disposto na base 8, pero coas seguintes ampliacións de prazos: para as actuacións do apartado A) de obras e subministracións, o prazo para a terminación das actuacións establécese ata o 30 de novembro de 2013; e para as actuacións incluídas no apartado B) de financiamento de honorarios de redacción de proxectos, o prazo para a remisión da copia do contrato de redacción de proxecto establécese ata o 30 de xuño de 2013, e o prazo para presentar a correspondente factura aprobada polo órgano municipal competente ata o 30 de novembro do 2013.

4.- Dispoñer o pago, con carácter de prepagable, aos concellos que optaron por destinar unha parte da cantidade asignada ao apartado D) para o financiamento dos seus gastos

correntes previstos para o exercicio 2012, cuxa relación e importes figuran no anexo II a este acordo e segundo o procedemento establecido na base 8.

O devandito pago realizarase con cargo á partida 0501/459G/46201, de acordo cos datos contables que figuran no informe de Intervención a este expediente, unha vez que entre en vigor o citado expediente de modificación de créditos 6/2012.

5.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presente ningunha alegación.

6.- Remitir o expediente para o coñecemento e informe á Xunta de Galicia e a Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 122 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións una vez transcorrido o dito prazo sen que se emita ningún informe.”

**DTC 94: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS
CONCELLOS**

3ª FASE ANUALIDADE 2012

ANEXO I : APARTADOS A - B - C

A) Obras e subministracións

CONCELLO		DENOMINACIÓN DA ACTUACION	FINANCIAMENTO		
			ACHEGA DEPUTACION	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Cedeira	12.3280.0133.0	PAV. VIAIS MPAIS: ESTEIRO, PARDIÑEIRA, ESPIÑAREDO E OU.	38.945,19	0,00	38.945,19
		SUBTOTAL	38.945,19	0,00	38.945,19
Coristanco	12.3280.0134.0	MELLORA DEP. PRRQ. AGUALADA, ACD. PRZ. PRRQ SEAVIA.....	74.014,11	0,00	74.014,11
	12.3280.0135.0	MELLORA CAPA ROD. CMS. FERREIRA, TRABA, OCA, CEREIO E OU.	88.480,81	0,00	88.480,81
	12.3280.0136.0	PECHE E ACD. ESCOLA, ACCESO PRAZA E MELLORA CAPA ROD.	97.278,84	0,00	97.278,84
		SUBTOTAL	259.773,76	0,00	259.773,76
Culleredo	12.3280.0137.0	PAVIMENTACIÓN NO NUCLEO DE ORRO BEIRARRÚAS E ASF. EN R/XAFONTES-VILABOA	30.288,30	0,00	30.288,30
	12.3280.0138.0	ASFALTADO R/TEMPLARIOS- O BURGO	41.008,87	0,00	41.008,87
	12.3280.0139.0	PAV. NAS PRRQ. DE CELAS, CULLEREDO E O BURGO	35.205,56	0,00	35.205,56
	12.3280.0140.0	REPA. XERAIS EN BEIRARRÚAS E APARC. E INST.PAPELIRAS	37.388,44	0,00	37.388,44
	12.3280.0141.0	REPA. PAV. RUA HERSA E R/ SANXURXO	49.996,23	0,00	49.996,23
	12.3280.0142.0	DE CARRICARTE	31.232,10	0,00	31.232,10
	12.3280.0143.0	REPA SENDA PEONIL E VARANDA	31.107,22	0,00	31.107,22
	12.3280.0144.0	PROTECC. NA CORVEIRA	31.107,22	0,00	31.107,22
	12.3280.0144.0	REPA MURO EXISTENTE, PAV, VARANDA E BEIRARRUAS.....	37.297,73	0,00	37.297,73
	12.3280.0145.0	REPA. VALADO POLDVA , PONTE NO PASEO MARITIMO E VARANDA	34.209,43	0,00	34.209,43
		SUBTOTAL	327.733,88	0,00	327.733,88
Ferrol	12.3280.0146.0	SUB. DÚAS MOTOS POLICIA LOCAL E TODOTERREO PROTECC. CIVIL	62.000,00	0,00	62.000,00
		SUBTOTAL	62.000,00	0,00	62.000,00
Mazaricos	12.3280.0147.0	MELLORAS NO AF. CMS. MPAIS PRRQ. CORZÓN E MAZARICOS	87.684,07	0,00	87.684,07
	12.3280.0148.0	MELLORAS NO AF. CMS. MPAIS PRRQ. EIRÓN, COIRO E ARCOS	94.316,54	0,00	94.316,54
	12.3280.0149.0	MELLORAS NO AF. CMS. MPAIS PRRQ. MAROÑAS, ANTES E COLUNS	93.842,52	0,00	93.842,52
		SUBTOTAL	275.843,13	0,00	275.843,13
Mugardos	12.3280.0150.0	VEHICULO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS RSU	143.990,00	0,00	143.990,00
	12.3280.0151.0	PV. VIAIS MPAIS: R. ALTA, FONTEGRANDE, A REGA E SIMOU	35.775,33	0,00	35.775,33
		SUBTOTAL	179.765,33	0,00	179.765,33
Teo	12.3280.0152.0	AF. E ACD. DA PISTA A PÓBOA-CRUXEIRAS(CACHEIRAS-TEO)	97.856,31	0,00	97.856,31
	12.3280.0153.0	REPA. DO FIRME EN OUTEIRO (REIS, CONCELLO DE TEO)	37.639,24	0,00	37.639,24
		SUBTOTAL	135.495,55	0,00	135.495,55
Cariño	12.3280.0154.0	REPA E ADECU. AL. PUB. MPAL.	31.425,20	0,00	31.425,20
	12.3280.0155.0	SUB. DOUS VEHÍCULOS PRESTACIÓN SERV. PUB.	31.944,00	0,00	31.944,00
		SUBTOTAL	63.369,20	0,00	63.369,20

TOTAL	1.342.926,04	0,00	1.342.926,04
--------------	---------------------	-------------	---------------------

DTC 94: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS**3ª FASE ANUALIDADE 2012****ANEXO II : APARTADO D****D) Gastos correntes**

CONCELLO	CANTIDADE DESTINADA A GASTOS CORRENTES
Cedeira	179.658,11
Coristanco	21.631,60
Culleredo	25.927,99
Ferrol	523.873,46 (*)
Mazaricos	27.569,55
Mugardos	27.039,50
Teo	174.117,17
Cariño	91.811,46
TOTAL	1.071.628,84

(*) A cantidade solicitada polo Concello de Ferrol para gastos correntes é de 604.337,44 €, da cal 523.873,46 € inclúense nesta 3ª fase, e 80.463,98 € queda pendente para a súa inclusión na 4ª fase do Plan DTC-94

45.-APROBACIÓN TÉCNICA DOS PROXECTOS QUE INTEGRARÁN O PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS QUE SE DETALLA E SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS: MELLORA DE INTERSECCIÓN NA DP 3612 ANEIROS A CABANA PK 1+150 (FERROL).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar tecnicamente os proxectos que integrarán O PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS. A citada aprobación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e á súa aprobación definitiva.

TÍTULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA
MELLORA DA INTERSECCION NA D.P. 3612 ANEIROS A CABANA PK 1+150 (FERROL)	113.326,2
Totais	113.326,2

- Expor ao público o citado proxecto mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia no prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.

- Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das obras MELLORA DA INTERSECCION NA D.P. 3612 ANEIROS A CABANA PK 1+150 (FERROL), tales como que:

Actualmente a intersección, obxecto do proxecto, que forman a estrada DP 3612 Aneiros a Cabana e DP 3608 Serantes a Doniños, soportan un tráfico medio diario de 10.684 e 5.124 vehículos, respectivamente. A intersección actual, en forma de “T”, provoca que para os sentidos Doniños-Ferrol e Cabana-Doniños, os vehículos teñan que invadir o carril contrario (xiros á esquerda), sen que exista nin carril de espera nin espazo habilitado para que os devanditos xiros non entorpezan a circulación.

Os movementos dos vehículos na intersección actual, especialmente os indicados no punto anterior, e a elevada intensidade de tráfico, provoca que o risco de colisión aumente, fundamentalmente as colisións por alcance (impactos contra vehículos retidos esperando a que se efectúen os xiros á esquerda) e frontolaterais (impactos de vehículos cando un deles invade o carril contrario para incorporase á outra estrada).

Na tempada de verán, ao servir as citadas estradas de acceso ás praias máis próximas de Ferrol, o tráfico, xa moi intenso o resto do ano, aumenta notablemente, chegando a producirse grandes retencións.

Na estrada DP 3612, na zona da intersección obxecto do proxecto, non existen beirarrúas ou pasos habilitados para os peóns, sendo unha zona con numerosas vivendas. Ao non existir beiravías (a calzada actual ten unha calzada estreita de 6 m sen beiravías), os peóns han de circular pola calzada. Polo que a elevada intensidade de tráfico comentada anteriormente, e a dificultade das manobras na intersección, provoca que a seguridade destes sexa moi mellorable.

As obras proxectadas consisten na creación dunha glorieta, con ancho suficiente para o movemento dos vehículos máis grandes (31 m de diámetro) que regule o tráfico e que permita efectuar os xiros á esquerda sen a invasión actual do carril contrario. Polas súas características, a glorieta é capaz de autorregular o tráfico, mellorando notablemente a súa fluidez e posibilitando movementos moito máis seguros. Así mesmo proxéctase a execución de beirarrúas que permita a circulación segura de peóns.

Todo iso co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

- Someter a información pública o expediente expropiatorio para a execución das obras

TITULO DO PROXECTO

MELLORA DA INTERSECCION NA D.P. 3612 ANEIROS A CABANA PK 1+150 (FERROL)

mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.”

46.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2012, 5ª FASE, QUE SE DETALLA: MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA DP 5812 SANTA CRUZ PK 3+000 A 4+500 (SADA E OLEIROS); TRABALLOS DE PODA DE ARBOREDO NA DP 1702 DE CAMBRE Á ROCHA (CAMBRE); MELLORA DA CAPA DE RODAXE NA DP 6121 MERA A CARIÑO DO PK 0+000 A 2+380 (ORTIGUEIRA); MELLORA DA SINALIZACIÓN VERTICAL NAS ESTRADAS DO GRUPO 16: ARTEIXO, A CORUÑA E CULLEREDO; MELLORA DA SINALIZACIÓN VERTICAL NAS ESTRADAS DO GRUPO 17: CARBALLO, CERCEDA E A LARACHA; CONSTRUCCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN DE NOIRO NA DP 0201 TAPIA A PONTEMACEIRA POR LENS (AMES); MELLORA DA SINALIZACIÓN VERTICAL NAS ESTRADAS DO GRUPO 21 E 22: AMES, A BAÑA, NEGREIRA, VAL DO DUBRA, ORDES, SANTIAGO, TORDOIA E TRAZO.

INTERVENCIÓNS

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, anuncio que imos votar favorablemente este punto número 46, pero quixera facer algunhas reflexións, e tamén ao fio da intervención que fixo no punto 43 o Sr. portavoz do Grupo Popular, o Sr. Ruiz, cando dicía que é intención deste goberno axudar os concellos na execución das súas competencias, e iso saudámolo positivamente. Indubidablemente houbo unha modificación nas normas do

POS onde a obrigatoriedade que tiñan os concellos de achegar un 5% agora é voluntaria, se quere, fano, e se queren non, e tamén se lles amplía o prazo de presentación de proxectos desde o 28 de decembro, que era a data tope que tiñan ata agora, ata o 18 de xaneiro, sen dúbida vai repercutir como dicía o 5% na axilidade na tramitación, porque hai moitos concellos que non aproban, non teñen o orzamento en vigor a partir do 1 de xaneiro. Pero ao fío desa reflexión, que é coherente, gustaríanos que mantivésemos a coherencia en todo, e neste punto 46 imos aprobar un Plan adicional no programa de conservación de vías provinciais por importe de 788.000 euros, que van supor sen dúbida unha mellora na seguridade viaria de varias vías provinciais, pero eu quero lembrar que se se mantivera o sistema de contratación que durante moitos anos e con distintos gobernos de distintas cores se mantivo sempre, que era o procedemento aberto, non só teríamos 788.000 euros para facer estas obras a maiores, senón que teríamos 850.000 euros máis para facer o dobre de obras ou para liberar á Deputación destas cuestións e achegar máis fondos aos concellos da provincia, porque co que fixemos modificando o convenio, falámolo aquí varias veces, modificando o sistema de adxudicación, e falámolo varias veces, non se axilizou a adxudicación, porque se adxudicou máis tarde que os anos anteriores, non se axilizou a execución posto que o mes pasado, no Pleno do mes pasado había moitos concellos onde aínda non se iniciaran as obras de conservación de estradas, e non se gañou en algo que están a demandar os cidadáns continuamente, e máis en momentos de crise como o que estamos a vivir, que é máis transparencia na acción das actuacións públicas, cando se convida sen ningún criterio a unhas empresas, e impídeselle a outras empresas que sempre concursaron, que poidan concursar.

Por tanto, gustárame que esa coherencia de achegar fondos a Deputación fose unha coherencia en todos os aspectos, volvésemos ao tema, porque agora no canto de aprobar un Plan de conservación adicional por 788.000 euros, benvido, e que imos votar a favor, poderíamos aprobar ese e outro máis de 850.000 euros a maiores. Nada máis e moitas grazas, e anunciar o voto favorable do Grupo Socialista a este punto.

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. Presidente, dúas cousas. A primeira que por parte deste portavoz tentou deixar ben claro que o que era a procura desa maior autonomía nas competencias municipais non era só unha acción do Goberno senón de toda esta institución aquí representada neste Pleno, que foi quen por unanimidade aprobou as dúas cuestións nas que fixen fincapé.

Canto á súa teima sobre os procedementos de contratación, eu non terei que volver incidir, non só na legalidade destes, posto que sería redundante con nosa propia obriga loxicamente de cumprir as leis, pero si que vou repetir un dos argumentos que utilicei, que ese pretendido aforro, esas pretendidas vantaxes, creo que hai que analizalas a máis longo prazo, entón veremos se non son 800.000 os euros que nun momento determinado, como vostede di, poden estar a diferenciar un ou outro sistema de contratación, ou se pola contra, nun momento de crise no que moitas empresas polo feito de traballar fan determinadas ofertas que ao final levan a demasiados modificados,

levan a que empresas sen a debida solvencia, ou polo menos, con maior risco de entrar nunha fase de concurso ou, en definitiva, tamén, de liquidación, se iso ao final non fai que a propia Deputación tivese máis fondos parados que o que vostede está a dicir. Por tanto, eu non lle vou restar nin unha soa palabra ao seu discurso, nin á súa importancia, pero si a esa análise que eu creo que é precipitada, fagamos esa análise a longo prazo cando, unha vez que o sistema e as obras vaian finalizando, dun e outro, vexamos a incidencia real que ten nesta Deputación, non só de custo, senón tamén de que as obras se acaben executando, que é o que en definitiva quere a provincia e os concellos.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

- 1) Aprobar o Plan de CONSERVACIÓN DE VIAS PROVINCIAIS 2012, QUINTA FASE cun orzamento total de 788.729,61.- euros, con cargo á aplicación 0401/453A/60900 que se detalla.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA DP 5812 SANTA CRUZ PK 3+000 A 4+500. SADA E OLEIROS. 1211000035.0	77.736,06
TRABALLOS DE PODA DE ARBOREDO NA DP 1702 DE CAMBRE Á ROCHA. CAMBRE. 1211000036.0	30.453,08
MELLORA DA CAPA DE RODAXE NA DP 6121 MERA A CARIÑO DO PK 0+000 A 2+380. ORTIGUEIRA. 1211000037.0	151.236,62
MELLORA DA SINALIZACIÓN VERTICAL NAS ESTRADAS DO GRUPO 16: ARTEIXO, A CORUÑA E CULLEREDO. 1211000038.0	187.788,32
MELLORA DA SINALIZACIÓN VERTICAL NAS ESTRADAS DO GRUPO 17: CARBALLO, CERCEDA E A LARACHA. 1211000039.0	100.047,58
CONSTRUCION DE MURO DE CONTENCION DE NOIRO NA DP 0201 TAPIA A PONTEMACEIRA POR LENS. AMES. 1211000040.0	59.771,00
MELLORA DA SINALIZACIÓN VERTICAL NAS ESTRADAS DO GRUPO 21 E 22: AMES, A BAÑA, NEGREIRA, VAL DO DUBRA, ORDES, SANTIAGO, TORDOIA E TRAZO. 1211000041.0	181.696,95
TOTAL	788.729,61

- 2) Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

47.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2012, 3ª FASE, QUE SE DETALLA: MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA, SENDA PEONIL NA DP

3404 SERRA DE OUTES A DUMBRÍA PK 17+140 A 18+360 (MAZARICOS); MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA SENDA PEONIL NA DP 2303 OS MUÍÑOS AO KM 91 DA AC 552 PK 11+100 AO PK 11+540 (CEE); MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA DP 1704 CAMBRE A CARRAL PK 5+120 A 5+940 (CAMBRE).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1)Aprobar o Plan de VIAS PROVINCIAIS 2012, TERCEIRA FASE cun orzamento total de 558.072,48.- euros, con cargo á aplicación 0401/453A/60900 que se detalla.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA, SENDA PEONIL NA D.P. 3404 SERRA DE OUTES A DUMBRÍA PK 17+140 A 18+360. MAZARICOS. 1211100004.0	196.547,00
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA SENDA PEONIL NA DP 2303 OS MUÍÑOS AO KM 91 DA AC 552 PK 11+100 AO PK 11+540. CEE. 1211100005.0	193.474,50
MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA DP 1704 CAMBRE A CARRAL PK 5+120 A 5+940. CAMBRE. 1211100006.0	168.050,98
TOTAL	558.072,48

2)Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

48.-APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2012, 2ª FASE, QUE SE DETALLA: MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA SENDA PEONIL NA DP 7702 SANTA CATALINA A ESMORDE PK 0+000 A 1+030 (SANTA COMBA).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1)Aprobar o Plan de SENDAS PEONÍS 2012, SEGUNDA FASE cun orzamento total de 209.654,18.- euros, con cargo á aplicación 0202/454B/60900 que se detalla.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA, SENDA PEONIL NA D.P. 7702 SANTA CATALINA A ESMORDE PK 0+000 A 1+030. SANTA COMBA. 1211700002.0	209.654,18

2)Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

49.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DE SENDA PEONIL EN PRÉSARAS NA ESTRADA 3205, VILASANTAR. CÓDIGO DA OBRA 1111700001.0 (CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO 111700001.1).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar o proxecto REFORMADO DE SENDA PEONIL EN PRÉSARAS NA ESTRADA 3205, VILASANTAR (CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO 1111700001.1) polo seu orzamento de contrata de 167.677,50.- EUROS, que representa un incremento respecto ao primitivo de 15.235,15.- EUROS (IVE 18%) E DE 15.622,48 EUROS (IVE 21%).

2º) Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo SYR AMG S.L.U. (B15938780), as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 110.130,54.- EUROS, que representa un incremento respecto ao primitivo de 10.006,44.- EUROS (IVE 18%) e de 10.260,84 euros (IVE 21%).

3º) Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 434,78.- EUROS, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando por tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 4.677,33.- EUROS.”

50.-RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA Nº 20460 DO 30 DE NOVEMBRO DE 2012 DE APROBACIÓN DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (XUNTA DE GALICIA) PARA LEVAR A CABO DE ACONDICIONAMENTO DA CONEXIÓN DAS ESTRADAS AC-552, A-551 E DP-0509 E APROBACIÓN DA MUTACIÓN DEMANIAL SUBXECTIVA DE TERREOS PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN SITUADOS NA VÍA PROVINCIAL DP-0509, NECESARIOS PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA GLORIETA NO POLÍGONO DE SABÓN PARA A SÚA CESIÓN Á XUNTA DE GALICIA.

INTERVENCIONS

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, efectivamente, o Grupo Socialista presentou unha emenda a esta addenda do convenio que se nos propón para a súa aprobación.

Este punto fíxonos tomar conciencia de algo que xa sabiamos, que unha obra que se orza no orzamento do ano pasado por importe de 750.000 euros, como é a glorieta de Sabón, cofinanciada coa Deputación e coa Xunta, aínda non se empezou a facer. Nun momento en que, como dicía o Sr. Ruiz, as empresas demandan traballo, queren traballo, temos unha chea de diñeiro parado desde hai máis dun ano, que non se fixo nada aínda. Unha obra que se aprobou un orzamento, no orzamento do ano 2011, en novembro do ano pasado, e que se asina un convenio o 8 de maio de 2012 coa Axencia Galega de Infraestruturas, que preside o conselleiro Agustín Hernández, que se adxudica o 2 de novembro, adxudícase o 2 de novembro deste ano, e como digo, que non empezou aínda.

Pero esta addenda que se nos trae hai que aprobala porque a Xunta tomou unha disposición, de algo que xa sabiamos tamén, que cerrou o exercicio contable do ano 2012 o 7 de novembro, é dicir, todas as certificacións e facturas que cheguen á Xunta de Galicia a partir do 7 de novembro xa non son contabilizadas nin atendidas este ano e pasan ao ano que vén, claro así é fácil cumprir cos obxectivos de déficit porque estamos a transferir déficit deste ano ao exercicio seguinte e non só isto, senón que estamos esfumando o déficit da Xunta e facéndollo asumir ás empresas adxudicatarias, a contratista ou a particulares que teñen convenios asinados, ou a administracións que están pendentes de recibir as súas subvencións.

Ponse de manifesto, por tanto, que hai un atraso na execución, ponse de manifesto que non comezaron as obras, fíxose a semana pasada o replanteo, ponse de manifesto que se esfuma o déficit por parte da Xunta, que xa o sabiamos, e ponse de manifesto algo que non sabiamos, que o financiamento da Xunta de Galicia non se fai con fondos propios, senón que se fai con fondos Feder, é dicir, a Deputación achega 750.000 euros a unha obra que é competencia exclusiva da Deputación, e finánciase con fondos propios, e a Xunta financia esa obra con fondos Feder. Como saíu na prensa que foi adxudicada en días pasados esta obra por importe de sete millóns e medio de euros, cunhas baixas substanciais, porque creo que o orzamento de licitación estaba ao redor de dez millóns de euros, e foi adxudicada en sete millóns, iso é o que xustifica a presentación da nosa emenda que di textualmente:

“No caso de que se producisen baixas, como efectivamente se produciron na adxudicación, estas baixas aplicaríanse á achega da Deputación, xa que esta realiza o financiamento con fondos propios, e a Xunta a través de fondos Feder”. Creo que é unha cousa razoable, a Deputación manifestou a súa vontade de colaborar coa Xunta de Galicia, atendendo a un problema que realmente hai que solucionar, a glorieta de Sabón está xustificada, tería que pagala a Xunta, pero está xustificada, a Deputación manifestou a súa vontade de contribuír ao seu financiamento, pero non é necesaria a achega da Deputación, posto que houbo unhas baixas tremendas e nós financiamos con fondos propios e a Deputación financia con fondos Feder. Creo que é unha cuestión razoable que como o Sr. Ruiz Rivas pedía no debate dos orzamentos que podíamos votar a favor, eu tamén lle pido ao Sr. Ruiz Rivas e ao Grupo Popular que é unha emenda lóxica, razoable e asumida, pídolles tamén que voten a favor desta emenda, que suporía aforrar 750.000 euros á Deputación, que nos permitiría destinar, como dicía na

súa intervención anterior o Sr. Ruiz Rivas, a maior financiamento aos concellos da provincia.

Sr. Presidente

Simplemente dicirlle que a verdade é que as obras empezaron o luns pasado, si, estánolo asegurando o alcalde de Arteixo que, como pode imaxinar, seguro que está moi informado desta, e foron adxudicadas por nove e medio, non por sete e medio, e de todos os xeitos púidose licitar no seu momento porque nun momento determinado, en maio, paréceme que dicía vostede, asinouse o convenio de cooperación entre a Xunta de Galicia e a Deputación, senón esas obras non poderían seguro que ser licitadas naquel momento, non poderían ser adxudicadas naquel momento e a día de hoxe non estarían en obras. Por tanto ese convenio foi feito coa colaboración da Deputación, na que nós temos alí, como ben sabe, un polígono industrial, o único polígono industrial que temos e unha estrada que chega a el, e por tanto a colaboración pola nosa banda está máis que xustificada. Expór a día de hoxe esta emenda supón, probablemente, atrasar ou pór en perigo o convenio asinado no seu momento porque loxicamente é bilateral este cambio, e non está contrastado coa Xunta.

Por tanto, nós non queremos atrasar a obra, queremos que se faga, é unha obra importantísima, non só para Arteixo senón para todos os concellos que se comunican a partir de aí cara á Costa da Morte, e non imos aceptar a emenda, pero pasamos á votación, porque iso suporía atrasala desde o noso punto de vista.

Vótase a emenda

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 17 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

A continuación vótase o punto, que é aprobado por unanimidade.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Ratificar a Resolución de Presidencia nº 20460 do 30 de novembro de 2012, cuxo texto se transcribe a continuación:

“DON DIEGO CALVO POUSO, presidente desta Corporación, resolveu:

Vista a proposta que formula a Axencia Galega de Infraestruturas e informes favorables do Servizo de Patrimonio e Contratación e Servizo de Fiscalización

PROCEDE

1º.- APROBAR a ADDENDA ao CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (XUNTA DE GALICIA) para levar a cabo o acondicionamento da conexión das estradas AC-552, A-551 e DP-0509 e aprobación da mutación demanial subxectiva de terreos propiedade da Deputación situados na vía provincial DP-0509, necesarios para a construción dunha glorieta no Polígono de Sabón para a súa cesión á Xunta de Galicia, cuxo texto inicial foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 24 de febreiro de 2012 e modificado por acordo adoptado polo Pleno o 25 de maio de 2012, ao ratificar a Resolución de Presidencia número 7739 do 3 de maio.

2º.- Existe crédito, por importe de 750.000 euros, na partida 0401/453A/75001, nº de operación de AD 220120018251, para facer fronte ao gasto derivado do presente convenio.

No entanto, o devandito crédito quedará anulado a 31/12/2012, por imperativo legal do art. 175 do T.R.L.F.L., R.D. 2/2004 do 5 de marzo, polo que a eficacia do presente convenio queda expresamente condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento de 2013, xa que, noutro caso, resultaría de aplicación o disposto no artigo 173.5 do T.R.L.F.L. aprobado polo Real decreto 2/2004 do 5 de marzo.

3º.- Someter a presente Resolución á ratificación polo Pleno da Corporación.

A Coruña, 30 de novembro de 2012”

51.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2012, 6ª FASE, QUE SE DETALLA: REPARACIÓN E REFORZO DE ESTRADA DP 0402 ARES CHANTEIRO (ARES).

INTERVENCIÓNS

Sr. Soto Vivero

Bos días, estamos de acordo basicamente con este proxecto que ten que ser executado por vía de urxencia porque realmente o estado de deterioración da estrada entre Ares e Chanteiro é bastante deplorable, sobre todo por mor das obras que se están realizando alí na estación depuradora. Pero dito isto, tamén esperamos que a execución desta obra non sirva de pretexto para o atraso da execución daquel proxecto sobre o cal

fixemos unha pregunta neste Pleno no mes de xullo, aquel proxecto que estaba aprobado no ano 2009, e que comportaba, ademais da pavimentación desta estrada, comportaba tamén o ensanche do viario, a construción de beirarrúas e medidas de seguridade viaria en todo o traxecto que vai de Ares a Chanteiro. Realmente o estado deplorable da estrada pode ser motivo de moitos accidentes, pero tamén o feito de que esa estrada necesita un ancheamento e necesita outras medidas de execución de seguridade viaria, require que realmente ese proxecto sexa tomado en serio a moi curto prazo.

Sr. Fernández Moreda

Simplemente, Sr. Presidente, para dicir que coincidimos plenamente coa intervención do Sr. representante do BNG.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2012 sexta fase cun orzamento total de 355.425,52.- euros, con cargo á aplicación 0401/453A/60900 que se detalla.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
REPARACIÓN E REFORZO DE ESTRADA DP 0402 ARES A CHANTEIRO. ARES.1211000042.0	355.425,52

2) Expoñer ao público os proxectos mediante anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

52.-DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS CONTRA A RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO ANO 2013 E APROBACION DEFINITIVA DO CADRO DE PERSOAL E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO PARA O 2013.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“I.- ANTECEDENTES DE FEITO

1.- O funcionario desta Deputación, don Juan Francisco González Framil, presenta un escrito con data de entrada no Rexistro Xeral do 14/12/2012, no que formula alegacións á relación de postos de traballo 2013, aprobada inicialmente, xunto co cadro de persoal 2013, polo Pleno da Corporación do 23/11/2012.

2.- Fundamenta as súas alegacións, en síntese, en que é funcionario de carreira, subgrupo A2, desempeñando o posto de técnico de Xestión Tributaria, adscrito á zona recadatoria de Santiago de Compostela, Servizo Provincial de Recadación; que na relación de postos de traballo inicialmente aprobada se modifican substancialmente as retribucións dos postos de recadador xefe territorial de Zona (persoal funcionario) e as dos postos do persoal laboral das zonas recadatorias, o que, ao seu xuízo, “vulnera o dereito de igualdade e non discriminación do actor... ao establecer diferenzas de tratamento, no encontrando unha xustificación obxectiva e razoable, ademais de perpetuar unha situación inxusta”. Solicita que se lle modifiquen os complementos de destino e específico nas contías que figuran para un posto similar ao que desempeña o reclamante na relación de postos de traballo da Xunta de Galicia.

3.- Non existe na relación de postos de traballo inicialmente aprobada ningún posto de técnico de Xestión Tributaria, constando todos estes postos como de persoal funcionario. Ademais, as retribucións salariais do persoal laboral que constan na devandita relación de postos de traballo, son as que figuran nas táboas salariais aprobadas no proceso negociador iniciado para o novo convenio colectivo do persoal laboral.

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- Rexéitanse integramente os contidos no escrito de alegacións, xa que non son de aplicación en canto se refire ás relacións de postos de traballo, senón preceptos xerais da Lei xeral tributaria e do Estatuto básico do empregado público, relativos ás funcións recadatorias e ás funcións públicas reservadas aos funcionarios, sen relevancia en canto ás contías dos conceptos retributivos do persoal funcionario e do persoal laboral.

2º.- A xurisprudencia é clara e terminante en canto aos réximes xurídicos aplicables ao persoal funcionario e ao persoal laboral, establecendo que ao regularse os primeiros polo réxime estatutario establecido legal e reglamentariamente, e os convenios

colectivos e contratos individuais de traballo os segundos, é perfectamente posible que uns ou outros perciban retribucións distintas, superiores ou inferiores, ás dos outros aínda que realicen traballos de cualificacións profesionais semellantes. Por todas, STC 90/1984, do 05/10/1984, e SSTS do 30/11/2005, do 20/10/2008 e do 17/03/2009.

No caso presente, ademais, nin sequeira existen postos semellantes, nin na súa denominación, nin no seu contido, ao do reclamante na relación de postos de traballo, sen que sexan tampouco de aplicación as relacións de postos de traballo que poida aprobar a administración autonómica de aplicación exclusiva para o seu propio persoal.

De conformidade coa xurisprudencia citada e demais concordante e de aplicación.

Rexeitar integramente as alegacións presentadas por don Juan Francisco González Framil contra a aprobación inicial polo acordo plenario do 23/11/2012, da relación de postos de traballo 2013.

En consecuencia, aprobar definitivamente o cadro de persoal e a relación de postos de traballo para 2013, aprobados inicialmente polo acordo plenario do 23/11/2012, dando traslado da tal aprobación definitiva á Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e á Subdirección Xeral de Administración Local, Secretaría de Estado de Administracións Públicas, do Ministerio de Administracións Públicas, para os efectos oportunos.”

53.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE BETANZOS RELACIONADAS COA XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO E VOO DAS VÍAS PÚBLICAS, A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE INTERESE XERAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Betanzos en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de

interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo”.

54.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE ZAS EN MATERIA DE RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DAS SANCIONS DE TRÁFICO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de instrución dos expedientes sancionadores por denuncias cursadas polo concello por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo CONCELLO DE ZAS”.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo”.

55.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA DO CONCELLO DE CARIÑO, XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (IVTM) OU IMPOSTO MUNICIPAL QUE O COMPLEMENTE OU SUBSTITÚA NO FUTURO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Cariño en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM) ou imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo”.

56.-INFORME CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2012 DO CUMPRIMENTO POLA FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC) DO ARTIGO CATRO DA LEI 15/2010 DO 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DO 29 DE DECEMBRO, DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Primeiro: Tomar coñecemento do informe emitido polo auditor interno da FAEPAC no cumprimento do artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, de loita contra a morosidade das operacións comerciais e na aplicación do principio da transparencia. Xa que a FAEPAC está pendente da súa reclasificación polo Ministerio de Facenda como unidade dependente da Comunidade Autónoma, polo que nestes intres haberá que continuar dándolle coñecemento deste informe á Deputación de A Coruña.

Segundo: Que a Fundación está a publicar o informe na súa páxina de internet, dentro do seu apartado de información económica e contable para dar cumprimento do principio da transparencia.

Terceiro: Que se fixo a súa presentación telemática, cunha sinatura electrónica, na oficina virtual da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas comunidades autónomas e coas entidades locais do Ministerio de Economía e Facenda.

Cuarto: Que de acordo co disposto nos artigos 17 e 20 dos Estatutos da FAEPAC, o seu presidente dará coñecemento deste informe ao Padroado na vindeira sesión que celebre se é anterior a da aprobación das contas anuais. Xa que a disposición adicional terceira da Lei 15/2010 establece que as Sociedades terán que publicar dun xeito expreso as informacións sobre prazos de pagos aos seus provedores na memoria das contas anuais. Esta previsión legal desenvólvea o Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas (ICAC) mediante unha Resolución do 29 de decembro do 2010 (BOE número 318, do 31 de decembro) e na contestación dunha consulta publicada no BOICAC número 84/2010.”

57.-INFORME FINAL E RESUMO DAS ACTUACIÓNS NA EXECUCIÓN DO PLAN DE CONTROL FINANCEIRO DAS SUBVENCÍONS PAGADAS NO EXERCICIO 2010 E PROPOSTA DE PLAN DE CONTROL FINANCEIRO PARA AS SUBVENCÍONS PAGADAS NO EXERCICIO 2011.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do informe da Intervención provincial sobre o estado das auditorías de control financeiro de subvencións (Plan de 2011), así como das consideracións e conclusións de dito informe.

SEGUNDO.- Que, baixo a dirección da Intervención Xeral e con medios exclusivamente propios, respectando plenamente a doutrina do Tribunal de Contas, se continúe coa execución do Plan de auditorías para o exercicio do control financeiro de subvencións, dándolle remate ás actuacións pendentes sobre os expedientes de subvencións pagadas no ano 2010 e executando todos os expedientes que resulten da selección por sorteo das subvencións pagadas no 2011, segundo a proposta presentada no informe, de xeito que esta actividade poida estar completa para elevar ao Pleno da Corporación no segundo semestre de 2013.

TERCEIRO.- Que, tomando en consideración as recomendacións expostas, na medida do posible se incorporen ás Bases de convocatorias do exercicio 2013 algunhas das medidas propostas.

TERCEIRO.- Que ao longo do ano 2013 se volvan ofrecer accións formativas destinadas ao persoal directivo e administrativo das entidades non lucrativas, para que coñezan as obrigas dos beneficiarios de subvencións, con especial atención ao cumprimento da normativa contable e o coñecemento da nova versión da aplicación informática Conta-Doadada (Conta-Doadada II).”

58.-PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA Nº 21.041 DO 12.12.12 SOBRE A PAGA EXTRAORDINARIA DE DECEMBRO DE 2012.

INTERVENCÍONS

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, unha intervención moi breve. Nós imos votar favorablemente este punto por responsabilidade. O 13 de xullo o goberno de España aprobou un decreto mediante o cal se suprimía a paga extraordinaria do mes de decembro para o persoal do sector público. A Deputación da provincia creo que foi unha das primeiras administracións que asumiu e aceptou esta norma legal de obrigado cumprimento e tomou as disposicións necesarias para que ninguén cobrase unha paga extraordinaria no mes de decembro. Nós, o noso partido, o Partido Socialista e o Grupo Socialista no Parlamento votou en contra disto e nós estamos en contra da supresión da

paga extra para os funcionarios da administración pública e os traballadores do sector público español, pero entendemos que a lei é a lei e hai que cumprila, como era o aforismo ese de “*sede dura, dura lex*”, a lei é dura pero é a lei. E quero facer esta reflexión porque a nivel persoal un está preocupado da imaxe que temos os políticos, a clase política, os partidos políticos, porque votamos unhas cousas nun sitio e votamos outras cousas noutro sitio, e cando estamos no goberno votamos a favor e cando estamos na oposición ou noutra institución, votamos en contra, e iso non é serio porque contribúe a deteriorar a imaxe da política. Nun estado democrático o goberno ten a lexitimidade para aprobar as leis que queira, e aos que non nos gustan esas leis temos a obrigaón de buscar as maiorías que nos permitan cambiar esas leis, e as leis hai que cumprilas, nun estado democrático non se pode dicir, “esta lei non a cumpro porque non me gusta”, se non che gusta esa lei, e a nós non nos gusta, o que temos que facer é tratar de acadar a maioría suficiente para ter a posibilidade de modificar a lei e cambiala, pero mentres tanto a nosa obrigaón é a de cumprir a lei, e desde ese punto de responsabilidade imos votar que si, aínda estando en contra do fondo da cuestión, imos votar que si para certificar, que tampouco sei porque hai que facelo, porque é unha redundancia, que se declaren non dispoñibles os créditos destinados a financiar a paga extra de decembro. Quería facer esta reflexión polo menos para que conste na acta deste Pleno o sentir do Grupo Socialista e pedir que sexamos serios e gañemos un pouco máis de credibilidade.

Sr. Regueira Varela

Brevemente, efectivamente, por coherencia, o goberno está para cumprir a lei, e as forzas políticas estamos para manifestarnos sobre o que din as leis, a nós este decreto-lei, efectivamente, non nos gusta, politicamente onde temos responsabilidades de goberno tentamos buscar a maneira de compensar a perda do poder adquisitivo do persoal ao servizo das administracións públicas e, por coherencia, tamén imos votar en contra neste punto.

Sr. Presidente

Despois destas alegacións a favor da coherencia, que espero que sexan tamén trasladados a outros parlamentos como o que onte se constituía en Cataluña, pasamos á votación do punto.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: 5 deputados (BNG)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

Ratificar a Resolución da Presidencia nº 21.041 sobre a paga extraordinaria de decembro na que se dispón:

“A.- Declarar non dispoñible, nos termos dispostos no artigo 33 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, os créditos establecidos no presente exercicio para o aboamento da paga extraordinaria e adicional do mes de decembro de 2012 e, no seu caso, a afectación destes créditos á realización de achegas a plans de pensións ou contratos de seguro colectivo que inclúan a cobertura de continxencia de xubilación, con suxeición ao establecido na Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e nos termos e co alcance que se determine nas correspondentes leis de orzamentos. Deberanse levar a cabo as actuacións precisas para a determinación da contía desas pagas polo Servizo de Planificación de Recursos Humanos, para a súa posterior fiscalización e contabilización polos Servizos de Intervención e Contabilidade.

B.- Que se certifiquen á Subdelegación do Goberno os conceptos retributivos incluídos na nómina de decembro, así como dos acordos adoptados para incluír os devanditos conceptos.”

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

Sr. Presidente

Se lles parece, hai tres mocións presentadas, e outra presentada en tempo, pero non aparece na orde do día, se lles parece pasamos a debater en primeiro lugar, e debatémolas conxuntamente, a do parque de bombeiros de Ferrol, que presenta o Grupo Socialista e o Bloque Nacionalista Galego.

-Moción do Grupo provincial socialista sobre a comarcalización do Servizo de prevención e extinción de incendios e salvamento.

-Moción do Grupo provincial do BNG sobre a posta en marcha dun parque comarcal de bombeiros para Ferrolterra.

Sr. Fernández Moreda

Esta provincia é unha das provincias mellor dotadas de España na loita contra incendios, hai un magnífico labor que fixo esta Deputación e a Xunta de Galicia a través do Consorcio Provincial de Bombeiros que permitiu constituír nove parques de bombeiros e dous subparques distribuídos por toda a xeografía da provincia, que dan un bo servizo, unha boa atención na loita contra os incendios. Quedaron dous temas pendentes, dous temas pendentes, non porque non se abordasen, senón porque os problemas que xurdiron impediron que se finalizasen, que foi a comarcalización de Santiago e a comarcalización do Parque de Bombeiros de Ferrol. A comarcalización de Santiago fíxose, fixéronse moitas cousas, mesmo se aprobou un orzamento para

construír un novo parque, compráronse camións, motobombas, escaleiras, financiou a Deputación durante tempo ao persoal que había que contratar para atender a comarca, e no caso de Ferrol iniciáronse tamén os trámites para comarcalizar o parque municipal de bombeiros de Ferrol, pero o problema de entendemento entre Ferrol e Narón fixeron inviable e imposible que iso chegase a bo porto, pero é unha necesidade, na comarca de Santiago a atención é deficiente e na comarca de Ferrol tamén. Por tanto, consideramos que é o momento de retomar de novo este traballo para conseguir a comarcalización dos parques de Santiago e de Ferrol, e neste sentido vai a nosa moción. Presentara tamén unha moción o Grupo do BNG que falando connosco, e falamos tamén co presidente e o secretario antes do inicio da sesión, presentaron unha emenda transaccional de substitución do punto número un da moción do Partido Socialista dicindo que se aceptabamos esa transacción, que supuña unha substitución, que eles votarían a favor e paso a ler como quedaría a parte dispositiva desta moción, incluíndo a modificación que propón o Grupo do Bloque Nacionalista.

Punto número un: instar á Xunta de Galicia e á Deputación da Coruña a levar a cabo a comarcalización do parque municipal de bombeiros de Ferrol e do parque municipal de Santiago a partir do desenvolvemento práctico do protocolo asinado o 29 de agosto de 2006, e a través do consorcio provincial contra incendios garantindo os recursos económicos, materiais e humanos para a posta en marcha deste novo parque.

Punto número dous: a Xunta e a Deputación incluírán nos seus orzamentos as partidas económicas necesarias para facer fronte a estes servizos, coa debida calidade e eficiencia.

Punto número tres: que o consorcio, dadas as especiais características das áreas mencionadas, faga partícipes deste proceso aos xestores de polígonos, á autoridade portuaria e a aquelas empresas que polas especiais características teñan risco de seguridade.

Esta é a moción que o Grupo Socialista presenta coa modificación que incluímos do Grupo do BNG, e sometémola a debate desta cámara. Cremos, Sr. Presidente, que a Deputación sinceramente fixo un bo labor coa Xunta e que chega o momento de abordar e mellorar a prestación deste servizo no conxunto e a totalidade da provincia.

Sr. Soto Vivero

Estando de acordo con gran parte das cousas manifestadas polo portavoz do Partido Socialista, e tampouco sen tentar remover moito máis no pasado, porque este é un tema que vén falando xa desde principios de século, case desde o ano 2000 hai distintos protocolos asinados no pasado, concretamente un no ano 2006, sen querer entrar tampouco nese debate, porque penso que non é obxecto no día de hoxe, nin é o tema que estamos a levar a cabo, incidir en que, repito, asumindo como certo moitas

das cousas ditas polo Sr. Moreda, na provincia da Coruña non é verdade que os parques comarcais alcancen a todo o territorio da provincia, porque concretamente na comarca de Ferrol temos unha serie de concellos que sobre o papel non están afectados por ningún parque comarcal, entón, o que se trata coa creación deste parque é que esa serie de concellos realmente se vexan, sobre o papel, repito, se vexan como zona de incidencia de actuación dese parque comarcal.

Hai que sinalar tamén que nos estatutos do consorcio provincial da Coruña para a prestación do servizo contra incendios e salvamentos, sinálase que tanto na fase de construción, como na fase de funcionamento, a Xunta de Galicia e a Deputación se corresponsabilizan dos gastos ao 50% do total do orzamento. É o motivo polo que nós propomos ao Partido Socialista a inclusión dunha proposta conxunta no punto número un, porque entendemos que tanto a Deputación como a Xunta de Galicia teñen que ser, en certo xeito, aqueles entes que sexan un pouco, ou que fagan un pouco de promotores deste tipo de iniciativas e tendo tamén claro que os concellos afectados tamén teñen a súa incidencia na creación destes parques. Nada máis.

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. Presidente, señorías. Vostedes saben que todo o tema que ten que ver coa extinción de incendios, as solucións que se lles deu a través deste consorcio, tivo uns vaivéns importantes durante o seu nacemento e durante a súa evolución. Nestes momentos, o que dixo o Sr. Fernández Moreda é unha realidade que pode comprobar calquera, que o servizo de extinción e prevención de incendios e salvamentos da provincia, non chegando a ser modélicos, si é un dos mellores dotados e dos mellor preparados e que máis ámbito territorial cobren de todo o Estado, por tanto, creo que ese é o resumo de toda a evolución. Pero dicía convulsa porque saben que desde o primeiro momento houbo problemas nas áreas urbanas máis importantes, ou aquelas poboacións que estaban contiguas a esas áreas urbanas, por que?, o por que, eu non vou tampouco incidir, pero saben que basicamente estes servizos de bombeiros eran servizos municipais, eran servizos que tiñan un persoal basicamente a través de funcionarios das administracións locais respectivas, e iso fixo que mentres noutros ámbitos onde non existía este tipo de servizos se puidesen levar a cabo os parques comarcais, e só fose difícil ou moi difícil noutras áreas que son as tres urbanas, na Coruña que foi solucionado a través dun servizo que se presta e que foi dotado no Concello de Arteixo, e tamén podíamos naquel momento retrotraernos e ver as grandes críticas que había por dotar ou facer un servizo de extinción de incendios nunha área que estaba a dez quilómetros dun concello que tiña o seu propio servizo de extinción de incendios, e o que supuña a racionalización ou non dos medios e, sobre todo, do diñeiro público. Ben, pois se aquilo era importante cando se constituíu o parque en Arteixo, imaxínense vostedes hoxe en día coa situación que temos, se é aínda máis esixido, a calquera dos que estamos na función pública, o feito de que racionalicemos as dotacións materiais e económicas.

Pois ben, quedan sen solucionar dúas áreas comarcais, unha é a de Santiago, a outra é a de Ferrol, que vén motivado por iso mesmo, nalgunha delas eu creo que se

fixo un esforzo importante pola Deputación polo Consorcio, esforzo que realmente non derivou en que ese diñeiro público acabase con bo propósito, e de feito hai algunha infraestrutura que aínda está por ver. Por tanto, o que eu creo que é obrigado agora a todos os responsables desta institución é ir polo camiño que debiamos ir, que é que dotemos do servizo a todos aqueles concellos que non teñen o servizo, e busquemos a mellor forma de facelo. Eu non creo que a mellor forma de facelo sexa a que vostedes fan na súa moción, tampouco cre o noso Grupo que a mellor forma de cumprir cos labores que ten esta institución sexa botar adiante aquel protocolo de xa practicamente hai seis anos, porque vostedes son conscientes da época na que gobernaron esta institución das dificultades que houbo de sacalo adiante, nunha época de bonanza, o cal seguramente a dispoñibilidade económica non foi nese momento a causa de que non se solucionase este problema, por tanto xa había uns problemas de raíz moi importantes, problemas de raíz que en moitos casos seguen subsistindo. E os dous casos de Ferrol e de Santiago son diferentes, eu creo que o caso de Ferrol é un caso que está encamiñado, que está ben encamiñado, alí só hai un concello limítrofe, que é o de Narón, que por competencias debe prestar este servizo de extinción de incendios, que ata agora o viña facendo a través dun convenio co Concello de Ferrol, que expira agora ao finalizar o ano, un convenio que é posible que fose demasiado gravoso para as arcas municipais, pero sabe tamén que a través do Pladiga, que estuda todas os cocientes de risco que teñen os concellos, e que a partir deses cocientes de risco dálle un valor económico a cada unha desas áreas, eu creo que se utilizamos un pouco a racionalidade nos nosos obxectivos, pódese conseguir o que queremos, por unha banda que para todos aqueles concellos que non chegan ao que a Lei de bases lles esixe, ter este servizo, é dicir, os concellos menores de 20.000 habitantes, que directamente se poida establecer ese convenio a través do Concello de Ferrol e o consorcio provincial, e este servizo prestaríase a estes concellos. Caso diferente creo que está o Concello de Narón polo feito das súas propias competencias, e creo que debe de asinar ese convenio co propio Concello de Ferrol como ata agora, pero froito desta participación no consorcio no que son os outros concellos menores, e froito tamén destes cocientes que lle dicía do Pladiga, eu creo que ese acordo non vai ser tan gravoso en termos económicos como viña sendo ata agora. En canto á área de Santiago, aí estase traballando por parte dalgúns dos concellos, tamén coa posible participación do que é o consorcio, no feito de que concellos como é o de Ames, ou concellos como o de Brión, están a ultimar a posibilidade de que cos seus propios medios, co feito de servizos como tiñan do Grumir, prestar ese servizo e o que ten que facer a Deputación é nin máis nin menos que apoiar este tipo de acordos e na medida do posible poder facilitarllelos.

Nós pensamos que a solución que vostedes dan non é a adecuada para solucionar un problema tan importante como poidan ter algún destes concellos agora, e volvo repetir, se fose fácil solucionalo, moito máis fácil sería facelo moito antes do día de hoxe e das circunstancias que hoxe claramente diferencian a situación do ano 2006 coa actual. Entón, creo que a racionalización deses medios vai polo bo camiño co que eu acabo de explicar que pensou facer o consorcio de acordo con estes concellos que tamén mencionei.

Sr. Fernández Moreda

É que non entendín o que quixo dicir, sinceramente, falou moito pero eu non entendo nada. É dicir, o problema de Santiago é facer un convenio entre Grumir de Ames e Brión, pórse de acordo, e atender os problemas no canto dun parque, iso non é o que estamos a pedir nós, nós pedimos a comarcalización ou ben que se faga un parque novo, e en Ferrol non sei se hai algunha conversación co concello por parte do consorcio, se hai gustaríanos coñecelo e sabelo, pero as circunstancias son as mesmas, é dicir, o consorcio terá que pagar, porque o Concello de Ferrol, se vai atender unha área, e vai atender unha área máis aló do seu termo municipal, necesitará máis persoal, que non terá que pagar o Concello de Ferrol, porque o seu persoal xa o ten dimensionado para as súas necesidades, necesitará máis motobombas, necesitará algunha escaleira máis, non ten que pagar o Concello de Ferrol, porque o Concello de Ferrol xa ten dimensionado o parque para as súas necesidades, as circunstancias son as mesmas, o que nós estamos a pedir é que haxa de novo un impulso político para resolver dunha vez este problema que quedou pendente e que é un problema serio, e que non se resolve co tema do Grumir porque nós estamos a pedir outra cousa diferente.

Por tanto, eu o que lles pediría é que se hai conversacións entre o consorcio de bombeiros e o Concello de Ferrol, que se nos diga en que termos están esas conversacións e cal é a solución que vostedes propoñen, porque o que nós queremos é que se resolva o problema, e teno que resolver o consorcio.

Sr. Presidente

Grazas, a verdade é que tiveron tempo, tiveron tempo, non, non, perdoe agora estou eu no uso da palabra, Sr. Moreda, moitas grazas, tiveron tempo porque vostede coñece moi ben o funcionamento do consorcio, coñece moi ben cales foron os problemas históricos en Santiago, na Coruña e en Ferrol. Entón, esa coherencia de que a que vostede pedía antes, eu pídolla tamén agora. Explícolle cales son as conversacións, enriba da mesa hai unha proposta para dar solución a todos eses concellos que a día de hoxe, segundo algúns, non están cubertos, vostede como formaba parte do consorcio e tiña un posto importante durante os últimos oitos anos, saberá que estaban cubertos a día de hoxe tamén polos parques das Pontes e de Betanzos. De todas as maneiras fíxoselle unha proposta ao Concello de Ferrol no que o consorcio provincial se faría cargo do custo, segundo o Pladiga, que sabe vostede o que é, non llo imos explicar, daqueles concellos que teñen menos de 20.000 habitantes, e o Concello de Narón, porque ten unha obrigaón, tamén legal, de ter ese parque e non o ten, tería que facerse cargo do seu custo segundo o Pladiga para que o parque de Ferrol puidese atender tanto a Narón como aos restantes concellos da mancomunidade de Ferrol. Ese custo para o Concello de Narón é moi inferior ao que estaban a pagar a día de hoxe co convenio que tiñan suscrito con Ferrol, e que finaliza o próximo 31 de decembro. Por tanto, eu supoño que o Concello de Narón que vai pasar a aforrar máis de 100.000 euros ao ano, verá con bos ollos subscribir este convenio que lle ofrece o Concello de Ferrol, porque ademais é unha obrigaón para eles, e nós, desta forma a través do Consorcio, tamén atendemos ao resto dos concellos da mancomunidade, que son de menos de 20.000 habitantes e, polo tanto, terían ese servizo atendido totalmente.

A pelota está no tellado do Concello de Narón desde hai dúas semanas, estamos á espera de que o alcalde de Narón diga o posicionamento final que vai ter o Concello de Narón co de Ferrol para poder asinar ese acordo todos co parque de Ferrol e atender a todos os concellos con máis dotación de persoal e máis dotación de medios, etc. E no caso de Santiago vai na mesma liña e estase traballando co Concello de Santiago tamén nesa liña, e cos concellos limítrofes, fundamentalmente con Teo e con Ames, que son os máis grandes alí.

Por tanto, nós o que lle trasladamos é que esta é a situación na que estamos, e por iso nós anunciámoslle o voto en contra desta moción do Grupo Socialista coa incorporación que se fixo aceptada por vostedes do Grupo do BNG. Non sei se fun un pouco máis claro, perfecto.

Sr. Soto Vivero

Unha pequena puntualización, unha pequena afirmación que queríamos facer. Vostedes din que non están de acordo con ningunha das propostas que se recollen neste documento, nesta moción, eu podo falar da proposta número un, que é a que nós incorporamos, que a proposta número un o que recolle é basicamente o que vostedes presentaron nunha emenda á nosa moción no Concello de Ferrol, agora se vostedes no Concello de Ferrol din unha cousa e aquí din outra, iso xa é cuestión súa, pero nós o que recollemos é unha emenda do Partido Popular á moción presentada polo BNG no Concello de Ferrol, e vai incluída aí, como ben se pode ver, agora teñen vostedes que explicar unha cousa e a outra.

Sr. Presidente

Nós explicámolo perfectamente porque puxemos enriba da mesa esa proposta, que a coñecen os alcaldes e que están á espera de ser ratificada por cada un deles, é a mellor proposta, e como vostedes tamén tiñan algún membro, que ademais repite na Corporación no anterior mandato, no Consorcio Provincial de Bombeiros, seguro que lle pode explicar tamén cal é o funcionamento e as liñas do consorcio, pódolle asegurar que son exactamente as mesmas que existían no anterior mandato, por iso funcionou ben, porque se segue mantendo unha estratexia clara desde a súa constitución, con independencia dos grupos que gobernen esta institución, e por tanto, seguindo esta liña imos manter esta proposta que nós lle fixemos hoxe e que lles trasladamos hoxe, que lle trasladamos no seu día ao alcalde de Ferrol e ao alcalde de Narón.

Vótase a moción conxunta.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 17 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

-Moción do Grupo provincial socialista sobre o Parador de Turismo de Ferrol.

Sr. Presidente

Pasamos a debater a seguinte moción sobre o Parador de Turismo de Ferrol do Grupo Socialista, paréceme que hai unha emenda tamén que presentou o Grupo do BNG á moción do Grupo Socialista, e hai tamén unha moción presentada anteriormente do Grupo do Partido Popular, que tería que votarse a urxencia. Se lles parece, votamos primeiro a urxencia da moción do Grupo Popular e despois debatemos as tres conxuntamente.

Sr. Soto Vivero

Simplemente un comentario, aínda que as mocións non se presenten sempre en forma, a nós xa nos pasou tamén noutras ocasións, paréceme unha boa nova para a democracia que un Pleno dun organismo como este, de 57 puntos a votación suscite 55 unanimidades, por tanto nós, como cremos que o tema é moi importante, aínda non estando de acordo totalmente coa moción do Partido Popular, cremos que é necesario debater calquera tema que poidan propor os grupos e, por tanto, imos votar a favor da urxencia da moción do Partido Popular.

Sr. Presidente

Ben, como sabe vostede, agora neste mandato, que xa entrou a democracia, como vostede di, pódense debater mocións doutro tipo de cousas que non sexan da Deputación, no anterior mandato non se podía, pero iso dígollo simplemente para o seu coñecemento, non, non se podía, non se aceptaban, era a tónica xeral, entón, dígolle tamén, e sabe vostede que as mocións se debaten todas, aínda que non estean na orde do día, se se entregaron a tempo, e ese vai ser o criterio que imos seguir de aquí ao final do mandato.

Vótase a urxencia da moción presentada polo Grupo Popular, que é aprobada por unanimidade.

Sr. Iglesias Redondo

A moción que presenta o Grupo Socialista ten como obxectivo impedir que o Goberno do Estado peche o Parador de Turismo de Ferrol, e ademais tamén a conservación dos postos de traballo. Todos sabemos a importancia que ten o Parador Nacional de Turismo nunha cidade que aspira a ser patrimonio da humanidade, dunha cidade que no eixo da comarca tenta defender un Plan estratéxico no ámbito do turismo para atraer, loxicamente, visitantes que poidan coñecer incluso as nosas destrezas co fomento do turismo industrial no que esta Deputación loxicamente tamén participou, e por suposto tamén o esforzo que está a facer tamén a Autoridade Portuaria traendo

cruceiros e que dalgunha maneira está a incidir de maneira positiva na economía dunha cidade que todos coñecemos que está a atravesar unhas dificultades gravísimas debido á crise do sector naval. Por iso presentamos esta moción, a exposición de motivos está ao dispor de todas as señorías, en consecuencia simplemente limitámonos a instar o Goberno do Estado a que non peche o Parador de Turismo de Ferrol e, por tanto, a que tampouco despida o persoal que traballa nel. Moitas grazas.

Sr. Regueira Varela

Evidentemente, coincidimos coa exposición que acaba de facer o portavoz do PSOE. En todo caso, a nós neste tema o que nos importa, por iso imos trasladar varias emendas de engadido a esa moción que acaba de presentar o PSOE, é deixar meridianamente no acordo varios puntos claros. Aquí estamos a falar de emprego, e estamos a falar dunha empresa pública, entón nós cremos que aquí non se pode falar dunha maneira etérea de actividade, de mantemento, postos de traballo, eu creo que a proposta de resolución ten que ser moi clara, ten que ser un acordo claro, sólido e de futuro no que quede meridianamente claro que a empresa de paradores vai seguir sendo unha empresa pública, por tanto, nós as propostas de engadido que lles trasladamos ao Grupo Socialista son a seguintes:

Que a Corporación Provincial da Coruña rexeita a decisión de cerrar o Parador de Turismo da cidade de Ferrol e reclama o seu mantemento, así como dos postos de traballo e do seu persoal.

Segundo, que a Corporación Provincial da Coruña insta á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado a suspensión do plan de axuste de paradores de España, mantendo abertos os paradores galegos durante todo o ano e impedindo o despedimento de traballadores e traballadoras.

Demandar que se adopten medidas para buscar a ocupación hostaleira e un plan de mellora e potenciación dos paradores galegos e reclamar que calquera plan que afecte aos paradores sexa negociado coas organizacións sindicais representativas do sector.

A nós parécenos que xa hai bastante tempo a patronal hostaleira do Estado español ve como un caramelo apetecible os paradores públicos e que, neste caso, o Goberno do Estado o que está é ofrecéndolles ese caramelo en bandexa, de feito, simplemente trasladar o que dixo o ministro Soria, o ministro do Partido Popular, no Senado, dixo unha cousa moi curiosa “non se privatizarán os paradores” pero acto seguido dixo, “ se cadra os paradores non, pero a xestión pode pasar de pública a privada”, home, eu supoño que o que está a dicir aquí o Sr. ministro é que seguramente non se privatice o edificio dos paradores, pero o que está a dicir é que se vai desmantelar do sector público a empresa de paradores.

Nós cremos que o acordo e a moción do PSOE gaña cos engadidos que facemos nós e gaña sobre todo na resolución, que lle dará maior tranquilidade aos profesionais que traballan neses recursos públicos, por tanto, se se aceptan estas emendas que acabo

de ler en voz alta non temos ningún problema en apoiar a moción presentada polo Partido Socialista.

Sr. Presidente

Moi ben, por parte do Grupo Popular, permítanme que sitúe o Grupo. A verdade é que estando de acordo coa parte dispositiva, ou con gran parte da parte dispositiva da moción presentada polo Grupo Socialista, si é certo que, e cabe destacar que o Parador de Turismo, e no caso de Ferrol, que é o que nos atangue a esta provincia, é un símbolo, non só dentro do sector hostaleiro, senón que é un símbolo tamén da cidade, é un símbolo da cidade que ademais ten un enclave privilexiado e que ademais forma parte ineludible desa candidatura, como tamén se dicía aquí, desa candidatura de Ferrol, patrimonio da humanidade. Por tanto, toda a Corporación de Ferrol, da que tamén formo parte eu, e todos os axentes sociais de Ferrol e tamén da comarca, manifestáronse en contra do peche do parador. É certo que as últimas noticias que nos fan chegar, e froito tamén, e tamén lle fixeron chegar na reunión que tivo o alcalde de Ferrol coa presidenta de Paradores, xa non se está expondo, ou xa se avanzou bastante no sentido en que xa non se expón o peche do Parador de Ferrol, que é o que todos queremos e loitamos.

Por tanto, nós apoiamos toda manifestación, ou toda reivindicación, no sentido de que non se pode, e non podemos estar calados se a solución é esa, e desde logo non a imos compartir, e ímolo denunciar, pero segundo parece, iso xa está desbotado. Agora ben, se é necesario, e eu comparto, igual que seguro que fan vostedes en cada un dos seus concellos nos que están a gobernar, que cada un ten que levar as medidas de axuste que crean convenientes, nós o que pedimos, e por iso situámonos así e traemos esta moción, é que o Parador de Ferrol non pode cerrar, primeiro porque os datos que se din non son reais, e hai outros que están en peor situación e, por tanto, o que haberá que facer é tomar as medidas necesarias para garantir a viabilidade dese parador, e haberá que mellorar algunha cousa que seguro que se vai poder mellorar, e apelamos nese sentido a que entre o Comité de Empresa do Parador de Ferrol, e seguro que a Dirección correspondente, pódense mellorar os resultados e facer do Parador de Ferrol un parador viable. Agora ben, sendo iso certo, nós estamos dispostos a apoiar a moción do Grupo Socialista, pero se inclúe as emendas do que presentou o Bloque Nacionalista Galego, teríamos que votala, ou ben por puntos, ou votariamos en contra e votariamos unicamente a nosa moción. Iso é o que quero trasladarlles, e necesito saber se o Grupo Socialista, o Sr. Julio Iglesias acepta esas emendas do Grupo do BNG.

Sr. Iglesias Redondo

O feito de que o Parador Nacional de Turismo siga pertencendo á rede na que nestes momentos está situada, en consecuencia eu penso que o espírito da nosa moción, que insta o Goberno do Estado a que non o cerre e a que manteña os postos de traballo, un pouco vén dicir que se manteña todo no estado actual. Sabemos, como vostede acaba de dicir, que as contas que se pon enriba da mesa non son, efectivamente, capaces de xustificar unha medida tan drástica como é o peche deste Parador, o Parador

de Ferrol é viable, o Parador de Ferrol, coa axuda do Concello de Ferrol, a través das palabras expresadas polo seu alcalde de pór a disposición mesmo os xardíns de San Francisco sabemos que vai optimizar moitísimo os resultados, porque ten unhas eivas que se poden corrixir con novos espazos, pero está claro que o espírito da nosa moción concorda moitísimo co que di o BNG e que manter as cousas neste momento como están, implica ter paradores no campo da empresa pública. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Entendo entón que se aceptan as emendas do Grupo do BNG.

Sr. Regueira Varela

O que preocupa aquí e o que preocupa ao Partido Popular, é que siga sendo unha empresa pública. Aquí todo está encamiñado como sempre a, algo que funciona a nivel público, e que é rendible, porque é rendible economicamente o Parador de Turismo de Ferrol, o que imos facer é regalalo practicamente á patronal hostaleira, precarizar o emprego e facer o chope económico de quenda. Eu creo que aquí o importante é manter ese Parador nunha rede pública, con salarios dignos, con boa atención, e que sexa digno dunha cidade que eu espero que vostede teña éxito na súa concellería, dunha cidade que sexa recoñecida como Patrimonio da Humanidade, pero que non teña un parador precarizado e con traballadores, como se está vendo agora, por desgraza, cuns salarios moi por baixo do que sería digno nunha sociedade avanzada.

Por tanto, eu creo que quedou moi claro que todos queremos que a actividade do Parador continúe, pero uns, vostedes, queren que continúe de calquera xeito, sobre todo mellor se é privado, e nós consideramos que ten que continuar dignamente e desde o público.

Sr. Presidente

A nós o que nos preocupa, igual que a todos, é que o Parador, en primeiro lugar, non se peche, que era a primeira noticia, aí supoño que coincidimos todos, agora que xa temos iso máis ou menos asegurado, o que queremos é buscarlle solucións para que sexa viable, e esa viabilidade teñen que chegar a acordos, como saben vostedes, entre as partes implicadas, desde o concello estamos a pór enriba da mesa todos os recursos que podemos para axudar a esa viabilidade, e como dicía o alcalde de Ares, estou seguro que os xardíns que están a continuación do Parador, nun sitio emblemático de Ferrol, cunha vista cara á ría, cara ao propio Arsenal, é un sitio estupendo que seguro que vai completar de maneira importante a oferta que pode ter este establecemento, e vai axudar á súa viabilidade futura, con iso e con algún axuste que seguro que poden chegar a acordos entre o Comité de Empresa e a propia Dirección, estou seguro que o Parador de Ferrol vai seguir sendo un Parador de referencia e, sobre todo, xa non dentro da rede de Paradores nacionais, senón sobre todo para a nosa cidade, para a nosa comarca e para a nosa provincia.

Vótase a moción do Grupo Socialista coa incorporación das emendas do BNG.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 17 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

A continuación vótase a moción presentada polo Grupo Popular.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)

Votan en contra: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

Apróbase a seguinte moción:

“MOCIÓN NA DEFENSA DO PARADOR DE TURISMO DE FERROL E DO MANTENIMENTO DA SÚA ACTIVIDADE DURANTE TODO O ANO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras as informacións coñecidas en días pasados sobre o posible peche do Parador de Turismo de Ferrol, sito na provincia da Coruña, a preocupación, tanto no que atinxe ao eido laboral como económico e turístico, é crecente, dado que estamos a falar dunha infraestrutura turística singular que mantén a súa actividade ao longo de todo o ano, e que contribúe a fornecer a oferta turística dunha das provincias de España con maior riqueza patrimonial, histórica e etnográfica e que supón para Ferrol e a súa comarca un dos piares principais de reactivación económica e sociocultural que permite que a través do turismo as persoas poidan interactuar directamente con realidades diferentes ás que un acostuma a experimentar, podendo así enriquecer a súa propia cultura e experiencia persoal.

A grave crise económica que todos os sectores da economía están a padecer leva a empresas, administración e a toda a sociedade en xeral, a adoptar medidas de axuste, redimensionamento e aforro do gasto, para procurar unha mellor eficacia e eficiencia na xestión.

Tendo en conta esta máxima, é preciso salientar que o sector turístico é, para unha provincia como A Coruña, un motor que dinamiza a nosa economía, porque permite explotar as potencialidades e singularidades que temos. De aí, que calquera medida que poida prexudicar o avance e promoción da actividade turística, fai que A Coruña se resinta nun dos seus destacados eidos de competitividade, como é o do turismo.

O Grupo Popular na Deputación da Coruña quere amosar a súa fonda preocupación polo posible peche do Parador de Ferrol, e polas consecuencias que esta medida pode traer, tanto no ámbito laboral como económico.

Polo cal, propónse que a comisión informativa de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade ditamine favorablemente a adopción por parte do Pleno dos seguintes:

ACORDOS

1. Instar á sociedade “Paradores de Turismo” e ás administracións competentes a que fagan todos os esforzos posibles para acadar acordos que permitan o mantemento da actividade do Parador de Ferrol, para que a provincia da Coruña poida seguir contando con estas infraestruturas turísticas que supoñen un polo de atracción de visitantes ao longo de todo o ano.

2. Instar a “Paradores de turismo” a que poñan en marcha os cambios necesarios para mellorar a rendibilidade do Parador de Ferrol, co fin de garantir a continuidade da súa actividade económica e turística ao longo de todo o ano.”

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Regueira Varela

No Pleno dos orzamentos pasados vostede manifestou na súa intervención dunha cantidade económica destinada a Equiocio, que vostede dicía que eran 120.000 euros, eu pedíalle que por favor comprobase os datos, simplemente preguntarlle se comprobou os datos, Sr. Presidente.

Sr. Presidente

Non o comprobei, esquecinme, de feito, pero comprobareino. Grazas por ser tan eficaz, Sr. Regueira.

Sr. Leira Piñeiro

Quixera trasladarlle un rogo en canto ao Programa de emprego que se está desenvolvendo nos concellos entre a Deputación provincial conxuntamente coa Xunta de Galicia, e é transmitirlle o resultado operativo que se está desenvolvendo neste momento, ben é certo que é pouco o tempo que levan as brigadas nos concellos, pero si xa hai un dato que é significativo canto a esta operatividade, a cal nos gustaría que se revisase e que se tomase en conta para futuros plans. Dicar que as brigadas que están a facer as actuacións ao aire libre neste momento, en condicións meteorolóxicas adversas, entendemos que sería tamén máis produtivo poder facer estas actuacións en obras de interior, no sentido de alcanzar unha maior produtividade e mesmo poder trasladar tamén a época a outras épocas do ano, encamiñadas a que fose na primavera-

verán, sobre todo para optimizar os recursos dos concellos, entendemos que esa podía ser unha medida moi aproveitable para optimizar estes recursos.

O problema xorde nos concellos que solicitaron obras en interior, cando estas actuacións que foron denegadas ao non cumprir os requisitos, xa que as brigadas adscritas a este programa non poden executar ningunha obra que nese momento os concellos non puideron meter no seu programa, e que por motivos de época do ano, por motivos climatolóxicos, precisamente entendemos que é unha actuación que queda moi hermética á hora de que os concellos poidan desenvolver o seu labor. Por iso estas actuacións entendemos que deberían ser, por unha banda máis flexibles, e deberíanse de contemplar a execución de obras nas que os traballadores do concello fosen reforzados e mesmo asistidos por estas brigadas, e ao mesmo tempo así se puidesen realizar traballos de apoio nas distintas obras municipais que se están levando a cabo nos distintos concellos, é dicir, actuacións que sirvan, en resumidas contas de apoio ás propias brigadas municipais de cada concello. De non ser posible desenvolver o programa nestes termos tamén o que pedimos, ou polo menos rogamos, é que se mida a posibilidade de convocar axudas de concorrência competitiva para contratar a persoas desempregadas por parte dos propios concellos para a execución de obras ou servizos de interese xeral, tal e como estaban ademais ata agora en anos anteriores. Por tanto, o que si pedimos, aínda que si que é real que queda tempo para facer máis concretamente o que queda de actuacións por parte destas brigadas, que si se tome en conta este rogo para futuros anos e poder optimizar precisamente o recurso destas brigadas en cada concello. Moitas grazas.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e vinte minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.